



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 26 de xaneiro de 2024

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D. Angel Rivas González
D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e seis minutos do día vinte e seis de xaneiro de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(26).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 19 de xaneiro de 2024. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(27).-PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE MANTEMENTO DOS SERVIDORES CENTRAIS DO CPD DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 10281/113.

Visto o informe xurídico do 11/01/2024 e o informe de fiscalización do 17/01/2024, dáse conta do informe-proposta de data 03/01/2024, asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica, e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Legislación aplicable

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- RD Lex. 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local.
- RD Lex. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

Antecedentes

O Contrato do servizo de mantemento dos servidores centrais do CPD do Concello de Vigo (expte. 9070/113), adxudicouse por Acordo da Xunta de Goberno Local de 25 de febreiro de 2021, á empresa ECONOCOM SERVICIOS, S.A. por un prezo de 30.000,00 euros anuais (sendo o importe correspondente ao IVE de 5.206,61 euros anuais).

O contrato formalizouse en data 30/03/2021, entrou en vigor o 01/04/2021 rematando o 31/03/2022.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 24/02/2022 e rectificación de erros de data 17/03/2022, autorízase a primeira prórroga do contrato polo período dun ano, do 01/04/2022 ao 31/03/2023, por importe de 30.000,00 euros anuais (sendo o importe correspondente ao IVE de 5.206,61 euros anuais).

Así mesmo, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 26/01/2023 autorízase a segunda prórroga do contrato polo período dun ano, do 01/04/2023 ao 31/03/2024, por importe de 30.000,00 euros anuais (sendo o importe correspondente ao IVE de 5.206,61 euros anuais).

Consta no expediente resolución da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, de data 2 de xaneiro de 2024, dispoñendo se proceda a instruír a terceira prórroga do contrato por ser necesario continuar ca prestación do servizo da empresa contratada.

Fundamentos

1. O artigo 29 da LCSP dispón, no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, e que a prórroga será acordada polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos dous meses antes do prazo de duración do contrato, salvo que no prego do contrato se estableza un maior.
No apartado 4 do mesmo artigo, establécese que os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de 5 anos, incluíndo as prórrogas, salvo que se trate dalgunha das excepcións recollidas nese apartado.
2. Neste contrato resulta que:
 - Na cláusula 7 "Prazo", do PCAP, figura que *"Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato"*.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

- No apartado 4.C das FEC indícase: *“Prórroga do contrato e en caso afirmativo, duración: si, catro prórrogas dun ano de duración cada unha”*.
 - Prorrógase segundo os conceptos e importes dos exercicios 2021 a 2023.
 - No apartado 11 das FEC, sobre o réxime de pagamento, indícase que:
“Dado que o tipo de contrato e de mantemento de equipamento segundo ás necesidades as cantidades a aboar en función do parque de equipos a cubrir faranse efectivas de xeito mensual, segundo ós equipos cubertos, podendo agruparse as facturas trimestralmente”.
3. Prezo da prórroga:
O prezo total da prórroga ascende a 30.000,00 euros, dos cales 5.206,61 € corresponden ao IVE.
4. Financiamento:
A prórroga financiarase con cargo á aplicación orzamentaria: 9207.2279900 (Mantemento Hardware e Sist. Almacenamento).
5. A empresa *ECONOCOM SERVICIOS, S.A.*, no transcurso do período contractual desenvolveu os traballos de acordo cos criterios marcados no prego de condicións técnicas e tamén coa súa oferta polo que se considera que o servizo se prestou de xeito satisfactorio.
Precísase tramitar esta prórroga debido á necesidade de continuar co servizo mantemento dos servidores centrais do Centro de Proceso de Datos (CPD) do Concello de Vigo.
A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, posto que é continuación dun servizo que se ven desenvolvendo con anterioridade e polo tanto encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3: "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias: a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos."
6. O expediente de prórroga do contrato iníciase polo órgano de contratación, estando delegada no Concello de Vigo polo acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño do 2023 de delegación de competencias nos concelleiros delegados da Área. A tal fin, consta no expediente resolución da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, de data 2 de xaneiro de 2024, autorizando o inicio de este expediente da terceira prórroga do contrato.
7. Deberá incorporarse ao expediente de prórroga o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención Xeral nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.
8. A competencia para a resolución do presente expediente e aprobación do gasto correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación de conformidade ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público.

Á vista do exposto, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, previos informes xurídico e da Intervención Xeral, coas conformidades da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal mailo Concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- 1.- Acordar a TERCEIRA PRÓRROGA DO SERVIZO DE MANTEMENTO DOS SERVIDORES CENTRAIS DO CPD DO CONCELLO DE VIGO (EXPTE 9070-113) polo período dun ano, do 1 de abril de 2024 ao 31 de marzo de 2025, polo importe total de 30.000,00 € IVE incluído.
- 2.- Autorizar o gasto de **30.000,00 euros** (IVE incluído) que representa a prórroga, con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e exercicio:

<i>Partida</i>	<i>Exercicio</i>	<i>IVE</i>	<i>Base</i>	<i>Importe total</i>
9207.2279900 (Mantemento Hardware e Sist. Almacenamento)	2024	5.206,61 €	24.793,39 €	30.000,00 €
Total exercicio 2023				30.000,00 €

3.- Notificar este acordo ao contratista, con indicación de que contra el caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98).

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(28).-DAR CONTA DAS MODIFICACIÓNS DO CONTRATO “SERVIZO INTEGRAL DE COMUNICACIÓNS DO CONCELLO DE VIGO” E PROPOSTA DE REGULARIZACIÓN DO CUSTO DO MESMO. EXPTE. 8685/113.

Visto o informe xurídico do 15/01/2024 e o informe de fiscalización do 17/01/2024, dáse conta do informe-proposta de data 10/01/2024, asinado polo técnico responsable de Seguridade Informática, o xefe do Servizo de Administración Electrónica e conformado pola concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Procedemento aberto de contratación do servizo integral de comunicacións do Concello de Vigo (expte 8685-113): Dación de conta das modificacións e regularización.

Unha vez finalizado o cuarto ano do contrato do Servizo integral de Comunicacións do Concello de Vigo, entre o 1 de xullo de 2022 e o 30 de xuño de 2023 procede dar conta a Xunta de Goberno Local das modificacións aprobadas, así como propoñer a regularización económica correspondente ao citado período. O contrato iniciouse o 1/7/2019 e tendo unha duración prevista de 4 anos con opción a 1 ano de prórroga, que estase a executar na actualidade con ocasión do expediente 10039/113.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

1. Antecedentes. Modificacións aprobadas ao amparo da cláusula 15 das FEC do prego de cláusulas administrativas aprobadas con data 23/03/2019

Segundo a cláusula 15 das FEC pertencentes o PPS que rexe o presente contrato, reproducida a continuación, achéganse as modificacións aprobadas pola Concelleira Delegada de Administración Electrónica durante o período 01/07/2022 a 30/06/2023.

“15. MODIFICACIÓN DO CONTRATO

- A) **ESTÁ PREVISTA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO:** si
B) **ASPECTOS A MODIFICAR:**

- Incorporación de novos servizos de telecomunicación.
- O número e dimensión dos servizos unitarios contratados.

C) **CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN:**

- A variación do número de sedes ou instalacións municipais.
- Variación do consumo total de chamadas de voz contratado igual ou superior o 10%, tanto por exceso como por defecto, respecto ó estimado na oferta.
- Variación do número de SMS consumidos respecto o estimado na oferta.
- Incorporación de novos servizos respecto os solicitados no prego ben por modificación das necesidades municipais ou ben pola aparición de novas tecnoloxías durante a vixencia do contrato que non estivesen dispoñibles no momento da contratación e que o Concello de Vigo necesite para os seus fins.
- Altas ou baixas dos servizos unitarios contratados por variación das necesidades municipais.
- Situacións de urxencia que poidan requirir necesidades adicionais de servizos.

D) **LIMITES DA MODIFICACIÓN:** 20% do prezo do contrato

E) **ESPECIALIDADES, NO SEU CASO, DO PROCEDIMENTO DE MODIFICACIÓN:**

As modificacións acordadas terán, no seu caso, a correspondente repercusión, en máis ou en menos sobre o prezo do contrato, que se calculará atendendo ós prezos unitarios ofertados polo contratista e que serviron de base para a adxudicación.

O aboamento dos custos das modificacións aprobadas realizarase mediante as regularizacións anuais previstas.

Debido o dinamismo das necesidades do Concello de Vigo, as modificacións aprobaranse por resolución do concelleiro delegado e darase conta das mesmas a Xunta de Goberno en informes con carácter como mínimo anual. “

Os custos do contrato están divididos en custos fixos, que son os custos coñecidos a priori dos servizos, tales como altas, cotas, mantementos, tarifas planas etc e os custos variables que son os custos descoñecidos previamente, e que son fundamentalmente as chamadas voz e mensaxes (SMS). A alta dun servizo inclúe os dous tipos de custos, fixo e variable. A continuación detállanse o listado de modificacións aprobadas cos custos fixos anuais estimados nas circunstancias que posibilitan a modificación segundo a cláusula 15 das FEC.

Listado de modificacións (altas) aprobadas entre o 1 de xullo de 2022 e o 30 de xuño de 2023 que afectan os custos de tipo fixo:

EXPEDIENTE	SERVIZO	CONCEPTO	CUSTOS FIXOS ANUAIS SEN IVE
1/215	POLICÍA LOCAL	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	416,40
106/2120	POLICÍA LOCAL	Duplicado tarxetas SIM vehículos (17)	1.020,00
126/2120	POLICÍA LOCAL	Ampliación datos tarxetas SIM vehículos (17)	5.100,00
1133/214	SERVIZO PROTECCIÓN CIVIL	Alta móvil básico (4)	160,00
1412/613	ESCOLA M. DE ARTES E OFICIOS	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	416,40
5469/611	DEPORTES	Conexión servizo voz+datos pabillón Quirós	2.903,04
7287/337	MUSEO MUNICIPAL DE VIGO "QUIÑONES DE LEÓN"	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	416,40
7364/440	ÁREA DE SERVIZOS XERAIS	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	416,40
7653/440	ÁREA DE SERVIZOS XERAIS	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar (2)	832,80
9939/113	ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA	Ampliación portos fibra óptica rede local concello	4.581,30
10055/113	ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA	Tarxetas SIM HALO	192,00
10854/307	PATRIMONIO HISTÓRICO	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	416,40
19133/101	ALCALDÍA	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	416,40
19668/77	DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO	Alta móvil básico	40,00
26333/332	SERVIZO DE EDUCACIÓN	Alta móvil básico	40,00
40277/220	ÁREA DE RRHH E FORMACIÓN	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar (2)	832,80
42126/220	ÁREA DE RRHH E FORMACIÓN	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	416,40
52531/444	ELECTROMECAÑICOS	Tarxetas SIM 100 mb (5)	240,00
52556/444	ELECTROMECAÑICOS E AFORRO ENERXÉTICO	Tarxetas SIM xestión centros mando iluminación públ. (5)	240,00
52733/444	ELECTROMECAÑICOS E AFORRO ENERXÉTICO	Tarxetas SIM xestión centros mando iluminación públ. (5)	240,00
52809/444	ELECTROMECAÑICOS E AFORRO ENERXÉTICO	Tarxetas SIM xestión centros mando iluminación públ. (6)	288,00
52865/444	ELECTROMECAÑICOS E AFORRO ENERXÉTICO	Tarxetas SIM xestión centros mando iluminación públ. (32)	1.536,00
82836/212	POLICÍA LOCAL	Alta liñas datos Tablets (4)	897,60
83022/212	RELACIONES CIUDADANAS POLICÍA LOCAL	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	416,40
83062/212	POLICÍA LOCAL	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	416,40
89874/250	VÍAS E OBRAS	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	416,40
129726/210	ÁREA DE SEGURIDADE	Ampliación datos tarxeta SIM rede semafórica	130,68
237514/301	CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL - XEFATURA DE ÁREA	Alta móvil básico	40,00
247396/301	BENESTAR SOCIAL	Alta móvil básico	40,00
247902/301	BENESTAR SOCIAL	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	416,40
250631/301	BENESTAR SOCIAL	Tarxeta SIM datos para tablet+tarifa plana estándar	296,40
250796/301	BENESTAR SOCIAL	Tarxeta SIM datos para tablet+tarifa plana estándar (28)	8.299,20
10145/113	CORPORACIÓN GRUPOS POLÍTICOS	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar (7)	2.914,80
251288/301	BENESTAR SOCIAL	Alta móvil básico	40,00
11219/307	PATRIMONIO HISTÓRICO	Museo do Castro.Internet fibra acceso simétrico 300 Mb	472,56



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

EXPEDIENTE	SERVIZO	CONCEPTO	CUSTOS FIXOS ANUAIS SEN IVE
50463/446	MONTES, PARQUES E XARDÍNS	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	416,40
4269/449	TRANSPORTES	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	416,40
TOTAL			36790,38

Por outro lado, a continuación relaciónanse as baixas de servizos durante o cuarto ano do contrato coa estimación dos custos anuais fixos correspondentes:

BAIXAS	unidades	Custo FIXO unitario anual sen ive	COSTE ANUAL sen IVE
smartphones(tarifa datos)	14,00	192,00	2.688,00
smartphones (tarifa datos 12)	7,00	300,00	2.100,00
Móviles básicos	13,00	0,00	0,00
SEDE tipo A	0,00	3.469,20	0,00
Liñas RTB	3	161,28	483,84
Liñas ADSL	5	326,16	1.630,80
Total			6.902,64

O total estimado anual sen IVE dos custes debidos as modificacións para os **custos fixos** é a diferenza entre as altas aprobadas e as baixas, e supón a cantidade de **29.887,74 €**. Esta é unha estimación anualizada, xa que na realidade as altas e baixas se prorratean desde a súa data efectiva, polo que non coincide exactamente coa regularización real.

No tocante os custos dos **servizos variables**, é dicir, chamadas de voz e SMS, non procede realizar regularización xa que o licitador ofertou na súa proposta unha tarifa plana xa engadida nos custos fixos e polo tanto os custos variables son 0.

		Proposta Telefónica		
		Custo base	IVE	TOTAL
CVF1.2 Custos Fixos		431.522,25 €	90.619,67 €	522.141,92 €
CVF1.1 Custos de consumo variables	Total chamadas voz	0 €	0 €	0 €
	Total SMS	0 €	0 €	0 €
Suma totais		431.522,25 €	90.619,67 €	522.141,92 €

O total estimado das modificacións aprobadas é a suma das modificacións dos custos fixos aprobados **29.887,74 (€)** e dos custos variables **0 (€)** resultando unha cantidade de **29.887,74 € sen IVE**, que supón un **6,93 %** do prezo da oferta **anual 431.522,25 € (sen IVE)**.

Resumo das modificacións.

Regularización	Total € (SEN IVE) custos modificacións aprobadas	Porcentaxe da modificación sobre 1 ano do contrato	Porcentaxe da modificación sobre o total dos 4 anos do contrato
2019-2020	23.524,84	5,45%	1,36%
2020-2021	11.477,11	2,66%	0,66%
2021-2022	9.741,76	2,26%	0,56%
2022-2023	29.887,74	6,93 %	1,73 %

O total das modificacións nos catro primeiros anos de contrato representa un 4,31 %, inferior ao 20% máximo de modificacións previstas no PPS. Esta é unha estimación anualizada.

2. Proposta de regularización económica

Segundo a cláusula 11 das FEC do PPS, sobre réxime de pagamento:

“11.RÉXIME DE PAGAMENTO:

O contrato aboarase por mensualidades fixas concertadas calculadas a partires da división entre 12 meses do importe anual da adxudicación, incluíndo o IVE correspondente.

O adxudicatario presentará anualmente un informe dos custos reais do servizo do ano anterior, de forma que queden reflectidas todas as posibles variacións producidas polas modificacións realizadas no contrato nese intervalo de tempo. O informe deberá incluír unha proposta de regularización dos importes aboados. O adxudicatario deberá presentar o informe de regularización nun prazo máximo de 90 días despois da finalización de cada ano de contrato.

A proposta de regularización incluírá separadamente os consumos reais de tipo variable e os custos fixos dos servizos.

Este informe, unha vez validado e comprobado polo responsable municipal do contrato, xerará un expediente de proposta de regularización que se someterá a aprobación da Xunta de Goberno Local e que, segundo o caso, poderá supoñer un aboamento ou reintegro das cantidades regularizadas nun pago único.

O Concello resérvase a opción de solicitar o informe de regularización e proceder o trámite da mesma se o cre preciso por mor do volume ou natureza das modificacións realizadas.

Durante o período de transición os pagamentos terán en conta as condicións sobre a regulación do procedemento de cambio de operador do apartado 5.4 do PPT.”

O custo anual do contrato ofertado polo adxudicatario, que contén un custo fixo e outro variable, ascendeu a **522.141,92** euros (IVE incluído), o que supuxo unha facturación mensual de **43.511,83** euros para os catro primeiros anos do contrato.

Segundo a proposta de regularización anual de data 8 de xaneiro de 2024 con número de documento 240006085 realizada polo adxudicatario e anexada o expediente, e unha vez realizados os análises e comprobación da facturación, por parte do servizo de Administración Electrónica, resulta a seguinte regularización para o Concello de Vigo:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

Segundo os custos sexan fixos ou variables (importes sen IVE)

	Importe ANUAL oferta inicial – importe ABONADO	Importe real 1º ano	Importe real 2º ano	Importe real 3º ano	Importe real 4º ano	Diferenza 4º ano importe real– importe abonado
Custos Fixos	431.522,25	445.912,26	446.427,62	443.032,22	464.855,70	33.333,45
Custos variables (chamadas voz)	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Custos variables (SMS)	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Total	431.522,25	445.912,26	446.427,62	443.032,22	464.855,70	33.333,45

En resume:

	Custo anual		
Facturación concertada abonada total 2022-23	431.522,25 €		
Custo real 2022-23	464.855,70 €	IVE 21%	Total Regularización
Diferencia	33.333,45 €	7.000,02 €	40.333,47 €

A diferenza das modificacións aprobadas (**29.887,74 €**) e a regularización real (**33.333,45 €**), **datos sen IVE**, débese a estimación anualizada das altas e baixas fronte ao prorrateo real segundo a data efectiva das súas realizacións.

A continuación achéganse as porcentaxes de modificación do contrato debidas á **regularización real**

Regularización	Total € (SEN IVE) custos reais	Porcentaxe da modificación sobre 1 ano do contrato	Porcentaxe da modificación sobre o total dos 4 anos do contrato
2019-2020	14.390,01 €	3,33 %	0,83 %
2020-2021	14.905,37 €	3,45 %	0,86 %
2021-2022	11.509,97 €	2,67 %	0,67 %
2022-2023	33.333,45 €	7,72 %	1,93 %
Acumulado 2019-2023			4,29 %

A porcentaxe da modificación real do cuarto ano de contrato supón 7,72 % sobre o custo total do cuarto ano de contrato e dun 1,93 % do importe total dos 4 anos. O acumulado nos catro primeiros anos e do **4,29 %** inferior o total das modificacións máximas permitidas do 20%.

A empresa adxudicataria, UTE Telefónica de España S.A.U - Telefónica Móviles España S.A.U. - Telefónica IoT & Big Data Tech, S.A.U. (CIF: U86740305) é conforme coa regulari-

zación por un importe total de **40.333,47 €**, (**33.333,45 € + 7.000,02 € correspondente o IVE 21%**) segundo a citada proposta de regularización que se anexa ao expediente.

Por todo o exposto, no uso da competencia que me atribúe o artigo 127.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e en virtude das resolucións da Alcaldía de datas 19.06.2023 e 20.06.2023, así como dos acordos da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023 e 28/07/2023, proponse á Xunta de Goberno Local, previo informe de Intervención, a adopción do seguinte:

ACORDO

1. A Xunta de Goberno Local dáse por enterada das modificacións aprobadas pola concelleira delegada de Administración Electrónica con relación ao contrato “Servizo integral de comunicacións do Concello de Vigo” entre o 01/07/2022 e o 30/06/2023, por unha cantidade anualizada de **29.887,74 € sen IVE**
2. Aprobar a regularización do custo do contrato do “Servizo integral de comunicacións do concello de Vigo” entre as datas 01/07/2022 e o 30/06/2023, da que deriva un gasto adicional para o Concello por importe de **40.333,47 €, IVE 21% xa incluído**. Este importe supón o 7,72 % sobre o custo total do cuarto ano de contrato e do 1,93 % do importe total do contrato.
3. Autorizar o gasto e recoñecer a obriga de pagamento nunha factura única por un total de **40.333,47 €** (base imponible 33.333,45 €, tipo IVE 21%, importe IVE 7.000,02 €) a prol da empresa adjudicataria UTE Telefónica de España S.A.U - Telefónica Móviles España S.A.U. - Telefónica IoT & Big Data Tech, S.A.U. (CIF: U86740305) que se imputará á aplicación orzamentaria 9220.2220000 “gastos telefónicos dependencias municipais”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(29).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE SOPORTE E MANTEMENTO DA REDE WIFI MUNICIPAL. EXPTE. 10206/113.

Visto o informe xurídico do 16/01/2024 e o informe de fiscalización do 23/01/2024, dáse conta do informe-proposta de data 16/01/2024, asinado polo técnico responsable de Seguridade Informática, o xefe do Servizo de Administración Electrónica, e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 03/10/2023 o Técnico Responsable de Seguridade Informática e o Xefe de servizo de Administración Electrónica, iniciaron o expediente coa finalidade da contratación do servizo de soporte e mantemento da rede wifi municipal.

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Técnico Responsable de Seguridade Informática e o Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 03/10/2023 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 04/10/2023 asinado polo Técnico Responsable de Seguridade Informática e polo Xefe do servizo de Administración Electrónica.
- Memoria económica do contrato de data 16/10/2023, asinada polo Técnico Responsable de Seguridade Informática e o Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da área de Orzamentos e Facenda de data 17/10/2023.
- Memoria xustificativa do contrato de data 05/01/2024, asinada polo Técnico Responsable de Seguridade Informática e polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 08/01/2024.
- Informe da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 09/01/2024, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato co conforme da s da mesma data.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 09/01/2024.
- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 15/01/2024 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciarase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos

previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada polo Decreto da Alcaldía de data 19 de xuño do 2023 de estrutura das áreas, que se completa coa Resolución da Alcaldía do 20 de xuño do 2023 de delegación de competencias e Acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023 de delegación de competencias. A concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal mediante resolución de data 03/10/2023 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 17 da LCSP, tramítase como un contrato de servizos.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é aberto simplificado e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 e 131 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado e ordinario coa finalidade de realizar a contratación do servizo de soporte e mantemento da rede wifi municipal, no que constan:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Técnico Responsable de Seguridade Informática e o Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 03/10/2023 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 04/10/2023 asinado polo Técnico Responsable de Seguridade Informática e polo Xefe do servizo de Administración Electrónica.
- Memoria económica do contrato de data 16/10/2023, asinada polo Técnico Responsable de Seguridade Informática e o Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da área de Orzamentos e Facenda de data 17/10/2023.
- Memoria xustificativa do contrato de data 05/01/2024, asinada polo Técnico Responsable de Seguridade Informática e polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 08/01/2024.
- Informe da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 09/01/2024, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato co conforme da s da mesma data.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 09/01/2024.
- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 15/01/2024 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de **45.162,00 €**, que inclúe un I.V.E. de **7.837,03 €**, dende o 1 de febreiro de 2024, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

exercicio	concepto	Partida/Proxecto	Base	IVE	Total
2024	Mantemento Hardware e sistemas almacenamento	9207.2279900	37.323,97 €	7.838,03 €	45.162,00 €

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(30).-DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDEMENTOS. EXPTE. 16666/111.

Dáse conta do informe-proposta de data 19/01/2024, asinado pola letrada-titular de Asesoría Xurídica e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

A) RESOLUCIÓNS DITADAS NA ORDE XURISDICCIONAL CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA

1.- Contencioso

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación presunta de reclamación (Bombeiros). Atrasos por horas extras e dano moral por anulación do Decreto de 06/02/2019

Contía: Indeterminada

Ref. Asesoría Xurídica	Núm. Recurso Apelación	Núm. Sentenza	Data Sentenza	Procedemento de orixe
15860/111	241/2023	793	02/11/2023	PO nº 241/2020 XC-A nº 1 Vigo
15937/111	279/2023	838	14/11/2023	PO nº 325/2020 XC-A nº 1 Vigo
15249/111	59/2023	839	14/11/2023	PO nº 194/2020 XC-A nº 1 Vigo

Estas sentenzas, que non son firmes pero contra as que só é posible interpoñer recurso de casación, inadmiten os recursos por razón da contía, conforme á alegación que se fixo valer pola representación do Concello.

Trátase dos segundos recursos de apelación promovidos polos demandantes, funcionarios do SPEIS, contra as sentenzas do XCA 1 de Vigo, e que forman parte dunha relación de máis de medio cento de recursos conexos, resoltos polo XCA 1 e 2 de Vigo.

A Sala do TSXG considera, con respecto á contía, que a condena non superaría os 30.000 euros, en concepto de diferencias de cantidade con relación ao abono das gratificacións por servizos extraordinarios, atendendo ao resultado estimatorio parcial da sentenza que apelou (STS 8/6/2020).

Canto á reclamación de responsabilidade patrimonial, por importe de 25.000 euros, a Sala resolveu que ao non declararse a inadmisibilidade do recurso contencioso nese aspecto na resolución de instancia, entende que o recurso de apelación é igualmente inadmisibile, ao non exceder a reclamación por dano moral de 30.000 euros.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

A Área de Recursos Humanos e a de Seguridade, xunto coa Xefatura do SPEIS deben coñecer do resolto.

2.- Contencioso. Expediente nº 16223/111

Decreto nº 27 do 26 de outubro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 274/2023

Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares

Obxecto: Inactividade do Concello de Vigo referente á solicitude presentada o 10/03/2023, na que interesaba información que tiña por obxecto coñecer e entender a composición da nómina dos traballadores do Servizo de Bombeiros

Expte(s): 42983/220

Esta resolución, firme, acorda a desistencia da parte demandante.

O sindicato CUT accionaba por medio deste procedemento contra unha inactividade municipal referida á solicitude presentada na que pretendía información sobre a conformación e conceptos das nóminas.

A área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto.

3.- Contencioso. Expediente nº 15664/111

Sentenza nº 242 do 9 de novembro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 88/2023

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Inactividade do Concello de Vigo en reclamación de cantidades salariais correspondentes ás pausas durante o traballo diario por considerarse como tempo de traballo

Expte(s): 41988/220

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, firme por contía, desestima o recurso interposto polo demandante (funcionario do SPEIS) e considera que o tempo de descanso durante a xornada de 24 horas dos bombeiros figura retribuído.

O actor consideraba que a pausa á que ten dereito durante a xornada de traballo, non se remuneraba. A pesares da defectuosa formulación da pretensión, na sentenza se examina que mesmo considerando como pretensión unha condena ao abono dunha cantidade, e aplicando o regulamento do servizo de bombeiros, esas pausas, se remuneran de maneira efectiva. Ao insertarse esas pausas dentro da xornada, significa que xa se retribúen.

A área de RRHH e Formación, de Seguridade e a Xefatura do SPEIS deben coñecer do resolto.

4.- Contencioso. Expediente nº 15346/111

Sentenza nº 852 do 22 de novembro de 2023

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 99/2023

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Desestimación presunta da reclamación do 27-1-2021. Complemento retributivo por desempeño de funcións de categoría superior, SPEIS.

Expte(s): 38238/220
Contía: Indeterminada

Esta sentenza desestima o recurso de apelación interposto pola representación do Concello contra a sentenza que recoñece o dereito do demandante (funcionario do SPEIS) a percibir o complemento de destino e o específico dun posto de sarxento, nos catro anos anteriores á data da reclamación, ata a finalización da situación que se produce no SPEIS.

A resolución recolle os antecedentes, por canto este funcionario -cabo-, dende o ano 1999 realiza funcións de sarxento de modo frecuente, sendo ininterrompidas as funcións de sarxento dende o ano 2016.

Percibía en concepto de produtividade as cantidades pola realización desas funcións, en virtude da extensión de efectos dunha sentenza do XCA nº 1 de Vigo do 24/5/2005, reclamando os complementos neste preito porque dende o ano 2016 as funcións de sarxento as realiza de forma permanente.

A sentenza desestima os motivos do recurso de apelación interposto e considera aplicable o principio de igualdade retributiva ao acreditarse a identidade funcional plena. Para isto entende que ningunha das alegacións pode prosperar porque a base probatoria é unha certificación do propio Concello, asinada pola xefa da área de recursos e formación do Concello de Vigo, por delegación da secretaria de goberno local, que se apoia no informe do xefe de servizo de bombeiros (sic), no que consta que no período do 2008-2015 o demandante na instancia realizou funcións de sarxento durante cinco meses cada ano, e dende o ano 2016 desenvolve funcións de sarxento todo o ano.

A sentenza non é firme, pero só cabe contra a mesma a interposición de recurso de casación. Tendo en conta que a valoración do Tribunal é con respecto a ese documento probatorio, e esas cuestións de feito se exclúen (art. 87 bis LXCA), pódese considerar firme pola imposibilidade de recorrer.

A Área de RRHH e Formación, a de Seguridade e a xefatura do SPEIS deben coñecer do resolt.

Procedemento de orixe:
RC-A nº 32/2022 PA XC-A nº 1 Vigo, Sentenza nº 309 de 16/11/2022, estimatoria parcial, comunicada na sesión da XGL do 16/12/2022

5.- Contencioso. Expediente nº 16372/111
Sentenza nº 288 do 29 de novembro de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 301/2023

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: Inactividade do Concello de Vigo no referente á solicitude do pagamento de completo de produtividade pola actividade desenvolvida nos anos 2019, 2020 e 2021, funcións de superior categoría como cabo xefe de extinción de incendios e sarxento xefe parque de extinción de incendios.
Expte(s): 38675/220

A sentenza, que é firme, estima o recurso interposto contra a desestimación presunta da solicitude do interesado e declara o dereito do demandante a que se lle abone o complemento de pro-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

ductividade pola actividade extraordinaria realizada nos anos 2019, 2020 e 2021 condenando ao Concello a facer efectivas as cantidades que correspondan por este concepto incrementadas cos xuros.

Impón as custas procesais á parte demandada ata a cifra máxima de 200 euros.

Debe coñecer o resolto o departamento de RRHH e Formación.

6.- Contencioso. Expediente nº 15748/111

Sentenza nº 837 do 14 de novembro de 2023

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 239/2023

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Resolución do Concello de Vigo de 10/11/2022 desestimatoria do recurso de reposición formulado contra outra do 29/09/2022 que desestimou a solicitude de declaración de excedencia no sector público, praza policía local, EOP 2017-2018-2019 pola quenda de mobilidade horizontal.

Expte(s): 40821/220

Contía: Indeterminada

A sentenza do TSXG desestima o recurso de apelación interposto polo Concello ao considerar que o policía local que superou o proceso de mobilidade horizontal ten dereito a optar pola praza de orixe ou pola nova obtida; por aplicación do artigo 10 da Lei de Incompatibilidades e sen que a reforma pola Lei 18/2021, de 27 de decembro de medidas fiscais e administrativas da Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais sexa de aplicación al caso analizado, por razón de vixencia temporal.

Debe coñecer e executar o resolto o departamento de RRHH

Procedemento de orixe:

RC-A nº 356/2022 PA XC-A nº 1 Vigo, estimatoria

7.- Contencioso. Expediente nº 15641/111

Sentenza nº 840 do 14 de novembro de 2023

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 209/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución ditada pola Concelleira Delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal do Concello de Vigo o 27/09/2022, desestimatoria da solicitude de declaración de excedencia por prestación de servizos no sector público.

Expte(s): 40799/220

Contía: Indeterminada

Sentenza do TSXG pola que se estima o recurso de apelación interposto polo recorrente, candidato seleccionado a un posto da Policía Local convocado polo Concello de Vigo por mobilidade horizontal mediante provisión de postos de traballo, contra a sentenza do xulgado do contencioso administrativo núm. 2 de Vigo do 20 de febreiro de 2023 pola que se desestimou as súa pretensión consistente en entrar en excedencia automática no Concello de Vigo sen previa toma de posesión, para seguir prestando servizos no Concello de orixe no que xa é funcionario de carreira.

O Concello de Vigo defende que non é posible entrar en excedencia sen previa toma de posesión; e a toma de posesión esixe a presentación polo candidato da declaración correspondente á situación administrativa do seu Concello de Orixe que acredite a incompatibilidade de ámbolos dous postos, ao abeiro do establecido polos arts. 84 do TREBEP, art. 170 da LEPG e 43.6 e 7 da lei de coordinación de policía locais de Galicia.

O TSXG estima o recurso presentado polo recorrente por canto entende que o dereito subxectivo do recorrente a optar por unha ou outra praza deriva do art. 10 da Lei de incompatibilidades, normativa legal que ten carácter básico e como tal non admitiría medida en contrario por ningunha outra disposición estatal ou autonómica ao non terse establecido excepción ou condicionante ao exercicio deste dereito de opción.

Contra esta sentenza cabe interpoñer recurso de casación ante o TS.

Darase traslado desta resolución ao servizo municipal de RRHH.

Procedemento de orixe:

RC-A nº 304/2022 PA XC-A nº 2 Vigo, Sentenza nº 45 de 20/02/2023, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 20/04/2023

8.- Contencioso. Expediente nº 16045/111

Sentenza nº 819 do 14 de novembro de 2023

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 338/2023

Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares

Obxecto: Acordo da XGL do Concello de Vigo adoptado na sesión do 29/09/2022, desestimatorio do recurso de reposición formulado contra outro do 18/08/2022, que aprobou os criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das OEP.

Expte(s): 36685/220

Contía: Indeterminada

A sentenza que se comunica non é firme, pero contra a mesma só cabe a interposición de recurso de casación, desestima o recurso de apelación interposto polo sindicato CCOO e lle impón as custas do procedemento.

O obxecto de recurso é a resolución desestimatoria do recurso de reposición que presentara contra a resolución que aprobou os criterios de xestión das listas de reserva.

Toma esta resolución como motivos desestimatorios os alegados pola representación do Concello no proceso de instancia e neste mesmo de apelación. A sentenza reprocha que o sindicato apelante nin presentou no seu momento alegacións, nin tampouco fixo achegas.

Motiva a sentenza do TSXG que os criterios de xestión das listas de reserva non se regulan en norma algunha, polo que acordalos mediante unha resolución é correcto dende o punto de vista xurídico. Igualmente considera que a aprobación de tales criterios é un mandato derivado da Lei 20/2021 e que os períodos establecidos de tempo de agarda nos supostos controvertidos pola parte apelante non son desproporcionados nin arbitrarios.

Finalmente, tampouco considera que se produza unha situación desfavorable ao persoal municipal, posto que nos criterios se establece expresamente que se lle ofrecerá a praza de categoría



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

superior. Cuestión distinta é a limitación do art. 89.2 do TREBEP, contido legal que evita un "efecto multiplicador do emprego público temporal".

Considera, en definitiva que os criterios se axustan ao ordenamento xurídico porque supoñen unha concreción de previsións legalmente establecidas e non supoñen alteración sobre os preexistentes, que o sindicato apelante non impugnara no seu momento.

A área de RRHH e formación debe coñecer do resolto.

Procedemento de orixe:

RC-A nº 330/2022 PA XC-A nº 2 Vigo, Sentenza nº 153 de 06/06/2023, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 28/07/2023

9.- Contencioso. Expediente nº 15968/111

Sentenza nº 280 do 16 de novembro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 181/2023

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Resolución do 26/04/2023 da Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal do Concello de Vigo que resolveu a convocatoria para provisión temporal en réxime de comisión de servizos do posto de traballo vacante xefe/a do servizo administrativo e control orzamentario da Área de Fomento e servizos do Concello de Vigo

Expte(s): 41451/220

Esta sentenza, non firme, estima o recurso porque considera que a resolución carece de motivación e ordena a retroacción de actuacións ao momento de ser examinadas as solicitudes da comisión de servizos do posto de xefe/a de Servizo Administrativo e control orzamentario. ao fin de que o Concello proceda a súa valoración e motive de forma detallada, razoable e convincente os méritos que concorren no funcionario seleccionado e que propón para ocupar o posto e as razóns que singularizan a preferencia do designado.

Contra dita sentenza procedía a interposición de recurso de apelación; non obstante o servizo de RRHH que resolveu o nomeamento e o departamento que informou sobre a idoneidade do elixido de común acordo coa asesoría xurídica consideraron que non resultaba pertinente a súa interposición.

Debe coñecer e executar o resolto o departamento de RRHH.

10.- Contencioso. Expediente nº 13692/111

Sentenza nº 244 do 22 de novembro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra

Ordinario: 188/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Reclamación responsabilidade patrimonial

Contía: 287.771,15 €

A sentenza desestima o recurso contra o acordo da Deputación Provincial de Pontevedra que desestimou a reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos e perdas (287.771,15 euros) con motivo do accidente do vehículo que conducía a reclamante o día 18.12.2015 na intersección da rúa Emilia Pardo Bazán co vial de saída dende a Estación de Autobuses, pola inad-

cuación/ falta de mantemento dos sistemas de contención no paso superior que determinaron a caída do vehículo a Avda. de Antonio Palacios.

Considera á vista do actuado que non é posible apreciar unha falta de adecuación ou cumprimento dos "standares razonables de rendimiento exigibles" nas sus respectivas conductas competenciais segundo a data en que foran titulares ou obrigadas a conservar e manter en correcto e seguro estado de uso esa instalación (ponte sobre a Avenida Antonio Palacios).

O Concello, que non era titular da vía no momento do accidente (foi cedida anos máis tarde) actuou neste proceso como codemandado.

A sentenza recomenda ao actual titular da vía dada a previsibilidade dunha caída en altura no lugar do accidente, que aplique o sistema de contención instalado no punto de referencia en toda a plataforma da ponte.

A sentenza é susceptible de recurso de apelación e non contén un pronunciamento en custas.

Debe coñecer o resolto o Servizo de Patrimonio e o de Fomento, a fin de verificar a titularidade do tramo no que sucedeu o accidente e, no caso de ser titularidade do Concello de Vigo, adoptar as recomendacións que indica a sentenza.

11.- Contencioso. Expediente nº 15974/111

Sentenza nº 269 do 30 de novembro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Ordinario: 181/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do 20/03/2023 desestimatoria do recurso de reposición formulado contra outra ditada no expediente administrativo, que declarou que o tramo-camiño Breadouro, entre a rúa Canido (PO-324) e a praia, na parroquia de Coruxo, é de titularidade pública

Expte(s): 21047/240

Contía: Indeterminada

Sentenza pola que se estima o recurso contencioso administrativo interposto pola actora contra a resolución do procedemento de investigación 21047/240, por medio do que se acorda declarar que o tramo do camiño Breadouro (parroquia de Coruxo), é de titularidade deste Concello. O recurso estímase por canto o xulgador entende que o procedemento está caducado, xa que a suspensión acordada polo Concello dentro do mesmo (art. 22 LPAC) non se atopaba entre os supostos do art. 22 LPAC, polo que non interrompeu o cómputo dos tres meses de resolución e notificación do procedemento. A sentenza non é firme, e contra ela cabe interpoñer recurso de apelación no prazo de quince (15) días.

Darase traslado desta resolución ao servizo de Patrimonio para o seu coñecemento.

12.- Contencioso. Expediente nº 16212/111

Auto nº 83 do 3 de novembro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 267/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, de reclamación de RPA polos danos sufridos polo vehículo ao sobrepasar unha tapa de sumidoiro, á altura do nº 121 da Avda. Ricardo Mella



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

Expte(s): 6983/243

Auto polo que se declara terminado o pleito por recoñecemento total na vía administrativa, das pretensións da parte recorrente, consistentes na indemnización á demandante dos danos padecidos no seu vehículo pola colisión cunha tapa de rexistro da entidade concesionaria Aqualia. Aqualia procedeu ao aboamento do importe reclamado e a demandante presentou alegacións sobre a finalización do procedemento por satisfacción extraprocésual. Contra dito auto cabe recurso de reposición.

Darase traslado deste Auto ao servizo de Patrimonio para o seu coñecemento.

13.- Contencioso. Expediente nº 16101/111
Sentenza nº 272 do 7 de novembro de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 222/2023
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo, da reclamación de RPA formulada polos danos derivados do sinistro acaecido o día 3 de outubro de 2021, na avenida Beiramar nº 68 de Vigo, ao colisionar o vehículo contra unha tapa de sumidoiro.
Expte(s): 6871/243
Contía: 2.328,68 €

Sentenza firme pola que se desestima o recurso contencioso administrativo interposto pola parte recorrente contra a desestimación presunta da reclamación patrimonial por danos en vehículo como consecuencia dun golpe contra unha arqueta de saneamento levantada, sen sinalizar, na avda. Beiramar. A parte demandante reclamaba o importe de 150 euros (titular do vehículo) e 2.178,68 euros (a compañía aseguradora). Considera a xulgadora que non quedou probado o nexo causal entre o servizo anormal municipal (a través de concesionaria-Aqualia) e o dano padecido, á vista da proba documental (xa que entre a data dos feitos e a de reparación do vehículo transcorreran alomenos 7 meses) e á vista da proba pericial presentada por Aqualia resultou que os danos padecidos non se corresponden co sinistro á vista da tapa de rexistro coa que colisionou.

Darase traslado desta resolución xudicial ao servizo municipal de Patrimonio para o seu coñecemento.

14.- Contencioso. Expediente nº 15129/111
Sentenza nº 851 do 22 de novembro de 2023
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1
Recurso de apelación: 19/2023
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Desestimación presunta de reposición. RPA, caída na rúa pública o 28-9-2016.
Expte(s): 5453/243
Contía: 62.181,27 €

Esta sentenza non é firme, pero contra a mesma só é posible interpoñer recurso de casación.

Desestima o recurso de apelación interposto pola parte demandante contra a sentenza desestimatoria na instancia, nun asunto de responsabilidade patrimonial da administración, por mor dun accidente na Avda. de Fragoso nº 47.

Esta sentenza asume o criterio de instancia, e desbota funcionamento normal ou anormal da administración, xa que a irrelevancia presente na beirarrúa, xunto coas circunstancias do día no que se produce o accidente, non comportan que concorra o nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público e a antixuridicidade do mesmo.

O servizo de Patrimonio debe coñecer do resolto.

Procedemento de orixe:

RC-A nº 185/2021 PO XC-A nº 1 Vigo, Sentenza nº 255 de 05/10/2022, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 01/12/2022

15.- Contencioso. Expediente nº 16187/111

Sentenza nº 259 do 23 de novembro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 261/2023

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo das reclamacións de RPA formuladas polos danos sufridos no local sito na rúa Chile nº 15, ao romper tuberías con motivo das obras de renovación das canalizacións acometidas na rúa Camelias

Expte(s): 6126/243

Contía: 21.305,91 €

A sentenza desestima o recurso contra a desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial presentada pola compañía de seguros polos danos e perdas no local situado na rúa Chile, 15 por dous sinistros ocasionados pola presunta rotura de tuberías como consecuencia das obras de humanización que se estaban a realizar na rúa Camelias.

No Fundamento Xurídico 2º e 3º xustifícase que non resultou debidamente probada a relación de causalidade entre as obras de humanización e os sinistros que provocaron os danos.

A sentenza, que é firme, non contén pronunciamento en custas.

Debe coñecer o resolto o Servizo de Patrimonio.

16.- Contencioso. Expediente nº 16332/111

Auto nº 99 do 24 de novembro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 277/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta por silencio administrativo da reclamación de RPA polos danos ocasionados no trasteiro ao resultar inundados por mor do erro de abrir as válvulas das tuberías municipais.

Expte(s): 7024/243

Contía: 7.505,23 €

O auto declara a terminación do procedemento polo recoñecemento total en vía administrativa das pretensións da parte recorrente (que foi indemnizada pola concesionaria na contía reclamada) e acorda o arquivo das actuacións.

Debe coñecer o resolto o Departamento de Patrimonio.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

17.- Contencioso. Expediente nº 16230/111
Sentenza nº 287 do 29 de novembro de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 259/2023
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo, de reclamación presentada o 01/03/2023 polos danos sufridos por mor dunha caída na rúa Velázquez Moreno debido ao mal estado do pavimento
Expte(s): 7016/243
Contía: 10.873,91 €

Sentenza firme pola que se desestima o recurso presentado pola demandante contra a desestimación presunta da reclamación patrimonial presentada ante o Concello pola caída na vía pública municipal por mor dunha lousa levantada e en mal estado, na que reclamaba unha indemnización por danos persoais por importe total de 10.873,91 euros. Na sentenza se indica que non quedou probada a relación de causalidade entre o dano e o funcionamento anormal do Concello. Non consta atestado policial, non consta chamada á Policía Local, e o único medio de proba que se presentou é unha testemuña quen recoñeceu no acto do xuízo que non presenciou a caída. Non se presentaron outras testemuñas nin outros documentos que probase que se atopaba a demandante nesa zona, na hora e día sinalado. Polo que, tal e como manifestou o Concello na súa contestación, non quedou probada a relación de causalidade.

Darase traslado desta resolución ao servizo municipal de Patrimonio, para o seu coñecemento.

18.- Contencioso. Expediente nº 15852/111
Sentenza nº 268 do 30 de novembro de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 138/2023
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, de reclamación de RPA polos danos sufridos ao introducir un pé nunha arqueta sita na beirarrúa da rúa Xílgaro
Expte(s): 6688/243
Contía: 9.335,77 €

A sentenza desestima o recurso contencioso administrativo contra a inicial desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial, e confirma a resolución expresa da concelleira delegada de Patrimonio do 27.09.2023 que estimou parcialmente a reclamación polos danos sufridos con ocasión da caída do recorrente na rúa Xílgaro 15 provocado por unha tapa dunha arqueta de incendios e declarou a responsabilidade da empresa concesionaria do servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, que debe indemnizar ao reclamante 2.831,23 euros.

A sentenza, que é firme, non impón as custas ao recorrente dada a impugnación inicial do silencio administrativo.

Debe coñecer o resolto o Servizo de Patrimonio.

19.- Contencioso
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Inactividade do Concello de Vigo ao non adoptar as medidas necesarias para mitigar, ata un nivel aceptable e normativamente autorizado, o ruído provocado durante as festas do Nadal polas atraccións e o mercado navideño, ou supletoriamente, ordear a suspensión das actividades que alteraban a vida dos veciños afectados

Ref. Asesoría Xurídica	Núm. Procedemento Abreviado	Núm. Decreto	Data Decreto	Expediente administrativo
15990/111	164/2023	24	28/11/2023	9621/106
15986/111	161/2023	25	28/11/2023	208673/323
15987/111	163/2023	26	28/11/2023	208674/323
15988/111	162/2023	27	28/11/2023	9623/106

Estas resolucións resolven, conforme ao art. 74 da LXC-A, a desistencia instada pola parte demandante, e conforme ao principio de disposición da acción, e ante a ausencia de interese público na continuación do procedemento, tense por desistida á parte recorrente, e arquivanse as actuacións.

Impugnábase a inactividade municipal por mor dos ruídos e molestias producidos polos postos e atraccións do Mercado do Nadal durante a campaña 2022/2023.

O servizo de Comercio debe coñecer do resolto.

20.- Contencioso. Expediente nº 16064/111

Sentenza nº 244 do 14 de novembro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 212/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución de 14/04/2023 que inadmite o recurso extraordinario de revisión formulado no expediente sancionador nº 2019/54204 e contra a procedemento de constrinximento seguido para a execución da sanción

Expte(s): 306489/280

Contía: Indeterminada

A sentenza firme desestima o recurso ao considerar, conforme a xurisprudencia que se cita, que non procede o recurso de revisión extraordinario contra o acto administrativo baseado en erro de feito toda vez que os motivos de discrepancia coa decisión administrativa municipal son de natureza xurídica e non fáctica. A maiores a sentenza analiza os distintos motivos de impugnación e conclúe que tampouco existen erros de dereito.

Debe coñecer o resolto o departamento de Tráfico-Seguridade.

21.- Contencioso. Expediente nº 16095/111

Sentenza nº 247 do 14 de novembro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 215/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Imposición de sanción por estacionar o vehículo nunha praza reservada a persoas con mobilidade reducida

Expte(s): 307007/280

Contía: 200,00 €



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

A sentenza firme desestima o recurso ao considerar que a infracción de tráfico consistente no estacionamento en zonas para uso exclusivo de persoas con discapacidade non permite estacionar nas prazas sen exhibir a tarxeta de estacionamento nun lugar visible dentro do vehículo; non sendo posible posteriormente presentar a tarxeta en cuestión: o que resulta da integración do recollido no art. 105.1 e) RD 6/15 (lei tráfico) co art. 7 del Real Decreto 1056/2014, de 12 de decembro (lei de condicións básicas de emisión e uso da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade).

Debe coñecer o resolto o departamento de Tráfico-Seguridade.

22.- Contencioso. Expediente nº 16092/111

Decreto nº 30 do 20 de novembro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 222/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta do recurso de reposición formulado contra a resolución que le impón sanción de 1200 euros por non identificar ao condutor.

Expte(s): 306923/280

O Decreto, firme, acorda ter por desistido ao recorrente e declara o remate do procedemento contencioso.

Debe coñecer o resolto o departamento de Tráfico-Seguridade.

23.- Contencioso. Expediente nº 16190/111

Sentenza nº 254 do 20 de novembro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 255/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución ditada pola Área de Seguridade, recaída no expediente sancionador nº 2022/37950, no que se impón unha sanción de 400,00 € por exceso de velocidade e a retirada de 4 puntos

Expte(s): 308524/280

Contía: 400,00 €

A sentenza desestima o recurso interposto contra a resolución ditada no procedemento sancionador en materia de tráfico que declara conforme a dereito por non apreciar erro ningún na tramitación realizada e por considerar que non foron desvirtuados os feitos captados polo cinómetro que mediu o exceso de velocidade considerando suficiente proba de cargo a única fotografía obrante no expediente.

A sentenza, que é firme, non efectúa condena en custas.

Debe coñecer o resolto o Departamento de Seguridade e Recaudación Executiva.

24.- Contencioso. Expediente nº 16180/111

Sentenza nº 257 do 21 de novembro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 253/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución ditada no expediente sancionador nº 2022/66919, que lle impón unha multa de 100 € por exceso de velocidade

Expte(s): 308458/280

Contía: 100,00 €

A sentenza desestima o recurso interposto contra a resolución ditada no procedemento sancionador en materia de tráfico que declara conforme a dereito por non apreciar erro ningún na tramitación realizada e por considerar que non foron desvirtuados os feitos captados polo cinómetro que mediu o exceso de velocidade considerando suficiente proba de cargo a única fotografía obrante no expediente.

A sentenza, que é firme, non efectúa condena en custas.

Debe coñecer o resolto o Departamento de Seguridade e de Recadación Executiva.

25.- Contencioso. Expediente nº 15637/111

Sentenza nº 263 do 28 de novembro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Ordinario: 74/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución da Concelleira-delegada de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal do 28/12/2022, desestimatoria de recurso de reposición interposto o 24/11/2022 fronte a Decreto de 20/12/2022, estimatorio de alegacións e que e que declara axustada a Dereito a resolución do 22/10/2010, concesión de autorización-licenza de vado para entrada de vehículos de masa ata 3.500 kg na Ctra. Vilar

Expte(s): 78897/210, 123706/210

Contía: Indeterminada

A sentenza desestima o recurso interposto contra a resolución da Concelleira-delegada de Seguridade que declarou conforme a dereito a licenza de vado por non ter variado as circunstancias que determinaron o seu outorgamento, ao considerar que a decisión municipal se acomoda aos presupostos fácticos examinados dende a perspectiva administrativa que lle corresponde, deixando claro que o recoñecemento e existencia do vado solo alcanza ao punto de conexión entre a propiedade privada e o vial, dominio público.

A sentenza, como a decisión municipal non entra a resolver sobre a existencia, ou non do dereito de servidume, tendo en conta a tramitación en paralelo dun preito civil no que se discute esta cuestión.

A sentenza, que é susceptible de recurso de apelación, impón as custas á demandante co límite máximo de 400 euros.

Debe coñecer o resolto o Departamento de Seguridade.

26.- Contencioso. Expediente nº 16085/111

Sentenza nº 407 do 17 de novembro de 2023

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 3

Recurso de apelación: 7133/2023

Demandante/Recorrente: Particular



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

Obxecto: Silencio administrativo en reclamación de solicitude de vixilancia e prohibición do estacionamento nas rúas adxacentes ao colexio Divino Salvador, onde se ubica a súa residencia, porque lle impide a entrada e saída da vivenda.

Expte(s): 188291/323

Contía: Indeterminada

Sentenza do TSXG pola que se desestima o recurso de apelación formulado contra a sentenza do 20-06-2023 do XCA núm. 2 de Vigo (PA 61-2023) pola que se inadmitía o recurso contencioso administrativo interposto polo actor contra a desestimación presunta da queixa presentada pola parte apelante o 22-10-2021 a propósito do funcionamento do servizo de Policía Local. Entende o Tribunal que obxecto do recurso de apelación debe ser a sentenza de instancia e que a inactividade da parte apelante non pode ser suplida polo Tribunal. A sentenza di que a apelante nada di respecto ao fallo de inadmisión nin respecto aos razoamentos da sentenza. E que a pretensión formulada na vía contencioso administrativa se aparta claramente da formulada na vía administrativa, e rexeita a mesma e confirma a de instancia. Con imposición de custas por importe de 1000 euros. Sentenza non firme contra a que cabe interpor recurso de casación.

Darase traslado desta resolución ao servizo de Participación Cidadá e á Policía Local para o seu coñecemento.

Procedemento de orixe:

RC-A nº 61/2023 PA XC-A nº 2 Vigo, Sentenza nº 158 de 20/06/2023, inadmisión, comunicada na sesión da XGL do 28/07/2023

27.- Contencioso. Expediente nº 15820/111

Sentenza nº 253 do 20 de novembro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 124/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Reclamación de cantidades indebidamente cobradas pola aplicación do gravame IIV-TNU.

Expte(s): 5702/550, 67477/514

Contía: 3.588,85 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso por tratarse dunha situación xurídica consolidada en relación co Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana, non susceptible de revisión, en aplicación da STC nº 182, do 26/10/2021.

Os servizos tributarios municipais (Plusvalía) e o Tribunal Económico-Administrativo deben coñecer o resolto.

28.- Contencioso. Expediente nº 15616/111

Sentenza nº 255 do 21 de novembro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 67/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Acordos do 07/11/2022 e 23/01/2023 ditados polo TEA do Concello de Vigo, desestimatorios das reclamacións formuladas contra a desestimación dos recursos de reposición interpostos en expedientes de solicitude de rectificación e/ou anulabilidade e/ou nulidade das liquidacións, providencias de prema e embargo relativos ao IIVTNU.

Expte(s): 5651/550, 5727/550, 178006/700, 67294/514
Contía: 7.976,03 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso por tratarse dunha situación xurídica consolidada en relación co Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana, non susceptible de revisión, en aplicación da SCT nº 182, do 26/10/2021.

Os servizos tributarios municipais (Plusvalía) e o Tribunal Económico-Administrativo deben coñecer o resolto.

29.- Contencioso. Expediente nº 14845/111
Sentenza nº 256 do 21 de novembro de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 188/2022
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: desestimación presunta, por silencio administrativo negativo, da solicitude de rectificación de liquidación e devolución de ingresos indebidos da autoliquidación de plusvalía
Expte(s): 63557/514
Contía: 11.215,87 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso por tratarse dunha situación xurídica consolidada en relación co Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana, non susceptible de revisión, en aplicación da STC nº 182, do 26/10/2021.

Os servizos tributarios municipais (Plusvalía) e o Tribunal Económico-Administrativo deben coñecer o resolto.

B) RESOLUCIÓNS DITADAS NA ORDE XURISDICIONAL SOCIAL

1.- Social. Expediente nº 15511/111
Sentenza nº 435 do 13 de novembro de 2023
Xulgado do Social nº 4 de Vigo
Ordinario: 821/2022
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: Recoñecemento de dereito (incentivo xubilación anticipada) (Oficial Instalacións Deportivas)
Contía: 3.600,00 €

Esta sentenza, que non é firme, resolve desestimando a demanda do actor de recoñecemento do dereito ao cobro da cantidade en concepto de incentivo/premio á xubilación.

A sentenza desestima con base nos mesmos argumentos que outras sentenzas de instancia do partido xudicial de Vigo, e conforme ao criterio xa asumido por algún TS, Sala do Social, ao entender que a natureza destes incentivos ou premios é de retribución, e non outra.

A área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

proceso e na execución do resolto segundo o art. 118 da Constitución así como o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no tocante á administración municipal, ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, nos demais casos, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta; Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, comunicamos as resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos, en tempo e forma.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(31).-ADDENDA Ó CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “ASOCIACIÓN MISIÓN DEL SILENCIO” PARA A ATENCIÓN DAS PERSOAS DERIVADAS POLOS SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS AO COMEDOR “VIRGEN DE LOURDES”. EXPTE. 261936/301.

Visto o informe de fiscalización do 19/01/2024, dáse conta do informe-proposta de data 16/01/2024, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, o xefe de Área, o asesor xurídico adxunto a Benestar Social e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I. INFORME

I.1. A «Asociación Misión del Silencio» é unha institución privada relixiosa fundada en 1974 que conta na nosa cidade cun comedor social na rúa Urzáiz nº 39 (“Comedor social Virgen de Lourdes”), en funcionamento desde hai moitos anos. Dispón de 44 prazas autorizadas pola Xunta de Galicia e atende nel a persoas e familias en situación de grave vulnerabilidade social.

I.2. O Concello de Vigo é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas en situación de emerxencia social que seguen a ter a necesidade de acudir a este tipo de recursos para poder subsistir nunhas condicións minimamente dignas, sendo complementarios dos recursos propios dos servizos sociais municipais como, por exemplo, o comedor social do Albergue – CIIES da rúa Marqués de Valterra.

I.3. No mes de xuño de 2021 foi asinado polas partes o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN MISIÓN DEL SILENCIO” PARA A ATENCIÓN DAS PERSOAS DERIVADAS POLOS SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS Ó COMEDOR “VIRGEN DE LOURDES” (2021–2024)», aprobado previamente na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 21.05.2021 (Exp. nº 215705/301).

I.4. Na súa Estipulación Terceira estableceuse o seguinte:

«O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á «Asociación Misión del Silencio» unha subvención para cada un dos exercicios de (2021-2024) por importe máximo de 26.200€/ano; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 104.800€. O gasto correspondente a 2021 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.14 – “Convenio Misioneros del Silencio”. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2022-2024) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

A contía anual da subvención prevista calculouse de forma obxectiva e con base nas previsións da propia Asociación, acordándose polas partes que a achega municipal fose a razón de 1€/menú; que representaría, aproximadamente, un 25% do custo das comidas servidas ás persoas derivadas polos servizos sociais municipais...».

I.5. Con todo, nos orzamentos anuais para o exercicio de 2024, aprobados definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en sesión do 27.12.2023 (Exp. nº 80/142; BOP nº 249, do 29.12.2023), figura consignado, na aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.14 (“Convenio Misioneros del Silencio”), un



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

importe de 80.000€, polo que resulta preciso proceder, mediante esta Addenda, á modificación daquela Estipulación do Convenio.

I.6. Con ese incremento da contía da subvención para 2024 (+43.800€) preténdese facer fronte, alomenos parcialmente, ó incremento do prezo dos alimentos e a enerxía durante os últimos anos e do número de menús que se prevé dispensar neste exercicio.

I.7. Por todo o anteriormente exposto, xustifícase a necesidade e conveniencia de aprobar, co contido indicado, unha Addenda para o ano 2024 ó Convenio de colaboración coa «Asociación Misión del Silencio», que afecta exclusivamente á súa Estipulación Terceira.

I.8. De acordo co previsto na súa Estipulación Décimo primeira: *«Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se instrumentará mediante a correspondente Addenda».*

I.9. Tal como se recollía expresamente na proposta de Convenio coa «Asociación Misión del Silencio» aprobada pola XGL o 21.05.2021, a concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela»* e que *«non se entenderá como exercicio de novas competencias»*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

I.10. Toda vez que ten transcendencia económica, antes da súa aprobación polo órgano competente (XGL), esta Addenda deberá ser sometida a informe preceptivo de fiscalización previa pola Intervención xeral municipal (Art. 214 TRLRFL e Base nº 40.3), a fin de verificar a existencia de crédito axeiado e suficiente para atender ás obrigas de contido económico derivadas da concesión da subvención.

I.11. Como queira que os compromisos económicos asumidos en virtude deste Convenio modificado pola Addenda en cuestión non superan os 600.000€, non será necesaria a súa remisión electrónica ó Tribunal de Contas ou ó órgano externo de fiscalización da Comunidade Autónoma, sen prexuízo das facultades que teñen legalmente atribuídas para reclamar cantos datos, documentos e antecedentes es-timen pertinentes (Art. 53 LRXSP), como así se recollía xa no Convenio aprobado o 21.05.2021.

I.12. A competencia para aprobar a Addenda ó precitado Convenio e, previamente, o gasto que representa, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, por proposta da Concelleira da Área de goberno de Política Social e Turismo, de acordo co Art. 127.1.g) da LRBRL, Art. 31 da LSG e coas Resolucións da Alcaldía – Presidencia de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e delegación de competencias, xenéricas e específicas, nos/as concelleiros/as (2023-2027) e, en particular, coas Resolucións do 20.06.2023 (Apdo. Primeiro, Pto. j)) e do 30.06.2023 de delegación de competencias na Área de Goberno de Política Social e Turismo (BOPPO n.º 136, do 14.07.2023).

I.13. A súa sinatura corresponde ó Alcalde – Presidente da Corporación (Arts. 124.4.a] LRBRL e 61.1.a] LALGA) e, por delegación súa, á Concelleira da Área de goberno de Política Social e Turismo

(Resolución da Alcaldía – Presidencia do 20.06.2023, de delegación de competencias xenéricas en concelleiros de Área de goberno e concelleiros delegados; Apdo. Primeiro, Pto. j]; BOPPO nº 124, do 28.06.2023 e Base nº 40.2).

I.14. O preceptivo informe xurídico (Base nº 40.3 das de execución do orzamento xeral) dáse por evacuado nos termos contidos no presente informe-proposta, redactado e asinado polo Asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar social (Resolución Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal do 07.02.2013).

II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Prestar aprobación á ADDENDA ó «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN MISIÓN DEL SILENCIO” PARA A ATENCIÓN DAS PERSOAS DERIVADAS POLOS SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS Ó COMEDOR “VIRGEN DE LOURDES” (2021–2024)» para o exercicio de 2024, co texto que a seguir se transcribe.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto por importe de 80.000€ (OITENTA MIL EUROS) con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.14 (“*Convenio Misioneros del Silencio*”).

TERCEIRO.- Publicar este acordo no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

Exp. n.º XXXXXX/301 (204)

ADDENDA Ó «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN MISIÓN DEL SILENCIO” PARA A ATENCIÓN DAS PERSOAS DERIVADAS POLOS SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS Ó COMEDOR “VIRGEN DE LOURDES” (2021–2024)»

En Vigo, na data da sinatura electrónica

COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira da Área de goberno de Política Social e Turismo do Concello de Vigo, D^a Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Goberno local, D^a Susana Gallardo Fariña.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

Doutra parte,

D.^a M.^a Guadalupe Egidio Pérez, Presidenta da «Asociación Misión del Silencio», con DNI nº 36.015.246-Y e enderezo para os efectos de notificación na rúa Urzáiz nº 39 de Vigo.

INTERVEÑEN

D.^a Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira da Área de goberno de Política Social e Turismo do Concello de Vigo, de acordo coas Resolucións da Alcaldía – Presidencia de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e delegación de competencias, xenéricas e específicas, nos/as concelleiros/as (2023-2027) e, en particular, coa Resolución do 30.06.2023 de delegación de competencias na Área de Goberno de Política Social e Turismo (BOPPO n.º 136, do 14.07.2023).

D.^a M.^a Guadalupe Egidio Pérez, actuando en representación da «Asociación Misión del Silencio» (CIF R3600388G), segundo así resulta dos seus Estatutos e da demais documentación achegada, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D.^a Susana Gallardo Fariña, Secretaria de Goberno local, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira delegada e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

As comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización da presente Addenda e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I. No mes de xuño de 2021 foi asinado polas partes o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN MISIÓN DEL SILENCIO” PARA A ATENCIÓN DAS PERSOAS DERIVADAS POLOS SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS Ó COMEDOR “VIRGEN DE LOURDES” (2021–2024)», aprobado previamente na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 21.05.2021 (Exp. nº 215705/301).

II. O obxecto dese Convenio de colaboración era a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da «Asociación Misión del Silencio» para a atención das persoas derivadas polos servizos sociais municipais ó comedor social “Virgen de Lourdes”, situado na rúa Urzáiz nº 39 de Vigo, contribuíndo ó seu normal funcionamento e dotando ós servizos prestados pola Asociación da necesaria estabilidade que lle permitise seguir atendendo ás necesidades básicas de alimentación das persoas e familias usuarias. O comedor dispón de 44 prazas autorizadas pola Xunta de Galicia e atende nel a persoas e familias en situación de grave vulnerabilidade social.

III. Na súa Estipulación Terceira estableceuse o seguinte:

«O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á «Asociación Misión del Silencio» unha subvención para cada un dos exercicios de (2021-2024) por importe máximo de

26.200€/ano; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 104.800€. O gasto correspondente a 2021 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.14 – “Convenio Misioneros del Silencio”. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2022-2024) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

A contía anual da subvención prevista calculouse de forma obxectiva e con base nas previsións da propia Asociación, acordándose polas partes que a achega municipal fose a razón de 1€/menú; que representaría, aproximadamente, un 25% do custo das comidas servidas ás persoas derivadas polos servizos sociais municipais...».

IV. Con todo, nos orzamentos anuais para o exercicio de 2024, aprobados definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en sesión do 27.12.2023 (Exp. nº 80/142; BOPPO nº 249, do 29.12.2023), figura consignado, na aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.14 (“Convenio Misioneros del Silencio”), un importe de 80.000€, polo que resulta preciso proceder, mediante esta Addenda, á modificación daquela Estipulación do Convenio.

V. En efecto, a teor do previsto na súa Estipulación Décimo primeira: «Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se instrumentará mediante a correspondente Addenda».

Tendo en conta o anteriormente exposto as partes,

ACORDAN

«PRIMEIRO: Modificar a Estipulación Terceira do «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN MISIÓN DEL SILENCIO” PARA A ATENCIÓN DAS PERSOAS DERIVADAS POLOS SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS Ó COMEDOR “VIRGEN DE LOURDES” (2021–2024)», que quedará coa seguinte redacción:

«O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á «Asociación Misión del Silencio» unha subvención para o exercicio de 2024 por importe máximo de 80.000€. O gasto correspondente imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.14 – “Convenio Misioneros del Silencio”.

A contía da subvención para 2024 calculouse de forma obxectiva e con base nas previsións da propia Asociación, acordándose polas partes que a achega municipal fose a razón de 1,5€/menú; que representaría, aproximadamente, un 25% do custo das comidas servidas ás persoas derivadas polos servizos sociais municipais».

SEGUNDO: O réxime de pagamentos será semellante ó establecido na Estipulación Quinta do Convenio suscrito en xuño de 2021 entre a Concellería de Política de Benestar Social e a «Asociación Misión del Silencio», pagándose o 50% (40.000€) logo da asinatura da Addenda e previa presentación do proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do exercicio anterior e o 50% restante (40.000€) unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 01.11.2024. Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente unha declaración responsable de que non está incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

TERCEIRO: A presente Addenda estará en vigor durante a vixencia que resta do Convenio».

E en proba de conformidade, as partes asinan esta Addenda, por duplicado exemplar, na data expresada no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno local, dou fe.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(32).- DECLARACIÓN DE CADUCIDADE DO EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN DE OFICIO DO CONTRATO DE EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA E INSTALACIÓN DE MAQUINAS EXPENDEDORAS DE BEBIDAS E SÓLIDOS (VENDING) NA CASA DO CONCELLO. EXPTE. 19840/240.

Dáse conta do informe-proposta de data 24/01/2024, asinado pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Lei 33/2003 de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. (LPAC).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto da explotación da cafetería e instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello (PCAP)

- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto da explotación da cafetería e instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello (PPT)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Na sesión do 27 de xaneiro de 2017 a Xunta de Goberno local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación e autorizar a apertura do procedemento de licitación para a contratación da explotación da cafetería na Casa do Concello de Vigo e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) nas dependencias municipais.

Segundo.- A Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL), en sesión do 7 de xuño do 2018, adxudicou á mercantil RESTAURACIÓN A-52, S.L. o procedemento aberto para a explotación da cafetería e instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello, consonte co prego de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados pola Xunta de Goberno local, o 27 de xaneiro do 2017, e a oferta presentada.

Terceiro.- O contrato formalizouse en documento administrativo o 12 de xuño do 2020 e comezou a súa execución ao día seguinte.

Cuarto.- O prazo do contrato é de 14 anos, fixándose un prazo parcial de 5 meses para a presentación do proxecto, execución das obras e posta en funcionamento da cafetería.

Quinto.- En data 3 de novembro de 2020, D. Juan José Rodríguez Baranda, en nome de RESTAURACIÓN A-52 S.L., presentou escrito solicitando a ampliación do prazo para a presentación do proxecto, execución das obras e posta en funcionamento da cafetería e instalación das maquinas de vending, en cento trinta (130) días, contados a partir da finalización do prazo inicial (12 de novembro do 2020).

Sexto.- En data 4 de decembro de 2020, o responsable do contrato requiriu ao contratista para a presentación de diversa documentación exixida nos pregos que rexen o contrato. Este requirimento es respondido o 19 do mesmo mes indicando que non é posible a presentación da documentación requirida ata non se inicie a actividade.

Sétimo.- D. Juan José Rodríguez Baranda, en nome de RESTAURACIÓN A-52 S.L. presentou, con data de entrada no rexistro xeral do 11 de xaneiro de 2021, o "Anteproxecto de reforma da cafetería e área de lecer do Concello de Vigo", redactado polo arquitecto Hernan Valentin Gonzalez Pacheco.

Oitavo.- En data 11 de novembro de 2021, a XGL acordou a modificación deste contrato. Esta consiste en introducir variacións de obra na "Memoria Valorada para a reforma e acondicionamento da Cafetería e Área de descanso do Edificio do Concello" recollida como Anexo IV do prego de prescricións técnicas particulares. Esta modificación, que non implicou custe económico, formalizouse en documento administrativo o 29 de novembro de 2021 (expediente 6645-241).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

Noveno.- O 26 de xaneiro de 2022 o responsable do contrato requeriu ao contratista o cumprimento de contrato, conminándolle a presentar o Proxecto Básico e de Execución para a realización das obras de investimento referidas, coas modificacións de unidades de obra acordadas, outorgándolle ao efecto un prazo de 15 días.

Décimo.- RESTAURACIÓN A-52 S.L., o 3 de marzo de 2022, solicita unha ampliación do prazo da data límite para a presentación do proxecto básico, execución das obras e posta en funcionamento da cafetería e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) ns dependencias municipais, ata o día 30 de xuño do ano 2022.

Undécimo.- A XGL, en data 28 de abril acordou:

“PRIMEIRO.- Denegar a ampliación do prazo da data limite para la presentación do proxecto básico, execución das obras de posta en funcionamento da cafetería e instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) nas dependencias municipais, ata o 30 de xuño do 2022, solicitado pola contratista RESTAURACIÓN A-52, S.L

SEGUNDO.- Requirir á RESTAURACIÓN A-52, S.L, o cumprimento do contrato asinado o 12/6/2020 (modificado o 29/11/2021), debendo presentar nun prazo de 15 días, o proxecto básico e de execución das obras de investimento recollidas na “Memoria Valorada para a reforma e acondicionamento da Cafetería e Área de descanso do Edificio do Concello”, de acordo co sinalado na Cláusula 31 do PCAP.

TERCEIRO.- Iniciar actuacións previas para determinar o grado de cumprimento do contrato pola contratista - RESTAURACIÓN A-52, S.L. e, no seu caso, da incoación dun procedemento sancionador”.

Duodécimo.- En data 20 de maio de 2022, o responsable do contrato, tras crear un expediente de dilixencias previas (expediente 21008-240), requiriu ao contratista a remisión de informe detallado sobre o estado de execución do contrato e das actuacións efectuadas ao efecto, xunto coa documentación acreditativa das mesmas, e formulación no seu caso de alegacións, ao non constar que no tempo transcorrido dende a data de inicio do contrato tivera dado cumprimento as súas obrigas previstas no Prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexe o contrato, concedéndolle ao efecto un prazo de 15 días. En resposta a este requirimento, o contratista, en escrito presentado no Rexistro xeral deste Concello o 14 de xuño de 2022, formula alegacións, sinalando que non pode afrontar a apertura do local obxecto do contrato asinado co Concello, debido a razóns económicas derivadas da pandemia (COVID-19) e ao aumento indiscriminado dos prezos da electricidade, combustibles e produtos alimenticios.

Décimo terceiro.- En data 22 de xullo de 2022, a Tesouraría municipal, a requirimento do responsable do contrato, emite informe sinalando o non ingreso do canon mensual polo contratista dende o inicio do contrato.

Décimo cuarto.- En data 25 de agosto de 2022 a XGL acordou:

“PRIMEIRO.- Iniciar procedemento de resolución do contrato para a explotación da cafetería e instalación de maquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello asinado, en data 12/06/2020, entre o Concello e a mercantil RESTAURACIÓN A-52, S.L, por causa imputable a contratista ó non cumprir cos prazos parciais fixados para a presentación do proxecto, execución das obras e posta en funcionamento da cafetería; prestación do servizo; e pola falta de pagamento do canon.

SEGUNDO.- Notificarlle a contratista o presente acordo, concedéndolle audiencia polo prazo de 10 días naturais, a contar dende o seguinte ao da notificación, co fin de que poida formular as alegacións e presentar a documentación que na defensa dos seus intereses teña por conveniente”.

Décimo quinto.- Evacuado trámite de audiencia ao contratista, durante o prazo conferido para o efecto, en escrito de data 16 de setembro de 2022 manifestou a súa conformidade coa resolución do contrato proposta, se ben non está de acordo con que sexa por causas que lle son imputables, xustificando o incumprimento das súas obrigas en *“razones económicas, como fue la bajada brutal de la facturación, derivadas de la pandemia COVID-19 y el actual aumento indiscriminado de los precios de la electricidad, combustibles y productos alimenticios, que estimo nos conduce ante unos efectos económicos negativos muy cuantiosos, y que conlleva a una modificación sustancial por un tiempo prolongado de las condiciones que regían nuestro sistema social y económico de fecha 12 de Junio de 2020, fecha en la que se otorgó el contrato administrativo objeto de este escrito. Las circunstancias en la que nos encontramos no sólo son excepcionales, si no muy extraordinarias y afectan de manera tal a la desaparición de la base objetiva del negocio, que lleva a una alteración tan radical e imprescindible que abre paso, por razones de equidad y objetividad, a la aplicación de la cláusula REBUS SIC STANTIBUS”*.

Décimo sexto.- Evacuouse trámite de audiencia ao avalista, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A, en data 9 de novembro de 2022, concedéndolle ao efecto un prazo de dez días hábiles para formular alegacións sobre a incautación de fianza. Este prazo rematou o día 24 de novembro de 2022 sen que o interesado formulase alegacións.

Décimo sétimo.- En data 25 de xaneiro de 2023 o Sr. Alcalde asinou o oficio de remisión do presente expediente ao Consello Consultivo de Galicia. No entanto, por erro non enviouse o expediente ao citado órgano.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Natureza da declaración de caducidade do expediente de resolución dun contrato e lexislación aplicable



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

A declaración de caducidade é unha forma de terminación anormal dos procedementos administrativos. Orixínase pola concorrencia de dous circunstancias:

- O transcurso do tempo.
- A inactividade do administrado ou da administración.

O procedemento obxecto deste informe é a explotación da cafetería na Casa do Concello de Vigo e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) nas dependencias municipais. Incoouse por acordo da XGL de 27 de xaneiro de 2017. Foi adxudicado pola XGL o 7 de xuño do 2018 a RESTAURACIÓN A-52, S.L.

O expediente de resolución que nos ocupa iniciouse 25 de agosto de 2022 por acordo da XGL.

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a este contrato. Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

-Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos del Sector Público

-Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

-Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña ao TRLCSP.

Todo elo sen prexuízo de que o exercicio das prerrogativas da Administración, en canto potestades exorbitantes do contrato, réxanse polo disposto na lexislación vixente no momento en que pretendan exercitarse. Efectivamente, é unánime a doutrina xurisprudencial que considera que con respecto ao procedemento que regula o exercicio das potestades do órgano de contratación no seo do contrato, neste caso a resolución, a normativa de aplicación é a vixente no momento de exercitar a citada potestade, por aplicación das disposicións transitorias do Código Civil (Ditames 403/09, de 15 de decembro e 380/10, de 10 de novembro do Consejo Consultivo de la Comunidad de Madrid). Así o considera tamén a Sección de Ditames do Consello Consultivo de Galicia, que na súa reunión do 13 de febreiro de 2019, acordou, por unanimidade, interpretar a Disposición Transitoria Primeira, número segundo, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, de 26 de febreiro 2014 (en adiante, LCSP) no sentido de que a remisión normativa cínquese aos aspectos substantivos da lei, regulándose os aspectos procedementais pola nova normativa, na medida en que o procedemento se inicie con posterioridade á entrada en vigor da

mesma, segundo a liña marcada polo ditame do Consejo de Estado 3062/1998, do 10 de setembro, e o Ditame 403/2009 do Consejo Consultivo de Madrid, e consolidando a opinión exposta polo Consello no CCG 55/2019, que supuxo un cambio de criterio con respecto a un pronunciamento previo e puntual (CCG 250/2018).

Polo tanto, a normativa procedimental propia da resolución do contrato é a prevista na nova LCSP.

Con relación ao prazo para ditar resolución no citado procedemento, prevé o artigo 212.8 da LCSP, a diferenza das disposicións precedentes en materia de contratación, que o prazo máximo no que os procedementos de resolución deberán ser instruídos e resoltos é de oito meses, a contar, como establece o artigo 21.3 da LPAC, desde a data do acordo de iniciación no caso de incoarse o procedemento de oficio, ou desde que a solicitude tivo entrada no rexistro electrónico da Administración ou Organismo competente para a súa tramitación, nos supostos nos que sexa solicitada a resolución polo contratista.

Tendo en conta que o acordo de incoación do expediente aprobouse o día 25 de agosto de 2022, e que non tivo lugar a suspensión do prazo de resolución por non ter concorrido ningún dos supostos previstos no artigo 22 LPAC, o acordo de resolución debería terse producido antes do 24 de abril do ano 2023.

-II-

Dos efectos da caducidade

A falta de resolución expresa en procedementos iniciados de oficio está regulada no artigo 25.1 da LPAC. Segundo esta norma o vencemento do prazo máximo sen que se tiña ditado e notificado resolución expresa non exime á Administración da obriga de resolver. E establece como efecto da falta de resolución nos procedementos en que a Administración exercite potestades sancionadoras ou, en xeral, de intervención, susceptibles de producir efectos desfavorables ou de gravame, que producírase a caducidade.

A caducidade é unha causa de terminación dos procedementos, pero non xera automaticamente dicha terminación polo transcurso do tempo establecido para resolver os mesmos, senón que require dunha resolución expresa que a declare. Así o recoñecen, tanto a doutrina dos órganos consultivos, como a xurisprudencia. Nesta liña, declara a Sentenza da Sala 3ª do Tribunal Supremo de 3 de decembro de 2020 que *“la caducidad comporta una causa de terminación de los procedimientos, pero no genera, por sí misma, dicha terminación, porque requiere una resolución expresa que la declare, pudiendo incluso la Administración, pese a concurrir el presupuesto de hecho, que es objetivo, rechazarla en supuestos excepcionales (artículo 95.4º). Y ello es consecuente con los efectos de la caducidad, que no es sino una forma de terminación del procedimiento, de una terminación anormal, podríamos decir, como con otra terminología y salvando las diferencias, se establece para el proceso contencioso en su Ley reguladora (...) «en tanto no se haya dictado la resolución expresa declarando la terminación del procedimiento por caducidad, el procedimiento en que se ejerciten potestades de gravamen, ha de considerarse vigente, por más que hubiese transcurrido el plazo de caducidad, porque no es el*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

mero transcurso del plazo el que genera la terminación del procedimiento —será su presupuesto—, sino la resolución que así lo ordena”.

A resolución que declare a caducidade ordenará o arquivo das actuacións (artigo 95.1 LPAC).

Os efectos da caducidade son os seguintes (artigo 95.3 LPAC):

- O arquivo das actuacións.
- A declaración de caducidade e a extinción do procedemento non producirán por si sós a prescrición de accións, aínda que os procedementos caducados non interromperan o prazo de prescrición.
- Se fora posible a iniciación dun novo procedemento por non terse producido a prescrición, poderán incorporarse a este os actos e trámites cuxo contido sería igual se non se producise a caducidade. En calquera caso serán trámites ineludibles do novo procedemento:
 - As alegacións.
 - A proposición de proba.
 - A audiencia ao interesado.

Como excepción, a lei permite non aplicar a caducidade cando a cuestión suscitada afecte ó interese xeral, o ben fora convinte substanciala para a súa definición e esclarecemento (artigo 95.4 LPAC). No entanto, o lóxico é entender que esta posibilidade refírese exclusivamente, aos procedementos iniciados a solicitude do interesado, o contrario implicaría deixar en mans da Administración que non ditou a resolución en prazo, declarar ou non a caducidade.

No caso que nos ocupa, a xuízo da informante, non concorren as premisas esixidas no artigo 95.4 LPAC, e consecuentemente procede a declaración de caducidade. Máis é necesario incoar un novo procedemento de liquidación do contrato, polo que deberán conservarse as actuacións practicadas no expediente caducado cuxo contido sería igual se non se producise a caducidade.

-III-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP).

ACORDO

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Declarar a caducidade do expediente incoado por este órgano de contratación, mediante acordo de 25 de agosto de 2022 de resolución do contrato para a explotación da cafetería e instalación de maquinas

expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello , polo transcurso do prazo de resolución.

2º.- Proceder ao arquivo do expediente, de conformidade co establecido no artigo 95 da LPAC.

3º.- Se fora posible a iniciación dun novo procedemento por non terse producido a prescrición, poderán incorporarse a este os actos e trámites cuxo contido sería igual se non se producise a caducidade.

4º.-Notificar este acordo ó interesado, con indicación expresa dos recursos procedentes”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(33).- SEGUNDO PAGO DAS DIETAS ESTABLECIDAS POR ASISTENCIAS DOS REPRESENTANTES MUNICIPAIS ÁS SESIÓNS DOS CONSELLOS ESCOLARES DOS CENTROS DE ENSINO PÚBLICO: PERÍODO SETEMBRO A DECEMBRO DE 2023. EXPTE. 70295/332.

Visto o informe de fiscalización do 22/01/2024, dáse conta do informe-proposta do 27/12/2023, asinado polo técnico medio de actividades culturais e educativas e conformado pola concelleira-delegada de Educación, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Consonte co establecido na lexislación educativa vixente, Lei Orgánica 3/2020. de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación (LOMLOE publicada no BOE Nº 340 do 30/12/2020), preténdese no seo dos Consellos Escolares promover unha mellora da capacidade da participación efectiva e eficaz da Comunidade Educativa e recóllese no seu artigo 127.i) que unha das competencias do Consello Escolar do centro pasa a ser a seguinte: “Promover progresivamente a conservación e renovación das instalacións e equipo escolar para a mellora da calidade e sostenibilidade ...”. Igualmente os Concellos deben asumir a xestión e execución das competencias e funcións que a lexislación vixente, recoñece ás corporacións locais como responsabilidade de obrigado cumprimento no ámbito da Educación, e segundo o artigo 25.2.n) da Lei 7/1985 LRBRL teñen como competencia propia e responsabilidade legal a conservación, mantemento e vixianza dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación ...”

Por outra banda, a Lei Orgánica da Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) (BOE nº 295 martes 10/decembro/2013) que modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, recolle no seu artigo 126.1.c) que entre os membros que componen o Consello Escolar estará un Concelleiro/a ou representante do Concello do termo municipal onde esté radicado o centro.

En aras de cumprir esta obriga municipal e segundo acordo da Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 29 de decembro de 2022, aprobouse entre outros, o nomeamento de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

Representantes Municipais nos Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público de Educación Infantil, Primaria e Secundaria para o ano 2023 (Expte 26445/332), e a autorización para que perciban en concepto de asistencias efectivas a cada sesión do órgano colexiado a dieta de 39,78.-€ (TRINTA E NOVE CON SETENTA E OITO EUROS), para a categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos A e B; e a dieta de 36,72.-€ (TRINTA E SEIS CON SETENTA E DOUS EUROS) para a categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos C e D; cantidades homologadas por asistencia e participación en tribunais de oposicións, concursos, ou outros órganos encargados da selección de persoal, consonte co Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servizo.

O referido R.D. recolle nos seus artigos 1.d) / 7.1.a) / 28.1 que: “Darán orixe a indemnización ou compensación as asistencias pola concurrencia, persoal ou por representación, as reunións de Órganos Colexiados da Administración, de Órganos de Administración de Órganos Públicos...”

Tal é o caso dos Consellos Escolares dos Centros Públicos, como Órgano Colexiado de Goberno dos centros de ensino público que dependen da Admón. Educativa Competente, neste caso a Consellería de Educación da Xunta de Galicia, e que permiten participar na xestión dos centros aos distintos membros da comunidade escolar, ademais de constituir a canle para o control e xestión dos fondos públicos.

Tamén recolle no seu artigo 2e) que : “O presente R.D. será de aplicación para o persoal ao servizo das Corporacións Locais, tal e como prevé a súa lexislación específica”.

Contabilizadas as asistencias ós Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público, aportadas polos diferentes representantes municipais, **dende o 01 de setembro ate o 21 de decembro dos correntes, elévanse á cantidade de 111 consellos escolares.**

Na documentación que acompaña a este expediente, adxúntanse ademais dos xustificantes de asistencia expedidos polos centros de ensino, cada unha das fichas correspondentes ás sesións dos Consellos Escolares desenvolvidas polos representantes municipais, que con posterioridade quedarán arquivadas para a súa pertinente consulta nas dependencias do Servizo de Educación.

Asemade, e a efectos de cómputo, de cada representante municipal relacionase cronolóxicamente a data de asistencia da primeira e última sesión do consello escolar por cada un deles efectuada.

A competencia para acordar o pago das dietas establecidas por asistencias dos representantes municipais ás sesións dos Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público, no periodo xaneiro a xullo de 2023, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, de conformidade co réxime de atribucións en materia de xestión económica establecido no artigo 127.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

PROPOSTA:

Por todo o anteriormente exposto, solicítase á Xunta de Goberno Local o seguinte:

“Aproba-la cantidade de **4.131,00.-€** en concepto de asistencias ás sesións dos Consellos Escolares no periodo setembro a decembro de 2023, con cargo á **Partida Presupostaria 3230.233.00.00 dietas asistencia consellos escolares e bolsa de vinculación**, e desglosadas entre os representantes municipais do seguinte xeito:

Zona 1.- PEDRO MARÍA VÁZQUEZ IGLESIAS, NIF: ***0480**, GRUPO A2 (11/09/2023 - 20/12/2023)	15 X 39,78.-€	596,7.-€
Zona 2.- VÍCTOR MARTÍNEZ OYA, NIF: ***8479**, GRUPO C1 (08/09/2023 - 13/12/2023)	8 X 36,72.-€	293,76.-€
Zona 3.- MARÍA GABRIELA ROMERO BANDEIRA, NIF: ***3536**, GRUPO C1 (02/10/2023 – 26/10/2023)	9 X 36,72.-€	330,48.-€
Zona 4.- ROCÍO BRUZON ALCAÑIZ, NIF: ***5864**, GRUPO C1 (08/09/2023 - 20/12/2023)	9 X 36,72.-€	330,48.-€
Zona 5.- ÁNGELES LANDÍN LORENZO, NIF: ***9165**, GRUPO C1 (08/09/2023 - 15/12/2023)	9 X 36,72.-€	330,48.-€
Zona 6.- MARÍA I. BILBAO ECHEGARAY, NIF: ***6481**, GRUPO C1 (04/09/2023 - 28/11/2023)	6 X 36,72.-€	220,32.-€
Zona 8.- MARIA RITA RIELO FRANCO, NIF: ***6707**, GRUPO C1 (07/09/2023 – 31/10/2023)	6 X 36,72.-€	220,32.-€
Zona 9.- YOLANDA FAJIN TORRES, NIF: ***9755**, GRUPO A2 (18/09/2023 – 07/11/2023)	3 X 39,78.-€	119,34.-€
Zona 11.- IRIA MARÍA ÁLVAREZ CANELLA, NIF: ***3259**, GRUPO C2 (31/10/2023 - 27/11/2023)	5 X 36,72.-€	183,6.-€
Zona 12.- JOSÉ ANTONIO FRANCO REZA, NIF: ***9778**, GRUPO C2 (06/09/2023 - 15/12/2023)	15 X 36,72.-€	550,8.-€
Zona 13.- NURIA MÉNDEZ LEMA, NIF: ***1656**, GRUPO C1 (10/10/2023 - 30/11/2023)	6 X 36,72.-€	220,32.-€
Zona 14.- FERNANDO GONZÁLEZ NÚÑEZ, NIF: ***5678**, GRUPO C2 (01/09/2023 - 21/12/2023)	13 X 36,72.-€	477,36.-€
Zona 15.- ANTÍA MOSQUERA GONZÁLEZ, NIF: ***5912**, GRUPO C1 (08/09/2023 - 28/11/2023)	4 X 36,72.-€	146,88.-€
Zona 16.- BEGOÑA CABALEIRO VILLANUEVA, NIF: ***2375**, GRUPO C1		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

(10/10/2023 - 31/10/2023) 3 X 36,72.-€ 110,16.-€

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(34).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DAS “BASES REGULADORAS QUE REXERÁN AS SUBVENCIÓNS DESTINADAS ÁS ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE, DE FORMA INDIVIDUAL E MEDIANTE O SISTEMA DE XESTIÓN COMPARTIDA PARCIALMENTE COFINANCIADAS POLA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA FSE+GALICIA 2021-2027”. EXPTE. 12743/224.

Visto o informe de fiscalización do 22/01/2024, dáse conta do informe-proposta de data 17/01/2024, asinado pola axente de Igualdade de Oportunidades, a xefa do Servizo de Igualdade, a asesora xurídica do Servizo e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

A Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia, a través da Resolución do 29 de novembro de 2023, establece as bases reguladoras que rexerán as subvencións destinadas ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida parcialmente cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021 – 2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (DOG núm. 5 do 8 de xaneiro de 2024).

O obxecto da convocatoria é a concesión de subvencións para o desenvolvemento de programas, actuacións e medidas para facer efectivo o principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, a conciliación da vida persoal, laboral e familiar e a participación das mulleres na vida política, económica, social e cultural, así como para consolidar o funcionamento de servizos de atención integral de información e asesoramento ás mulleres no territorio, co fin de lles prestar unha atención e acompañamento de proximidade, psicolóxico, xurídico e de orientación sociolaboral ás mulleres, en particular a aquelas que pertencen a colectivos en risco de exclusión ou se atopan nalguna situación de vulnerabilidade, de cara a mellorar a súa situación social, laboral e profesional.

Coa dita finalidade a convocatoria establece, entre outros, os seguintes programas:

- a) Programa do Plan Corresponsables no ámbito local (SI436A)
- b) Programa de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e tratamento da violencia de xénero (SI435A)
- c) Programa de apoio aos centros de información á muller (SI427B)

Atendendo ás bases da convocatoria, cada entidade só poderá presentar unha solicitude de axuda para cada un dos programas previstos na resolución.

O Concello de Vigo, a través da Concellería de Igualdade, ten unha ampla traxectoria na finalidade de traballar a prol da igualdade e de combater a violencia contra as mulleres, polo que ao longo dos últimos anos se foron consolidando distintos programas e servizos dirixidos a este fin.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local no seu artigo 25.2.o), na redacción dada polo Real Decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto, atribúe aos municipios competencias en: *actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero.*

No uso das competencias que atribúe en materia de igualdade e promoción das mulleres a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril) e por Resolución de Alcaldía de delegación de competencias xenéricas en concelleiras/os de Área de Goberno e concelleiras/os delegadas/os de data 20/06/2023, BOPPO núm. 124 do 28 de xuño de 2023; Resolución de Alcaldía de estrutura da administración do Concello de Vigo: delegación de competencias (2023-2027) de data 28/06/23, BOPPO núm. 129 do 5 de xullo de 2023; Resolución de Alcaldía de delegación de competencias específicas do Alcalde na Primeira Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística de data 30/06/2023, BOPPO núm. 136 do 14 de xullo de 2023; e Acordo da Xunta de Goberno Local de modificación de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nas/os concelleiras/os de Área de Goberno e concelleiras/os delegadas/os e aprobación do texto refundido de data 28/07/2023, BOPPO núm. 164 do 25 de agosto de 2023),

Vistos os requisitos e demais normativa reguladora, este órgano xestor valora conveniente presentar á devandita convocatoria os programas que de seguido se refiren:

a) Programa do Plan Corresponsables no ámbito local (SI436A). Bolsas de coidado para desenvolver no domicilio (artigo 6.2.1.a):

“Servizo municipal de Atención Domiciliaria da Infancia” (SADI)

Orzamento estimado de gastos de persoal para bolsas de coidado no domicilio no período subvencionable segundo as bases da convocatoria (gastos directos): 60.000,00 €.

Axuda solicitada: 66.000,00 € (contía dos gastos directos de persoal máis un incremento do 10% sobre eses gastos que, conforme co artigo 6.7 da Resolución da convocatoria, corresponde a gastos indirectos).

b) Programa de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e tratamento da violencia de xénero (SI435A). Intervención integral coas vítimas de violencia de xénero (artigo 7.1.a):

“Programa de asistencia psicolóxica ás fillas e fillos de mulleres vítimas de violencia de xénero”

Orzamento estimado no período subvencionable segundo as bases da convocatoria (gastos directos): 14.648,40 €.

Axuda solicitada: 15.000,00 € (contía dos gastos directos de persoal máis un incremento do 10% sobre eses gastos que, conforme co artigo 7.5 da Resolución da convocatoria, corresponde a gastos indirectos, co límite da contía máxima da axuda establecida).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

c) Programa de apoio aos centros de información á muller (SI427B). Artigo 8:

“Programa de apoio ao Centro Municipal de información dos dereitos da muller”

Orzamento estimado no período subvencionable segundo as bases da convocatoria: 71.500,00 €.

Axuda solicitada: 45.000,00 €. (Contía máxima establecida conforme co artigo 4.5 da Resolución da convocatoria).

O importe total da axuda solicitada para os tres programas ascende a 126.000,00 €.

Seguindo instrucións da Secretaría Xeral, envíase o expediente á Intervención Xeral para a súa fiscalización.

Por todo o exposto, previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“1º.- Aprobar a solicitude de subvención que presenta a concellería de Igualdade por un importe total de 126.000,00 €, en base ao disposto na Resolución do 29 de novembro de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as subvencións destinadas ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida parcialmente cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021 – 2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (DOG núm. 5 do 8 de xaneiro de 2024), distribuída do seguinte xeito:

a) Programa do Plan Corresponsables no ámbito local (SI436A). Bolsas de coidado para desenvolver no domicilio (artigo 6.2.1.a):

“Servizo municipal de Atención Domiciliaria da Infancia” (SADI)

Orzamento estimado de gastos de persoal para bolsas de coidado no domicilio no período subvencionable segundo as bases da convocatoria (gastos directos): 60.000,00 €.

Axuda solicitada: 66.000,00 € (contía dos gastos directos de persoal máis un incremento do 10% sobre eses gastos que, conforme co artigo 6.7 da Resolución da convocatoria, corresponde a gastos indirectos).

b) Programa de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e tratamento da violencia de xénero (SI435A). Intervención integral coas vítimas de violencia de xénero (artigo 7.1.a):

“Programa de asistencia psicolóxica ás fillas e fillos de mulleres vítimas de violencia de xénero”

Orzamento estimado no período subvencionable segundo as bases da convocatoria (gastos directos): 14.648,40 €.

Axuda solicitada: 15.000,00 € (contía dos gastos directos de persoal máis un incremento do 10% sobre eses gastos que, conforme co artigo 7.5 da Resolución da convocatoria, corresponde a gastos indirectos, co límite da contía máxima da axuda establecida).

c) Programa de apoio aos centros de información á muller (SI427B). Artigo 8:

“Programa de apoio ao Centro Municipal de información dos dereitos da muller”

Orzamento estimado no período subvencionable segundo as bases da convocatoria: 71.500,00 €.

Axuda solicitada: 45.000,00 €. (Contía máxima establecida conforme co artigo 4.5 da Resolución da convocatoria).

2º.- Comprometer ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Igualdade, a financiar o custo das accións obxecto de axuda que non resulte financiado pola Secretaría Xeral da Igualdade para a súa completa realización, aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na convocatoria.

3º.- Designar á xefa do Servizo Municipal de Igualdade Dña. Cristina Gómez García para levar a cabo as funcións de coordinación e comunicación coa Secretaría Xeral da Igualdade para os aspectos relacionados coa tramitación do expediente.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(35).- PROPOSTA DE IMPOSICIÓN DE PENALIDADES Á EMPRESA ADXUDICATARIA DO CONTRATO DE SERVIZOS DA XESTIÓN “PROGRAMA COEDUCATIVO DIRIXIDO A PROMOVER A CULTURA DA IGUALDADE E FOMENTAR A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO NO ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL E DE EDUCACIÓN PRIMARIA. CAMIÑA CON NÓS POLA IGUALDADE”. EXPTE.12131/224.

Dáse conta do informe-proposta de data 23/01/2024, asinado pola axente de Igualdade de Oportunidades, a xefa do Servizo de Igualdade, a asesora xurídica do Servizo e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I. NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto da xestión xestión do “Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria. Camiña con nós pola igualdade” (12131-224) (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto da xestión do “Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria. Camiña con nós pola igualdade” (PPT)

II. ANTECEDENTES

Primeiro.- Na sesión do 8 de xuño de 2023 a Xunta de Goberno local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación, autorizar o gasto, e a apertura do procedemento de licitación para a contratación da xestión do “Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria. Camiña con nós pola igualdade” .

Segundo.- A XGL, na sesión ordinaria do 22 de setembro de 2023, acordou adxudicar a RETNOVA PROXECTIA CONSULTING, S.L., o citado procedemento.

Terceiro.- O contrato formalizouse o 28 de setembro do 2023, e segundo a súa cláusula 4: “O contrato comezará ao día seguinte á sinatura do mesmo pola Concelleira-delegada da Área de Goberno de Contratación e realizarase no período lectivo finalizando o mes de xuño”.

Cuarto.- A adxudicataria non da comezo á execución do contrato ata o 29.11.2023, transcorridos 62 días contados desde o día seguinte á súa formalización, incorrendo en demora respecto do cumprimento do prazo do contrato por causas imputables e esta.

Quinto.- Na data 11.12.2023, a Xunta de Goberno Local, conforme co informe proposta asinado en data 30.11.2023 pola axente de igualdade de oportunidades, a asesora xurídica do Servizo de Igualdade e a xefa do Servizo e conformado en data 1.12.2023 pola concelleira-delegada e a concelleira da Área de Goberno, adopta o seguinte acordo:

“1º.- Iniciar procedemento para a imposición dunha penalidade á empresa RETNOVA PROXECTIA CONSULTING, S.L., por incorrer en demora respecto do cumprimento do prazo do contrato por causas imputables á contratista, conforme co previsto nos artigos 193 e 194 da LCSP. A contía consistirá nunha penalidade diaria na proporción de 0,60 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato (39.000 € IVE excluído). A contía da penalidade ascende a 1.450,80 €, a razón de 23,40 €/día, durante 62 días.

2º.- Dar trámite de audiencia a RETNOVA PROXECTIA CONSULTING, S.L., por un prazo de 15 días hábiles para que alegue o que a seu dereito conveña.”

Sexto.- En data 13.12.2023, dáselle traslado do acordo adoptado pola Xunta de Goberno local á empresa Retnova Consulting, e comunícaselle que ten un prazo de 15 días contados a partir do día seguinte da recepción da notificación para presentar as alegacións que estime oportunas. A dita empresa recibe a notificación en data 14.12.2023, polo que o prazo para presentar as alegacións comezaría o día 15.12.2023 e remataría o 8.1.2024.

Sétimo.- En data 03.01.2024, dentro do prazo establecido, a empresa RETNOVA PROXECTIA CONSULTING, S.L presenta un escrito de alegacións ao dito acordo (doc nº 240001514) onde solicita “*modificar a contía da penalidade proposta*”, en base ás seguintes alegacións:

“...Segundo.- Que o prezo do contrato tomado para o cálculo da penalidade que se propón non é correcto, toda vez que o prezo do contrato ascende a trinta e seis mil euros (36.000, 00 €), resultado de multiplicar o prezo hora de formación ofertado polo número máximo de horas de formación licitadas (600). Ao respecto ver a Folla de Especificacións Técnicas (FEC) que forma parte do prego de cláusulas administrativas particulares, que no apartado L) di (o subliñado é noso): “TRÁTASE DUN CONTRATO DE SERVIZOS EN FUNCIÓN DAS NECESIDADES DA ADMINISTRACIÓN CON ORZAMENTO MÁXIMO (DISPOSICIÓN ADICIONAL 33a DA LCSP): sí. Ata un máximo de 600 horas.”.

Sendo que a oferta realizada por Retnova Proxectia Consulting, S.L. consistía nunha: “3. ...porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP DO 7,69 %”, o que equivale a un prezo ofertado de 60,00 €/hora de formación, o que multiplicado por 600 (número máximo de horas licitadas), da como resultado un importe total de 36.000, 00 €.

É por iso que se considera que para o cálculo da penalidade debe tomarse como referencia o prezo real da contratación: 36.000,00 €.

Terceiro.- Que se establece un atraso na realización da prestación de 62 días, o cal se considera incorrecto, toda vez que na cláusula 27 do PCAP (EXECUCIÓN DO CONTRATO), apartado 2, dise (a letra grosa e o subliñado son nosos):

O contratista deberá presentar un programa de traballo para a execución do contrato no prazo dos 15 días seguintes ao inicio da execución. Poderá exceptuarse esta obriga no caso de que xa se presentara na oferta técnica ou cando pola natureza do servizo, o servizo xestor non o considerase necesario. Neste suposto indícarase esta circunstancia no apartado 16.I da FEC.”.

Pola súa parte, no apartado 16.I da FEC, dise: “I) EXCEPTÚASE A OBRIGA DE PRESENTAR PROGRAMA DE TRABALLO: non”. Do anterior resulta que o contratista, Retnova Proxectia Consulting, S.L., dispoñía de 15 días naturais para presentar a programación didáctica.

Dado que o contrato se formalizou o 28.09.2023, a data límite para entregar a dita programación sería o 13.10.2023. Tendo en conta o anterior, a data de inicio a efectos da imposición da penalidade, sería o 14.10.2023

Cuarto.- Tendo en conta o exposto nos apartados segundo e terceiro anteriores, a penalidade a impoñer sería: 0,60 € x 36 = 21,60 €/día. Por tanto, 21,60 €/día x 47 días = 1.015,20 €”.

...”

III. FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- I -

Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

(disposición transitoria primeira da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP) e disposición transitoria segunda do Código Civil), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña ao TRLCSP

- II -

Da imposición de penalidades

A lexislación de contratos do sector público reconece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de impoñer penalidades polo incumprimento ou cumprimento defectuoso das obrigas derivadas dos contratos (artigos 192 a 194), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato nas cláusulas 38 e 39 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (en adiante PCAP).

A cláusula 38 do PCAP: *CLÁUSULA 38.- PENALIDADES*

1.- Cando o contratista, por causas que lle fosen imputables, incorrese en mora no cumprimento, tanto do prazo total como cos prazos parciais establecidos, para a imposición de penalidades estarase ao disposto no artigo 193 da LCSP.

O artigo 193 da LCSP: *Demora en la ejecución.*

1. El contratista está obligado a cumplir el contrato dentro del plazo total fijado para la realización del mismo, así como de los plazos parciales señalados para su ejecución sucesiva.

2. La constitución en mora del contratista no precisará intimación previa por parte de la Administración.

3. Cuando el contratista, por causas imputables al mismo, hubiere incurrido en demora respecto al cumplimiento del plazo total, la Administración podrá optar, atendidas las circunstancias del caso, por la resolución del contrato o por la imposición de las penalidades diarias en la proporción de 0,60 euros por cada 1.000 euros del precio del contrato, IVA excluido.

El órgano de contratación podrá acordar la inclusión en el pliego de cláusulas administrativas particulares de unas penalidades distintas a las enumeradas en el párrafo anterior cuando, atendiendo a las especiales características del contrato, se considere necesario para su correcta ejecución y así se justifique en el expediente.

4. Cada vez que las penalidades por demora alcancen un múltiplo del 5 por 100 del precio del contrato, IVA excluido, el órgano de contratación estará facultado para proceder a la resolución del mismo o acordar la continuidad de su ejecución con imposición de nuevas penalidades.

5. La Administración tendrá las mismas facultades a que se refieren los apartados anteriores respecto al incumplimiento por parte del contratista de los plazos parciales, cuando se hubiese previsto en el pliego de cláusulas administrativas particulares o cuando la demora en el cumplimiento de aquellos haga presumir razonablemente la imposibilidad de cumplir el plazo total.

O PCAP non prevé unhas penalidades distintas ás incluídas no artigo 193 da LCSP.

No caso que nos ocupa, a adxudicataria non dá comezo á execución do contrato ata o 29.11.2023, transcorridos 62 días contados desde o día seguinte á súa formalización, incorrendo en demora respecto do cumprimento do prazo do contrato por causas imputables e esta.

Polo tanto, neste caso procede a imposición dunha penalidade á contratista, en contía derivada de calcular unha proporción de 0,60 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato, IVA excluído, por cada día de demora, conforme co artigo 193 da LCSP.

Para o cálculo da contía da penalidade, polo tanto, é preciso coñecer dous datos: o prezo do contrato e os días de demora na execución por causas imputables á contratista.

A adxudicataria, no seu escrito, non alega desconformidade coa imposición da penalidade. As súas alegacións refírense ao cálculo da súa contía, ao considerar que tanto o prezo do contrato como os días de demora na execución deben ser outros.

Este informe responderá a estas dúas cuestións formuladas pola adxudicataria:

ALEGACIÓN 1:

Con respecto ao prezo do contrato, a empresa alega no seu escrito presentado no rexistro municipal o día 03.1.2024 o seguinte:

“Que o prezo do contrato tomado para o cálculo da penalidade que se propón non é correcto, toda vez que o prezo do contrato ascende a trinta e seis mil euros (36.000, 00 €), resultado de multiplicar o prezo hora de formación ofertado polo número máximo de horas de formación licitadas (600). Ao respecto ver a Folla de Especificacións Técnicas (FEC) que forma parte do prego de cláusulas administrativas particulares, que no apartado L) di (o subliñado é noso): “TRÁTASE DUN CONTRATO DE SERVIZOS EN FUNCIÓN DAS NECESIDADES DA ADMINISTRACIÓN CON ORZAMENTO MÁXIMO (DISPOSICIÓN ADICIONAL 33a DA LCSP): sí. Ata un máximo de 600 horas.”.

Sendo que a oferta realizada por Retnova Proxectia Consulting, S.L. consistía nunha: “3... porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP DO 7,69 %”, o que equivale a un prezo ofertado de 60,00 €/hora de formación, o que multiplicado por 600 (número máximo de horas licitadas), dá como resultado un importe total de 36.000, 00 €.

É por iso que se considera que para o cálculo da penalidade debe tomarse como referencia o prezo real da contratación: 36.000,00 €.”

RESPOSTA Á ALEGACIÓN 1:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

A cláusula 2ª do contrato asinado polas partes en data 28.09.2023 establece un prezo do contrato de 39.000 €, IVE exento, polo que esta é a contía que se terá en conta para o cálculo da penalidade, conforme co artigo 193 da LCSP.

ALEGACIÓN 2:

Con respecto aos días de demora, a empresa alega no seu escrito presentado no rexistro municipal o día 03.1.2024 o seguinte:

“Que se establece un atraso na realización da prestación de 62 días, o cal se consideras incorrecto, toda vez que na cláusula 27 do PCAP (EXECUCIÓN DO CONTRATO), apartado 2, dise (a letra grosa e o subliñado son nosos):

O contratista deberá presentar un programa de traballo para a execución do contrato no prazo dos 15 días seguintes ao inicio da execución. Poderá exceptuarse esta obriga no caso de que xa se presentara na oferta técnica ou cando pola natureza do servizo, o servizo xestor non o considerase necesario. Neste suposto indícarase esta circunstancia no apartado 16.I da FEC.”.

Pola súa parte, no apartado 16.I da FEC, dise: “I) EXCEPTÚASE A OBRIGA DE PRESENTAR PROGRAMA DE TRABALLO: non”. Do anterior resulta que o contratista, Retnova Proxectia Consulting, S.L., dispoñía de 15 días naturais para presentar a programación didáctica.

Dado que o contrato se formalizou o 28.09.2023, a data límite para entregar a dita programación sería o 13.10.2023. Tendo en conta o anterior, a data de inicio a efectos da imposición da penalidade, sería o 14.10.2023.”

RESPOSTA ALEGACIÓN 2:

As seguintes cláusulas do contrato asinado entre as partes fan referencia á data de inicio do contrato e ás obrigas que ten a contratista. Podemos sinalar as seguintes:

1º A cláusula 4 do contrato establece que o contrato comezará ao día seguinte á sinatura do mesmo pola Concelleira-delegada da Área de Goberno de Contratación e realizarase no período lectivo finalizando o mes de xuño.

O dito contrato foi asinado pola concelleira delegada e pola secretaria da Administración municipal o día 28.09.2023. A data de comezo do contrato debía ser, por tanto, o 29 de setembro de 2023.

2º A cláusula 29.7 do PCAP establece que unha vez adxudicado o contrato e, en todo caso, previamente ao inicio da súa execución, o contratista comunicará ao Concello de Vigo a relación de persoal que adscriba ao servizo, con indicación do nome, categoría, antigüidade e demais datos necesarios.

3º O apartado 13.A das FEC contidas no PCAP establece que antes do comenzo de contrato, o Concello de Vigo disporá copia da póliza finalmente subscrita e firmada pola Aseguradora para cubrir os riscos descritos, así como tamén dos correspondentes recibos liquidados.

Conforme estas cláusulas, a empresa debe comunicar á responsable do contrato a relación de persoal adscrito ao mesmo e presentar a copia da póliza subscrita os recibos do seu pagamento para que poida darse inicio á súa execución.

Se ben a adxudicataria presentou en data 03.10.2023 (documento 230307994) a relación do persoal que ía adscribir ao servizo, non así a restante documentación estipulada nos pregos. Ademais, o persoal que asignaba non estaba dispoñible para comezar o contrato ata xaneiro de 2024, tal e como a coordinadora da empresa manifestou na reunión presencial mantida coa responsable do contrato en data 17.10.2023 nas dependencias do Servizo de Igualdade. Nesa mesma reunión, así como en dúas posteriores, a responsable do contrato lembroulle á adxudicataria as súas obrigas con respecto ao cumprimento do contrato, en concreto a obriga de comezar a súa execución no prazo acordado.

Ademais, en data 27.11.2023 a responsable do contrato requiriu de novo á adxudicataria mediante correo electrónico o comezo da execución do contrato para dar cumprimento ás obrigas contidas nas súas cláusulas, advertíndoa de que o atraso na execución do contrato asinado entre as partes tería como consecuencia a imposición de penalidades.

Na data 29.11.2023, a adxudicataria achega un escrito (documento nº230385637) no cal comunica textualmente que xa "reúne as condicións necesarias para a execución do antedito contrato", e aporta a documentación necesaria que acredita que conta cos medios persoais esixidos, póliza de Responsabilidade Civil, recibo do pagamento deste, e a proposta de programación a desenvolver que deberá ser conformada pola responsable do contrato.

d) Se ben é certo que a cláusula 27.2 establece que o *contratista deberá presentar un programa de traballo para a execución do contrato no prazo dos 15 días seguintes ao inicio da execución*, atendendo a esta cláusula, a presentación do programa de traballo non é o que marca o inicio do contrato, senón que establece que a súa entrega se pode producir ata 15 días despois do seu inicio, unha vez o contrato está xa executándose.

Por conseguinte, conforme á cláusula 4 do contrato, o inicio do contrato debía ser o día 29 de setembro de 2023. Por causas imputables á contratista, produciuse unha demora na execución do contrato. A adxudicataria non achega a documentación que acredita atoparse en condicións de comezar a execución ata o 29.11.2023 (data na que a adxudicataria refire estar en disposición de comezar o contrato), dándose inicio a este o día 30.11.2023, con 62 días de demora. Conforme o artigo 193 da LCSP, procede a imposición dunha penalidade diaria.

CONCLUSIÓN:

Atendendo ao artigo 193 da LCSP, a contía da penalidade debe calcularse tendo en conta o prezo do contrato e os días de demora na súa execución por causas imputables á contratista. Por todo o anterior, tanto o prezo como os días de demora serán os indicados no contrato asinado entre as partes en data 28.09.2023, en concreto as seguintes cláusulas:

a) Cláusula 2.- O prezo do contrato é de 39.000 euros, IVE exento.

b) Cláusula 4.- O contrato comezará ao día seguinte á sinatura do mesmo pola Concelleira-delegada da Área de Goberno de Contratación e realizarase no período lectivo finalizando o mes de xuño. A demora, tal e como quedou explicado, é de 62 días.

Artigo 193.3 LCSP: *Cuando el contratista, por causas imputables al mismo, hubiere incurrido en demora respecto al cumplimiento del plazo total, la Administración podrá optar, atendidas las circunstancias del caso, por la resolución del contrato o por la imposición de las penali-*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

dades diarias en la proporción de 0,60 euros por cada 1.000 euros del precio del contrato, IVA excluido.

Polo tanto: 0,60 € x 39 = 23,40 €/día. Por tanto, 23,40 €/día x 62 días = 1.450,80 €.

A contía da penalidade proposta é a seguinte 1.450,80 €.

- III -

Do procedemento

A LCSP establece o seguinte procedemento para a imposición de penalidades:

Artículo 194. 2 Daños y perjuicios e imposición de penalidades.

2. Las penalidades previstas en los dos artículos anteriores se impondrán por acuerdo del órgano de contratación, adoptado a propuesta del responsable del contrato si se hubiese designado, que será inmediatamente ejecutivo, y se harán efectivas mediante deducción de las cantidades que, en concepto de pago total o parcial, deban abonarse al contratista o sobre la garantía que, en su caso, se hubiese constituido, cuando no puedan deducirse de los mencionados pagos.

O PCAP establece no apartado 1 das FEC que a responsable do contrato será a xefatura da Concellería de Igualdade, e na cláusula 1.3 que é competencia da responsable do contrato propor ao órgano de contratación a incoación de expediente para a imposición de penalidades e no suposto de mora na execución do contrato, emitir informe sobre se o atraso foi producido por motivos imputables á contratista.

No contrato que nos ocupa, o procedemento para a imposición de penalidades está recollido na cláusula 39 do PCAP: procedemento para a imposición de penalidades:

I. Órgano competente

As penalidades por incumprimento contractual ou cumprimento defectuoso, calquera que sexa a súa gravidade, imporanse pola Xunta de Goberno local.

II. Procedemento

As penalidades imponse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato, previa audiencia do contratista, por un prazo de quince días.

Este acordo será inmediatamente executivo.

Se o incumprimento puidera conlevar á resolución do contrato, a tramitación do correspondente expediente axustarase ao disposto no artigo 213 da LCSP.

III. Pagamento das penalidades

Realizarse mediante dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban abonarse ao contratista. Se non fose posible, sobre o importe da garantía definitiva. No seu defecto, o contratista deberá aboalas ingresando o seu importe na Caixa do Concello, dentro do prazo de trinta días hábiles seguintes á notificación.

Se transcorrese o prazo fixado sen que se aboase o seu importe, esixirase o pagamento pola vía de constrinximento administrativo.

- IV -

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

- V -

Acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“PRIMEIRO.- Desestimar expresamente, con base no informe-proposta transcrito na parte expositiva deste acordo e polos motivos que no mesmo se indican, as alegacións presentadas en data 3.1.2024 pola empresa RETNOVA PROXECTIA CONSULTING, S.L., adxudicataria do contrato de servizos para a xestión do “Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria. Camiña con nós pola igualdade”, ao Acordo da Xunta de Goberno Local de data 11.12.2023.

SEGUNDO.- Impoñer unha penalidade á empresa RETNOVA PROXECTIA CONSULTING, S.L., por incorrer en demora respecto do cumprimento do prazo do contrato de servizos para a xestión do “Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria. Camiña con nós pola igualdade”, por causas imputables á contratista, conforme co previsto nos artigos 193 e 194 da Lei de Contratos do Sector Público. A contía consistirá nunha penalidade diaria na proporción de 0,60 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato (39.000 € IVE excluído). A contía da penalidade ascende a 1.450,80 €, a razón de 23,40 €/día, durante 62 días, que se fará efectiva conforme co disposto no artigo 194 da LCSP.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución a RETNOVA PROXECTIA CONSULTING, S.L.”, con indicación de que este Acordo da Xunta de Goberno Local esgota a vía administrativa e contra o mesmo poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e os artigos 8.1 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(36).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO GASTO PARA O ANO 2024 EN RELACIÓN COA ADDENDA AO CONVENIO COA SOCIEDADE “SUPERVISIÓN Y CONTROL, S.A.U” CO FIN DE REGULAR O PROCEDIMENTO DE XESTIÓN E SISTEMA DE FACTURACIÓN DAS INSPECCIÓN TÉCNICAS (ITV) DOS VEHÍCULOS DA FLOTA MUNICIPAL. EXPTE. 13758/445.

Visto o informe de fiscalización de data 18/01/2024, dáse conta do informe-proposta de data 11/01/2024, asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, a técnica de xestión, o xefe do Servizos Xurídicos de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES.

I.- A Xunta de Goberno Local aprobou en sesión ordinaria de data 18 de xullo de 2.019 aprobar o Convenio de colaboración entre a Sociedade “Supervisión y Control, S.A.U” e o Concello de Vigo a fin de regular o procedemento de xestión e sistema de facturación das inspeccións técnicas (ITV) dos vehículos da flota municipal e a súa subscrición pola Sociedade “Supervisión y Control, S.A.U”; facultando ao Concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos para a sinatura do convenio.

II.- En base á referida necesidade a sociedade “Supervisión Y Control, S.A.U” e o Concello de Vigo no exercicio das súas competencias, asinaron o convenio en data 31 de xullo de 2.019.

III.- A Xunta de Goberno Local aprobou en sesión ordinaria de data 11 de maio de 2.023 o texto da ADDENDA AO CONVENIO ENTRE A SOCIEDADE “SUPERVISIÓN Y CONTROL, S.A.U” E O CONCELLO DE VIGO, A FIN DE REGULAR O PROCEDIMENTO DE XESTIÓN E SISTEMA DE FACTURACIÓN DAS INSPECCIÓN TÉCNICAS (ITV) DOS VEHÍCULOS DA FLOTA MUNICIPAL., prorrogando o prazo de vixencia do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SOCIEDADE “SUPERVISIÓN Y CONTROL, S.A.U” E O CONCELLO DE VIGO A FIN DE REGULAR O PROCEDIMENTO DE XESTIÓN E SISTEMA DE FACTURACIÓN DAS INSPECCIÓN TÉCNICAS (ITV) DOS VEHÍCULOS DA FLOTA MUNICIPAL, por un período adicional de catro anos, é dicir, até o día 31 de xullo de 2027.

A devandita addenda de prorroga foi asinada en data 16 de maio de 2023.

IV.- As necesidades relativas ás inspeccións técnicas son variables en función da xestión da flota de vehículos, e de acordo co alcance do convenio asinado coa sociedade “Supervisión Y Control, S.A.U”, e as previsións de realización de inspeccións técnicas para os vehículos da flota municipal para o período comprendido entre o 01.01.2024 ata o 31.12.2024, estimase dende os servizos técnicos do Parque Móbil, un gasto máximo de DEZA OITO MIL EUROS EUROS (18.000,00 €) IVE, taxas e gastos incluídos.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira. Lei Orgánica 7/2013, de 27 decembro de racionalización e sustentabilidade da Administración Local e Lei 5/2014, 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 7/13.
- Bases execución do orzamento do Concello de Vigo de 2.024.
- Lei 9/2.017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2.014/24/UE, de 26 de febreiro.
- Lei 40/15, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Real Decreto legislativo 2/2.004, de 5 marzo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

En base ao exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Autorizar o gasto polo importe máximo de DEZA OITO MIL EUROS EUROS (18.000,00 €), IVE, taxas e gastos incluídos, a favor da mercantil "Supervisión e Control, S.A.U", con cargo a aplicación orzamentaria 9202.227.99.00 "Tramitación documentación de vehículos" correspondente ao orzamento do exercicio 2024, con cargo á bolsa de vinculación, co obxecto de desenvolver no mesmo as inspeccións técnicas dos vehículos municipais, de acordo ao Convenio entre a sociedade "Supervisión e Control, S.A.U e o Concello de Vigo a fin de regular o procedemento de xestión e sistema de facturación das inspeccións técnicas (ITV) dos vehículos da flota municipal.

Segundo- Dar conta do presente acordo á "Supervisión e Control, S.A.U." como concesionaria da prestación do servizo de ITV e asinante do convenio co Concello de Vigo.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(37).- RECURSO DE ALZADA AO PROCESO SELECTIVO DE MESTRE FORMACIÓN DE PINTURA 3º FASE OEP 2017-18-19. EXPTE. 43160/220.

Dáse conta do informe-proposta de data 19/01/2024, asinado polo secretario e o presidente órgano de selección do proceso selectivo convocado para a provisión de unha praza de Mestre/a de Pintura da oferta de emprego público 2017, 2018 e 2019 do Concello de Vigo, que di o seguinte:

De conformidade co indicado na acta nº 8, sesión do 10 de xaneiro de 2024, do órgano de selección do proceso selectivo convocado para a provisión de 1 praza de Mestre/a de

Pintura da oferta de emprego público 2017, 2018 e 2019 do Concello de Vigo, elévase á Xunta de Goberno Local o seguinte informe proposta.

Rebeca Pérez Cruces (en adiante, RPC) presenta no Rexistro de entrada do Concello en data 15-11-2023 (doc. W996818-6428, expte 43160-220) recurso de alzada contra os acordos sobre a realización do primeiro exercicio da oposición e sobre os acordos de resolución de alegacións ás preguntas deste primeiro exercicio, solicitando a nulidade da corrección e puntuación do primeiro exercicio e da desestimación da reclamación presentada contra ese acto, así como a estimación do recurso, deixando sen efecto a calificación final de apto outorgada ao outro aspirante, Darío Álvarez Basso (en adiante, DAB).

ANTECEDENTES DE FEITO:

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local na sesión de 11 de agosto de 2022 aprobou a convocatoria dos procesos selectivos destinados á execución das Ofertas de Emprego Público do Concello de Vigo 2017, 2018 e 2019 e, así mesmo, aprobou as bases reitoras dos procesos selectivos destinados á execución das citadas ofertas de emprego público.

Dentro do obxecto desta convocatoria está a cobertura de 1 praza de mestre/a de Pintura, subgrupo C1 de titulación, polo sistema de oposición libre.

Segundo.- En data 16 de outubro de 2023 realizouse na Aula de Formación da Policía Local o primeiro exercicio da oposición consistente en contestar por escrito, durante un período máximo de 2 horas, a 4 temas elixidos ao chou mediante sorteo público celebrado en presenza dos aspirantes; un dos temas correspondeu ao primeiro apartado dos temas “A) Temas Xerais” e o resto ao apartado “B) Temas Específicos”, do temario correspondente á praza.

Terceiro- En data 17 de outubro de 2023 procedeuse á lectura pública desta proba, na Biblioteca da Escola municipal de artes e oficios (EMAO) e o 18 de outubro publicáronse os resultados deste exercicio outorgando un prazo de tres días hábiles para a presentación de reclamacións.

Cuarto.- Con data 23 de outubro de 2023 (Rexistro de Entrada de 25/10/23), a candidata RPC presenta Reclamación previa solicitando as actas das sesións do órgano de selección de datas 16 e 17 de outubro e copia anonimizada dos exercicios dos dous opositores, así como a reconsideración da puntuación concedida. Na acta da sesión do 6 de novembro de 2023 do órgano de selección, indícase que *“O Tribunal, revisado novamente o exercicio realizado pola interesada, considera que dacordo cos criterios de avaliación fixados nas bases específicas, a puntuación que lle foi otorgada é a correcta, ratificándose na súa nota”*.

Quinto.- Con data 27 de outubro, a candidata RPC presenta Reclamación solicitando a acta da sesión ou sesións do órgano de selección relacionadas co Segundo exercicio da oposición así como copia ou reportaxe fotográfica que figure no expediente respecto dos exercicios prácticos realizados polos dous aspirantes.

Sexto.- O día 9 de novembro, a candidata RPC comparece diante do Secretario do Tribunal, facéndoselle entrega, de conformidade co establecido polo órgano de selección na súa se-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

sión de data 6 de novembro de 2024, da documentación solicitada en relación aos dous exercicios da oposición realizados.

Sétimo.- Con data 15 de novembro de 2023 a candidata RPC presenta Recurso de alzada ante o órgano superior xerárquico do órgano de selección, solicitando a nulidade das decisións do órgano de selección (corrección e puntuación do primeiro exercicio da oposición realizado polo aspirante DAB e desestimación da reclamación presentada pola recurrente), deixando sen efecto a calificación final de apto outorgado ao aspirante DAB no citado exercicio. Conforme ao disposto no artigo 118.3 da citada Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, deuse traslado do recurso ao outro interesado, mediante a correspondente notificación, concedendo un prazo de 10 días para presentación de alegacións *“Si hubiera otros interesados se les dará, en todo caso, traslado del recurso para que en el plazo antes citado, aleguen cuanto estimen procedente”*.

Oitavo.- Con data 28 de decembro de 2023, o candidato DAB presenta escrito no Rexistro Xeral (Doc 230420830) de Oposición ao Recurso de Alzada, no que nega calquera validez probatoria ao documento unido ao Recurso (suposta transcripción literal realizada pola propia recurrente da gravación fonográfica do acto de lectura pública do primeiro exercicio da oposición, gravación realizada sen autorización nen consentimento de ningunha das partes implicadas), solicitando o seu rechazo, indicando que, aínda de ser considerado, non acreditaría as hipotéticas modificacións ou adicións denunciadas, solicitando se dicte resolución desestimatoria do recurso, confirmando integramente as puntuacións asignadas polo órgano de selección, continuando co proceso selectivo ata a súa resolución final.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira.- O artigo 121 da Lei 39/2015 regula o recurso de alzada dispoñendo que:

“ 1. Las resoluciones y actos a que se refiere el artículo 112.1, cuando no pongan fin a la vía administrativa, podrán ser recurridos en alzada ante el órgano superior jerárquico del que los dictó. A estos efectos, los Tribunales y órganos de selección del personal al servicio de las Administraciones Públicas y cualesquiera otros que, en el seno de éstas, actúen con autonomía funcional, se considerarán dependientes del órgano al que estén adscritos o, en su defecto, del que haya nombrado al presidente de los mismos.

2. El recurso podrá interponerse ante el órgano que dictó el acto que se impugna o ante el competente para resolverlo.

Si el recurso se hubiera interpuesto ante el órgano que dictó el acto impugnado, éste deberá remitirlo al competente en el plazo de diez días, con su informe y con una copia completa y ordenada del expediente.

El titular del órgano que dictó el acto recurrido será responsable directo del cumplimiento de lo previsto en el párrafo anterior.”

Segunda.- A recurrente RPC está lexitimada para a presentación do recurso, e este foi formulado en tempo e forma, polo que procede admitir a trámite o recurso de alzada interposto.

Terceira.- O recurso basease en que a recurrente afirma que o candidato DAB “*indujo a error al Tribunal calificador en la comprensión del ejercicio escrito*”, ao “*improvisar*” e non facer unha “*reproducción literal del contenido del examen escrito*”, “*alterando las reglas del juego que deben de presidir el proceso selectivo*”, xogando cunha “*intolerable ventaja sobre la otra persona aspirante al proceso*”.

En base ao exposto solicita a nulidade das decisión adoptadas polo órgano de selección, deixando sen efecto a calificación final de apto que foi outorgada ao aspirante DAB.

Valoración do Recurso de alzada presentado:

En relación ao Recurso de alzada presentado por Rebeca Pérez Cruces e dirixido contra o “*acto de corrección y puntuación del primer ejercicio de la oposición, realizado por el órgano de selección el día 17 de octubre de 2023*” e contra a “*desestimado expresa de las alegaciones presentadas por la aquí recurrente contra aquel acto precedente del órgano de selección*”, este Tribunal, reunido en data 10 de xaneiro de 2024, manifesta o seguinte:

1º) Consideramos cando menos irregular o feito de que a reclamación se basee nunha gravación, realizada supostamente pola recurrente, da lectura dos exames feita sen comunicación previa, sen coñecemento nin autorización (nin do Tribunal nin da outra persoa candidata) e sen garantía algunha da súa custodia ...

2º) Non se entra a valorar en detalle á “transcripción” da gravación da lectura do 1º exercicio dunha das persoas candidatas, xa que o Tribunal entende que en absoluto hai intención de engano, pois as diferencias reflectidas carecen de importancia e trascendencia, non aportando ningún coñecemento novo nin máis amplo, resultando irrelevantes (son siglas, artigos, abreviaturas, enlaces ...), ao igual que as diferencias detectadas entre o lido e o escrito en aspectos concretos na lectura da candidata RPC (escribe “s. XXVI” e le “siglo XVI”, corrixindo na lectura o seu erro). O Tribunal entende que non hai ánimo de engano ao órgano de selección por parte do candidato DAB pois, no único punto no que hai diferenza entre o escrito e o falado, o candidato aludido pide autorización ao Tribunal para a explicación dun gráfico incluído no texto, e é o que fai. A evidente irrelevancia do indicado como diferencias entre o léido e o escrito confirma para este Tribunal a ausencia de intención de engano do candidato.

3º) Este Tribunal fixo a valoración do primeiro exercicio da oposición en base ao manifestado polas persoas candidatas durante a lectura pública, e ao seu posterior cotexo co escrito no papel. Ao ser só dúas as persoas candidatas, o Tribunal detívose na lectura dos exames para proceder á súa calificación. As notas correspondentes establecéronse pola media ponderada da puntuación outorgada por cada membro do Tribunal con dereito a voto.

Este procedemento repetíuse como consecuencia da reclamación presentada pola recurrente no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 23 de outubro de 2023, reclamación que, para a súa resposta, requeríu de novo do visionado e valoración dos exames en papel.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

Para unha mellor comprensión da calificación outorgada polo Tribunal ás persoas candidatas no Primeiro Exercicio da Oposición convocada, achégase a valoración realizada polo asesor do Tribunal (José Antonio Castro Muñiz, profesor da Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo) en relación aos temas do temario específico e a valoración do propio Tribunal en relación ao tema do temario xeral.

Valoracións de Jose Antonio Castro Muñiz (asesor):

“TEMA 7.- LA PROPORCIÓN DEL CUERPO HUMANO

EN EL EJERCICIO DE LA CANDIDATA REBECA PÉREZ CRUCES:

- Se afirma hablando del canon de Policleto un proporción de 7 a 8 cabezas esto es un error. El las dos estatuas en las que aplica Policleto su canon famoso y que son el Doríforo y el Diadúmeno la proporción es de 7 cabezas no de 8. Dado que son estatuas muy altas 220 cm de altura, superiores a la estatura media de un ser humano tenía sentido esa proporción para hacerlos muy poderosos. Fueron esculpidas aproximadamente en el 420 a. de C. Lisipo crearía un canon de 7 cabezas y media no de 8 como pone la candidata.

- Alberto Durero no es del S.XXVI como es obvio en la cita de la candidata. Nace en el Siglo XV y Fallece a comienzos del siglo XVI. Pero tampoco habla de su estudio de la proporción y desproporción del rostro humano en su estudio “Proportion de L'home Livre” de la que fue pionero.

- No describe para nada el modelo del Modulor de Le Corbusier y su relación con la proporción áurea matemáticamente calculada a través del número Pi.

EN EL EJERCICIO DEL CANDIDATO DARÍO ÁLVAREZ BASSO:

- Se describe sin errores la proporción del canon griego inicial de 7 cabezas que evolucionaría en el Renacimiento al de 8 y describe dicha evolución en el hombre de Vitruvio de Leonardo.

- Desarrolla la idea del Modulor de Le Corbusier basado en el modelo matemático del número Pi. También cita su aplicación basada en la arquitectura y la proporción áurea fundamental en el modelo de Le Corbusier y propone una serie de ejercicios para los alumnos empleando el Modulor. Escuetto pero más práctico y didáctico, preciso y sin errores.

TEMA 10.- EL COLOR LA SÍNTESIS ADITIVA

EN EL EJERCICIO DE LA CANDIDATA REBECA PÉREZ CRUCES

- Confunde los términos síntesis aditiva con síntesis “adictiva” (que no sabemos a qué se refiere con adictiva) que repite en varias ocasiones. Debería citar síntesis sustractiva al hablar del color del pigmento.

- No existen infinitos colores como afirma “Una variedad infinita de colores mezclando los colores primarios”. En realidad los colores que se obtienen en RGB son: $256 \times 256 \times 256$ que es 16.777.216 colores diferentes con variaciones tonales del rojo al violeta son muchos pero no infinitos. El ojo humano solo percibe colores entre los 400 nanómetros y los 700 nanómetros fuera de esas longitudes de onda no vemos. Los dispositivos de visualización que no especifica varían del video en VGA y SVGA a los monitores de televisión y ordenadores actuales en RGB.

EN EL EJERCICIO DEL CANDIDATO DARÍO ÁLVAREZ BASSO:

Su exposición es correcta en cuanto a la descripción de la síntesis aditiva al igual que el de la candidata anterior. Pero además es más completo al citar a Maxwell.

- Cita a Clark Maxwell que en 1860 a poco de inventarse la fotografía ya expone la teoría del color y la colorimetría RGB. Mucho más completa que la teoría de Newton. Rojo Bermellón, verde esmeralda y azul marino como colores primarios. Su triángulo de colores es mucho más preciso ya que hay varios colores de cada uno. El experimento de Maxwell es funda-

mental para entender la colorimetría posterior tanto en fotografía como en monitores como en cañones de luz en el espacio de color RGB. Este aspecto completa y explica mejor que el de la candidata que basa su exposición en los tres colores de Newton mucho más antiguo y desfasado.

TEMA 12.- EI CLAROSCURO

EN EL EJERCICIO DEL CANDIDATO DARÍO ÁLVAREZ BASSO:

- Explica muy claramente los fundamentos del claroscuro. Sus partes:

- Zona donde impacta la luz (luz)
- Zona de tono medio (penumbra)
- Zona Oscura (oscuridad)
- Zona de sombra arrojada
- Reflejo de objetos sobre el mismo

- PROPONE UNA SERIE DE EJERCICIOS DIDÁCTICOS PARA LOS ALUMNOS:

Basándose en las experiencias de Cézanne acerca de cómo aplicar dichas zonas en un ejemplo concreto ya que el gran maestro francés, aprendió la modulación del color de los otros grandes maestros barrocos como Zurbarán y Ribera pero empleando un método más moderno, creó el contorno de los objetos mediante la gradación de las tonalidades. Esto es muy importante a la hora de la docencia de la asignatura de pintura.

- AL HABLAR DE LA HISTORIA: Cita como origen la grisalla y su aplicación posterior en el Barroco con autores de dicho siglo XVII claramente expuestos y bien citados.

- Es importante su descripción de los viajes de Rubens a España que influirían en pintores como Velázquez y otros maestros del Claroscuro en el S. XVII españoles.

- Ahondando en la evolución histórica de Vermeer y Rubens y pintores españoles reconocidos por el uso del claroscuro no citados en el ejercicio de la candidata anterior como Sánchez Cotán a parte de los más conocidos no incurriendo en los errores ya citados del ejercicio de la candidata.

EN EL EJERCICIO DE LA CANDIDATA REBECA PÉREZ CRUCES:

- No se especifican dichos aspectos fundamentales del claroscuro.

- La etimología de la palabra incurre en error al decir que proviene del italiano "Chia y oscuro". Más bien chiaro y oscuro, es una imprecisión.

- Alude a un autor que no existe o al menos en la legibilidad de su escritura transcribimos Balinelli en la técnica de la grisalla que proviene del francés: Grisaille aludida en la tesis doctoral de Andrés Torres Carceller sin un origen definido y desarrollada fundamentalmente en período prerromano y posteriormente en el medievo. Conocemos la obra de Baldinucci trata el tema de la grisalla en el siglo XV. Pero el claroscuro es claramente desarrollado en el Barroco S. XVII con artistas como Zurbarán, Caravaggio, Tintoretto, Adam de Coster, Rembrandt, Rivera, etc.

- Tampoco otro autor que cita "Wölfflin" existe como experto en el claroscuro lineal. Puede tal vez referirse a Henrich Wölfflin de mediados del S. XX. Gran teórico que formula los cinco principios opuestos en forma y estilo de los siglos XVI y XVII. Renacimiento y Barroco. Bastante confusas sus citas e imprecisiones.

Un poco confusa la exposición de la candidata en cuanto a las diferencias del claroscuro del plano, profundidad y el lineal que Wölfflin, si es de ahí de donde toma esos datos la candidata, desarrolla magistralmente.

Valoración do Tribunal

TEMA 2.- A ADMINISTRACIÓN DO ESTADO, A ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA E A ADMINISTRACIÓN LOCAL. ADMINISTRACIÓN INSTITUCIONAL E CORPORATIVA. A RELACIÓN XURÍDICO-ADMINISTRATIVA: OS DEREITOS DOS CIDADÁNS NAS SÚAS RELACIONES COA ADMINISTRACIÓN



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

No que respecta á valoración do tema 2 dos xerais para o subgrupo C1, o candidato DAB desenvolve un exercicio máis completo e contextualizado, no cal concreta e nomea a estrutura xerárquica das distintas administracións, e reflicte máis claro e conciso consonte ao marco normativo, os dereitos dos cidadáns na súas relacións coa Administración. A candidata RPC desenvolve un exercicio máis incompleto (non cita ás deputacións provinciais ao falar da administración local, por exemplo), cos contidos mínimos, menos riguroso xa que non contempla a estrutura xerárquica das distintas administracións, agás as cuestións competenciais, e formula de xeito máis escueto os dereitos dos cidadáns na súas relacións coa Administración”.

4º) Ao non variar, a xuízo deste Tribunal, as características, contidos e condicionantes dos actos realizados ata a data, procede confirmar a puntuación outorgada ás persoas candidatas á praza de “Mestre de formación en Pintura”, desestimando o recurso do alzada presentado.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Constitución Española de 6 de decembro de 1978.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Bases reitoras dos procesos selectivos destinados á execución das Ofertas de EMPREGO Público do concello de Vigo 2017, 2018 e 2019 publicadas no Boletín oficial da Provincia de Pontevedra núm. 180 do 20 de setembro de 2022.

Polo exposto, de conformidade co disposto no artigo 121 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e as bases reguladoras do procedemento de selección fórmulase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Desestimar o recurso de alzada interposto por dona Rebeca Pérez Cruces (expte 43160-220) en data 15 de novembro de 2023 contra os acordos do órgano de selección sobre realización do primeiro exercicio da oposición e contra o acordo de resolución de reclamación previa presentada ao primeiro exercicio do procedemento selectivo para a provisión de unha praza de mestre/a de Pintura, en base á motivación exposta.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

13(38).- NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO EN PRÁCTICAS NA CATEGORÍA DE INSPECTOR NO CORPO DA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 42405/220.

Visto o informe de fiscalización de data 23/01/2024, dáse conta do informe-proposta de data 02/06/2023, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- En data 30/05/2022 asínase convenio entre o Concello de Vigo e a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo da Xunta de Galicia para asunción polo Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de policía local, e ás praza de auxiliares de policía local ou vixiantes municipais, polo que as ditas prazas pasarán a tramitarse na súa totalidade pola Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP).

II.- Con data 05/10/2022 publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG núm. 190) a Orde pola que se convocaba o proceso selectivo de acceso por promoción interna e o proceso de provisión por mobilidade nos corpos da Policía Local de Galicia, escala executiva, categoría de inspector. Esta convocatoria incluía seis prazas no proceso de promoción interna e dúas prazas no proceso de provisión por mobilidade do Concello de Vigo.

III.- O 13/01/2022 a AGASP remite comunicación ao Concello de Vigo coa proposta de adxudicación de sete prazas e a indicación de que *“A praza que resultou vacante no proceso será convocada nos vindeiros días segundo o previsto no artigo 38.c da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, tal e como solicitou o seu concello mediante escrito de data 16/11/2022.”*

IV.- Con data 09/02/2023 publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG núm. 28) a Orde do 01/02/2023 pola que se convocaba o proceso selectivo de acceso por promoción interna previsto no artigo 38.c) da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, nos corpos da Policía Local de Galicia, escala executiva, categoría de inspector. Esta convocatoria incluía unha praza no proceso de promoción interna do Concello de Vigo.

V.- O 31/05/2023 a AGASP remite comunicación ao Concello de Vigo que indicando: *“... Con data 29/05/2023 o Tribunal designado para cualificar o proceso selectivo de promoción interna previsto no artigo 38.c) da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, nos corpos da Policía Local de Galicia, escala executiva, categoría de inspector, convocado pola Orde do 1 de febreiro de 2023, publicada no Diario Oficial de Galicia número 28 do 9 de febreiro, de acordo co establecido na base 8.1 de dita convocatoria, remitiu á Agasp a relación de persoas aprobadas no proceso.*

Con data 29/05/2023 o director xeral da Agasp emitiu resolución de adxudicación de praza. De acordo coa proposta do Tribunal e coa resolución da Dirección Xeral da Agasp, a persoa designada para ocupar praza nese concello é:

- J.E. Comesaña Rosende

VI.- Consta no expediente (trámite 4), certificación da AGASP do cumprimento dos requisitos esixidos para o nomeamento como persoal funcionario en prácticas na categoría de inspector no Corpo da Policía Local do Concello de Vigo, segundo os requisitos establecidos no punto 2.1 da Orde do 01/02/2023 pola que se aproban as bases xerais reguladoras do proceso selectivo, do aspirante referido no punto anterior.

VII.- Consta informe de verificación administrativa segundo o cal: **“J.E. Comesaña Rosende, con DNI ***6271****, achegou a documentación para o correcto acceso ao emprego público requirida nas bases e convocatoria aprobados para a provisión da praza de Inspector de Policía, enmarcada no grupo A, subgrupo A2 de titulación, escala administración especial subescala, servizos especiais, clase policía local, categoría Inspector de policía.”

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- Normativa de aplicación

A) -Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”

- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución."

B) No ámbito da **Policía local** a Constitución española recolle no título VIII, artigo 148.1º.22, como unha das competencias que poderán asumir as comunidades autónomas, a coordinación e demais facultades relacionadas cas policía locais, nos términos que estableza unha lei orgánica. Neste marco, a Lei orgánica 2/1986, de 13 de marzo, regula no seu artigo 39 as competencias das comunidades autónomas.

De conformidade coas mencionadas disposicións, e no ámbito das competencias asumidas pola Comunidade Autónoma de Galicia, se promulgou a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais. Ase mesmo é de aplicación o Decreto 243/2008, de 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais.

A base 8.2 da Orde de data 01/02/2023 (DOG núm. 28) pola que se convocaba o proceso selectivo de acceso por promoción interna nos corpos da Policía Local de Galicia, escala executiva, categoría de inspector, dispón que:

"Unha vez acreditada a posesión dos requisitos exixidos, as persoas aspirantes serán nomeadas persoal funcionario en prácticas na categoría de inspector, mediante resolución da correspondente Alcaldía, que se publicará no Boletín Oficial da provincia (BOP).

En caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida ou concorrencia de calquera outra causa que impida o nomeamento dunha persoa aspirante como persoal funcionario en prácticas ou prive de eficacia ao nomeamento xa realizado, o Concello comunicará esta circunstancia á Dirección Xeral da Agasp, que substituirá a persoa afectada pola primeira que figure na lista de reserva, sempre con anterioridade ao desenvolvemento do correspondente curso selectivo de formación.”

O apartado 8.3. relativo ao curso selectivo de formación: *“As persoas aspirantes aprobadas no proceso deberán superar un curso selectivo de formación teórico-práctico na Agasp como requisito indispensable para acceder á condición de persoal funcionario de carreira na categoría de inspector, escala executiva, de conformidade co disposto no artigo 36 da Lei 4/2007, do 20 de abril, e no artigo 16 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro.*

Só estarán dispensadas de realizar o devandito curso aquelas persoas que xa o superasen con anterioridade na Agasp. En tal caso, serán nomeadas directamente na condición de persoal funcionario de carreira na categoría de inspector.

No caso da non incorporación ao curso ou de abandono deste sen rematalo, salvo por causas excepcionais, considerarase que a persoa aspirante non superou o proceso.

O alumnado que non supere o curso teórico-práctico na Agasp, incluídas as probas de carácter extraordinario, perderá todos os dereitos alcanzados no proceso.”

II.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.
- c) La intervención material del pago.
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

III.- Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Seguridade, Contratación, e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Decreto da Excm. Alcaldía de 16/04/2021 e por acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021, Resolución da Alcaldía do 06/09/2022 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 08/09/2022.

PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO.- Nomear, de conformidade coa proposta remitida pola AGASP, como persoal funcionario en prácticas na categoría de Inspector, ao aspirante **J.E. Comesaña Rosende**, con DNI ***6271**.

SEGUNDO.- Dispoñer que a persoa nomeada deberá superar o curso selectivo de formación teórico-práctico previsto na base 8.3 da convocatoria (Orde de data 01/02/2023 -DOG núm. 28-) como requisito indispensable para acceder á condición de persoal funcionario de carreira na categoría de inspector, escala executiva, de conformidade co disposto no artigo 36 da Lei 4/2007, do 20 de abril, e no artigo 16 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro.

No caso da non incorporación ao curso ou de abandono deste sen rematalo, salvo por causas excepcionais, considerarase que a persoa aspirante non superou o proceso perdendo todos os dereitos alcanzados.

TERCEIRO.- Proceder a publicación na BOPPO e notificar o presente acordo á persoa interesadas, á Intervención Xeral Municipal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(39).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO PREVENTIVO E CORRECTIVO DAS INSTALACIÓNS DE CLIMATIZACIÓN E CALEFACCIÓN NOS EQUIPAMENTOS ADSCRITOS Á ÁREA DE CULTURA. EXPTE. 5206/330.

Visto o informe xurídico do 22/01/2023 e o informe de fiscalización do 23/01/2023, dáse conta do informe-proposta de data 17/01/2023, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.
- Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.

ANTECEDENTES

No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 9 de novembro de 2023.
- Memoria económica de data 12 de xaneiro de 2024, asinada polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e mailo concelleiro-delegado de Cultura.
- Certificados de retención de crédito de data 15 de xaneiro de 2024 (operacións RC nº 202400004399, 202400004402 e 202400004403; e RCFUT 202400004404, 202400004406 e 202400004407).
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de data 12 de xaneiro de 2024, asinado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, co conforme do concelleiro-delegado de Cultura.
- Declaración de neutralidade do redactor prego de prescricións técnicas de data 12 de xaneiro de 2024, asinada polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.
- Memoria xustificativa de data 12 de xaneiro de 2024, asinada polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado da Área de Cultura e maila



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística.

- Informe, de data 16 de xaneiro de 2024, da técnica de administración xeral e maila xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 16 de xaneiro de 2024, redactado pola técnica de administración xeral.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

Segundo: O expediente de contratación se iniciará polo órgano de contratación de acordo co disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público; no Concello de Vigo esta competencia atopábase delegada nos Concelleiros-delegados de Área, segundo o acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de xullo de 2023, polo que se aproba a modificación de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados de Área de Goberno e nos concelleiros delegados e aprobación do texto refundido (expte 1483/1102), no apartado terceiro, punto 6.

Terceiro: En cumprimento do establecido no artigo 28 da LCSP a concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística asinou con data 9 de novembro de 2023 o informe da necesidade e idoneidade, coa resolución que inicia o expediente, da contratación dos servizos de mantementos preventivos e correctivos das instalacións de climatización e calefacción, regulado por normativas legais de aplicación, nos equipamentos adscritos á Área de Cultura, en concreto as Bibliotecas Públicas (Biblioteca Pública "Juan Compañel", Biblioteca Municipal "Xosé Neira Vilas" e Casa Galega da Cultura), o Auditorio Municipal do Concello e o propio servizo da Área de Cultura.

Cuarto: De acordo co establecido no artigo 116.4 LCSP consta a memoria xustificativa asinada polo Xefe do Servizo de Xestión e Pomoción Cultural, conformada polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, e o prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 da LCSP), así como o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola técnica de administración xeral.

Quinto: Na memoria económica xustifícase entre outras cuestións:

- Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
- Ao tratarse dun servizo no que o custo económico principal son custos laborais, consta que se consideraron os termos económicos dos convenios colectivos sectoriais, nacionais, autonómicos e provinciais aplicables (artigo 102.1 e 3 LCSP).

- Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).

Sexto: Na memoria xustificativa xustifícase, entre outras cuestións:

- Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP).
- Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
- A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta innecesaria por tratarse dun procedemento aberto. Polo seu valor estimado pode tramitarse como un procedemento aberto simplificado (artigo 159 da LCSP).
- Xustificación do prazo de duración do contrato e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
- Ao tratarse dun procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada non se require a acreditación de solvencia (artigo 159.6 da LCSP).
- Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
- Lugar de entrega das prestacións obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Xustificación das condicións especiais de execución (artigos 116.4.c) e 202 LCSP).

Sétimo: No relativo á clasificación do contrato, trátase dun contrato de servizos segundo o establecido no artigo 17 Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público. O contrato ten carácter administrativo de acordo ao disposto no artigo 25 da LCSP. A forma de tramitación será a ordinaria.

A adxudicación realizarase por sistema de procedemento aberto simplificado.

Oitavo De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Noveno: O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento foi emitido pola Intervención Xeral con data 15 de xaneiro de 2024.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

Décimo: Os abaixo asinantes declaran a ausencia do conflito de intereses en relación co presente expediente nos termos da resolución aprobada pola Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal do 3/3/2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación do Concello de Vigo.

Décimo primeiro: A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, coas conformidades do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística e mailo concelleiro-delegado da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

1º.- Aprobado a contratación, a través de procedemento aberto simplificado, dos servizos de mantementos preventivos e correctivos das instalacións de climatización e calefacción, regulado por normativas legais de aplicación, nos equipamentos adscritos á Área de Cultura, en concreto as Bibliotecas Públicas (Biblioteca Pública “Juan Compañel”, Biblioteca Municipal “Xosé Neira Vilas” e Casa Galega da Cultura), o Auditorio Municipal do Concello e o propio servizo da Área de Cultura.

2º.- Aprobado o Prego de prescricións técnicas que rexerá a citada contratación, de data 12 de xaneiro de 2024, redactado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.

3º.- Aprobado o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a citada contratación, de data 16 de xaneiro de 2024, redactado pola técnica de administración xeral.

4º.- Autorizar o gasto por importe total de **30.564,60 € (25.260,00 €, sen IVE, máis 5.304,60 € correspondentes de IVE)**, con cargo ás seguintes aplicacións presupostarias e anualidades:

2024 (9 meses: abril-décembro)	2025 (12 meses: xaneiro-décembro)	2026 (3 meses: xaneiro-marzo)
11.461,68 €	15.282,30 €	3.820,62 €

* En 2024.- (9 meses: abril-décembro)

3321.227.99.00 “Prestación de servizos”: 7.441,74 €

3331.227.99.00 “Traballos e servizos”: 2.009,97 €

3340.227.99.00 “Traballos e servizos”: 2.009,97 €

* En 2025.- (12 meses: xaneiro-decembro)

3321.227.99.00 "Prestación de servizos": 9.922,32 €

3331.227.99.00 "Traballos e servizos": 2.679,99 €

3340.227.99.00 "Traballos e servizos": 2.679,99 €

* En 2026.- (3 meses: xaneiro-marzo)

3321.227.99.00 "Prestación de servizos": 2.480,58 €

3331.227.99.00 "Traballos e servizos": 670,02 €

3340.227.99.00 "Traballos e servizos": 670,02 €

5º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(40).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO PREVENTIVO, CORRECTIVO E REGULAMENTARIO DOS ELEVADORES, PORTAS AUTOMÁTICAS E PLATAFORMA SALVAESCALEIRAS DOS CENTROS ADSCRITOS Á REDE DE MUSEOS MUNICIPAIS. EXPTE. 3512/341.

Visto o informe xurídico do 19/01/2024 e o informe de fiscalización do 23/01/2024, dáse conta do informe-proposta de data 15/01/2024, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.
- Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.

ANTECEDENTES

No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 9 de novembro de 2023.
- Memoria económica de data 9 de xaneiro de 2024, asinada polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e mailo concelleiro-delegado de Cultura.
- Certificados de retención de crédito de data 12 de xaneiro de 2024 (operacións nº 202400004246 e 202400004247).
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de data 9 de xaneiro de 2024, asinado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, co conforme do concelleiro-delegado de Cultura.
- Declaración de neutralidade do redactor prego de prescricións técnicas de data 9 de xaneiro de 2024, asinada polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.
- Memoria xustificativa de data 9 de xaneiro de 2024, asinada polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado da Área de Cultura e maila concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística.
- Informe, de data 12 de xaneiro de 2024, da técnica de administración xeral e maila xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 12 de xaneiro de 2024, redactado pola técnica de administración xeral.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

Segundo: O expediente de contratación se iniciará polo órgano de contratación de acordo co disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público; no Concello de Vigo esta competencia atopábase delegada nos Concelleiros-delegados de Área, segundo o acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de xullo de 2023, polo que se aproba a modificación de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados de Área de Goberno e nos concelleiros delegados e aprobación do texto refundido (expte 1483/1102), no apartado terceiro, punto 6.

Terceiro: En cumprimento do establecido no artigo 28 da LCSP a concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística asinou con data 9 de novembro de 2023 o informe da necesidade e idoneidade, coa resolución que inicia o expediente, da contratación dos servizos de mantementos preventivos, correctivos e regulamentarios de aparellos elevadores, portas automáticas e plataforma salvaescaleiras en centros adscritos á Rede de Museos Municipais.

Cuarto: De acordo co establecido no artigo 116.4 LCSP consta a memoria xustificativa asinada polo Xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, conformada polo concelleiro-de-

legado da Área de Cultura, e o prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 da LCSP), así como o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola técnica de administración xeral.

Quinto: Na memoria económica xustifícase entre outras cuestións:

- Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
- Ao tratarse dun servizo no que o custo económico principal son custos laborais, consta que se consideraron os termos económicos dos convenios colectivos sectoriais, nacionais, autonómicos e provinciais aplicables (artigo 102.1 e 3 LCSP).
- Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).

Sexto: Na memoria xustificativa xustifícase, entre outras cuestións:

- Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP).
- Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
- A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta innecesaria por tratarse dun procedemento aberto. Polo seu valor estimado pode tramitarse como un procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada (artigo 159.6 da LCSP).
- Xustificación do prazo de duración do contrato e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
- Ao tratarse dun procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada non se require a acreditación de solvencia (artigo 159.6 da LCSP).
- Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
- Lugar de entrega das prestacións obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Xustificación das condicións especiais de execución (artigos 116.4.c) e 202 LCSP).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

Sétimo: No relativo á clasificación do contrato, trátase dun contrato de servizos segundo o establecido no artigo 17 Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público. O contrato ten carácter administrativo de acordo ao disposto no artigo 25 da LCSP. A forma de tramitación será a ordinaria.

A adxudicación realizarase por sistema de procedemento aberto simplificado abreviado.

Oitavo De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Noveno: O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento foi emitido pola Intervención Xeral con data 12 de xaneiro de 2024.

Décimo: Os abaixo asinantes declaran a ausencia do conflito de intereses en relación co presente expediente nos termos da resolución aprobada pola Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal do 3/3/2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación do Concello de Vigo.

Décimo primeiro: A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, coas conformidades do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística e mailo concelleiro-delegado da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

1º.- Aprobar a contratación, a través de procedemento aberto simplificado abreviado, dos servizos de mantementos preventivos, correctivos e regulamentarios de aparellos elevadores, portas automáticas e plataforma salvaescaleiras en centros adscritos á Rede de Museos Municipais.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas que rexerá a citada contratación, de data 9 de xaneiro de 2024, redactado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.

3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a citada contratación, de data 12 de xaneiro de 2024, redactado pola técnica de administración xeral.

4º.- Autorizar o gasto por importe total de **27.098,68 €**, **co IVE incluído** (22.395,52 € sen IVE, máis 4.703,06 € correspondentes de IVE), con cargo á aplicación orzamentaria 3330.227.99.06 “Mantemento elevadores” do orzamento municipal vixente, según o seguinte:

Ano 2024.- (9 meses: abril a decembro): 10.161,99 €

Ano 2025.- (12 meses: xaneiro a decembro) : 13.549,34 €

Ano 2026.- (3 meses: xaneiro a marzo): 3.387,35 €

5º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(41).- APROBACIÓN DE PROXECTO DE “EXTENSIÓN DO MALLADO DA REDE DE ABASTECIMENTO DO CONCELLO – FASE 2” E CUSTOS ASOCIADOS AO MESMO. EXPTE. 1403/441.

Dáse conta do informe-proposta de data 16/01/2024, asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, o enxeñeiro-xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas, o asesor dos Servizos Xurídicos de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

Antecedentes

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou a prórroga, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025, da concesión administrativa da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990, á U.T.E. “SERAGUA-FOCSA VIGO”, hoxe denominada, abreviadamente “FCC Aqualia Vigo UTE”, con arranxo ás condicións económico-administrativas establecidas na cláusula primeira do contrato.

II.- No devandito acordo de prórroga, no apartado primeiro, recóllese a execución dun plan de investimentos, cuxa contía anual se especifica no cadro que figura no mesmo apartado primeiro, baixo o título “outros investimentos”; plan de investimentos que se concretará nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe “análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga” de data 28.12.2020 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria, aprobado pola XGL en data 22.03.2013.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

III.- Con data 10 de outubro de 2022 os enxeñeiros municipais, D. Xacobe Paz Salgado e D. Jerónimo Centrón Castaños emiten informe sobre a necesidade de iniciar a actuación consistente na **Extensión do mallado da rede de abastecemento do concello** informe ao abeiro do cal, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, por medio de Orde de Servizo de data 14 de outubro de 2022, resolveu iniciar o procedemento para o encargo da redacción do correspondente proxecto de obras, que deu lugar á resolución da Xunta de Goberno Local de data 20 de outubro de 2022 na que se acordou encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia a redacción do proxecto técnico das obras de **Extensión do mallado da rede de abastecemento do concello**.

IV.- Con data 12 de xaneiro de 2024, Aqualia-FCC Vigo UTE” (en adiante a concesionaria) presentou o Proxecto **“EXTENSIÓN DO MALLADO DA REDE DE ABASTECIMENTO DO CONCELLO_FASE 2”**, redactado polo Enxeñeiro Industrial DANIEL PRIETO RENDA , cun orzamento de execución material de SETECENTOS CINCUENTA E TRES MIL NOVECENTOS SESENTA E UN EUROS CON TRINTA E SETE CÉNTIMOS (753.961,37 EUROS), e un presuposto de licitación (IVE excluído) de OITOCENTOS NOVENTA E SETE MIL DOUSCENTOS CATORCE EUROS CON TRES CÉNTIMOS (897.214,03 EUROS), o proxecto dispón de sinatura dixital de data 10/01/2024.

V.- Con esa mesma data, a empresa concesionaria presenta os custes asociados correspondentes ao proxecto de referencia e que se detallan a continuación:

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	SOLTEC INGENIERIA	15.079,23 €
Asistencia técnica á D.O.	SOLTEC INGENIERIA	15.079,23 €
Coordinación de seguridade e saúde	OSCAR PEREIRO TAIBO	3.769.81 € €
	SUMA	33.928,27 €
	11% Gastos de Xestión	3.732,11 €
	TOTAL (IVE excluído)	37.660,38 €

VI.- A Enxeñeira Industrial Municipal e a Técnica Medida de Obras Públicas en datas 15 de xaneiro de 2024, emiten informe favorable sobre o proxecto presentado, indicando que a documentación considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación.

VII.- Con datas 15 de xaneiro de 2024 o Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Municipal e o Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras e infraestruturas emiten informe no que indica, que as porcentaxes consideradas respecto do PEM do proxecto para o cálculo

dos honorarios dos traballos de Redacción, Asistencia e Coordinación de seguridade e saúde, se corresponden cos «ratios» aprobados na Xunta de Goberno Local de data 08 de marzo de 2013 dentro do procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria e é adecuado ao custe do mercado actual.

Consideracións Técnicas e Xurídicas

I. Aínda que a execución do proxecto de obras, obxecto do presente expediente, será realizada pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, como actuación do plan de inversións aprobado para a segunda prórroga do contrato, arriba referida, e, daquela, non será obxecto dun específico procedemento de contratación, tal execución require igualmente, conforme ao establecido no artigo 231 da LCSP para a adxudicación do contrato de obras, a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- O proxecto de obras foi obxecto de supervisión pola Oficina de Supervisión de Proxectos municipal e, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, o proxecto cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario: o proxecto reúne os contidos mínimos e as esixencias que sinalan os artigos 233 LCSP e 125 a 133 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, para os proxectos de obras que deban ser obxecto de específico procedemento de adxudicación, e axústase á normativa técnica de aplicación ao mesmo, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

III.- O proxecto, segundo vai dito, executarase pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, en cumprimento do plan de inversións correspondente a segunda prórroga do contrato de xestión de servizo público, en forma de concesión, da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990. A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local e de conformidade, tamén, co establecido no procedemento a seguir para a execución das obras incluídas nos Plans de Investimentos da Concesión, aprobado pola Xunta de Goberno Local en acordo de 8 de marzo de 2013.

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

ACORDO

Primeiro.- Aprobar o proxecto de “**EXTENSIÓN DO MALLADO DA REDE DE ABASTECIMENTO DO CONCELLO FASE 2**”, redactado polo Enxeñeiro Industrial DANIEL PRIETO RENDA, cun orzamento de execución material de SETECENTOS CINCUENTA E TRES MIL NOVECENTOS SESENTA E UN EUROS CON TRINTA E SETE CÉNTIMOS (753.961,37 EUROS), e un presuposto de licitación (IVE excluído) de OITOCENTOS NOVENTA E SETE MIL DOUSCENTOS CATORCE EUROS CON TRES CÉNTIMOS (897.214,03 EUROS), o proxecto dispón de sinatura dixital de data 10/01/2024.

Segundo.- Aprobar os custes asociados ao proxecto de **EXTENSIÓN DO MALLADO DA REDE DE ABASTECIMENTO DO CONCELLO** por un importe de 37.660,38 Euros (IVE excluído) desagregado do seguinte xeito:

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	SOLTEC INGENIERIA	15.079,23 €
Asistencia técnica á D.O.	SOLTEC INGENIERIA	15.079,23 €
Coordinación de seguridade e saúde	OSCAR PEREIRO TAIBO	3.769.81 € €
	SUMA	33.928,27 €
	11% Gastos de Xestión	3.732,11 €
	TOTAL (IVE excluído)	37.660,38 €

Terceiro.- Designar como dirección facultativa da obra aos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, D. Xacobe Paz Saldado e D^a Cristina Tapias Bouso.

Cuarto.- Notifíquese aos interesados a presente resolución, con indicación de que a mesma é definitiva en vía administrativa e que contra ela poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano do que procede a mesma, dentro do prazo dun mes que comenza ao día seguinte ao da súa notificación, ou impugnala directamente ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses. Sen prexuízo de que poida exercitar, no seu caso, calquera outro recurso administrativo que estime procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo dun mes sen dital e notificar a resolución do recurso.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(42).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DA ÁREA DE GOBERNO DE ORZAMENTOS E FACENDA POLA QUE SE APROBA O “CALENDARIO FISCAL DOS TRIBUTOS DE COBRO PERIÓDICO E NOTIFICACIÓN COLECTIVA” CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2024. EXPTE. 15967/703.

Dáse conta da referida Resolución de data 08/01/2024, que di o seguinte:

RESOLUCIÓN.

Visto o informe que antecede, en exercizo das atribucións exercidas por delegación do Sr. Alcalde de data 20 de xuño de 2023,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Fixar como datas de comezo e final de cobranza, en período voluntario, dos padróns de tributos de cobro periódico e notificación colectiva correspondentes ó exercicio 2024 (calendario do contribuínte para o ano 2024), así como as datas para o cargo en conta dos recibos domiciliados nas entidades financeiras, as seguintes:

✓ **PRIMEIRO SEMESTRE:**

Imposto vehículos de tracción mecánica (IVTM).

Data de comezo do período voluntario:	1 de abril de 2024.
Data de finalización do período voluntario:	31 de maio de 2024.
Data de cargo en conta dos recibos domiciliados:	31 de maio de 2024.
<i>Data fin das ordes de domiciliación para que sexan efectivas no exercizo: 6 de marzo de 2024</i>	

✓ **SEGUNDO SEMESTRE:**

–Taxa pola recollida do lixo nas vivendas.

Data de comezo do período voluntario:	1 de xullo de 2024.
Data de finalización do período voluntario:	2 de setembro de 2024.
Data de cargo en conta dos recibos domiciliados:	2 de setembro de 2024.
<i>Data fin das ordes de domiciliación para que sexan efectivas no exercizo: 5 de xuño de 2024</i>	

–Exaccións unificadas industriais (Lixo industrial).

Data de comezo do período voluntario:	1 de agosto de 2024.
Data de finalización do período voluntario:	30 de setembro de 2024.
Data de cargo en conta dos recibos domiciliados:	30 de setembro de 2024.
<i>Data fin de ordes de domiciliación para que sexan efectivas no exercizo: 26 de xuño de 2024</i>	

–Imposto sobre bens inmobles de natureza urbana (IBI URBANA).

Data de comezo do período voluntario:	30 de agosto de 2024.
Data de finalización do período voluntario:	31 de outubro de 2024.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

Data de cargo en conta dos recibos domiciliados: 31 de outubro de 2024.
Data fin das ordes de domiciliación para que sexan efectivas no exercizo: 6 de agosto de 2024

-Imposto sobre bens inmobles de natureza rústica (IBI RÚSTICA).

-

Data de comenzo do período voluntario: 30 de agosto de 2024.
Data de finalización do período voluntario: 31 de outubro de 2024.
Data de cargo en conta dos recibos domiciliados: 31 de outubro de 2024.
Data fin das ordes de domiciliación para que sexan efectivas no exercizo: 6 de agosto de 2024

-Imposto sobre bens inmobles de natureza rústica de características especiais (BICES).

Data de comenzo do período voluntario: 30 de agosto de 2024.
Data de finalización do período voluntario: 31 de outubro de 2024.
Data de cargo en conta dos recibos domiciliados: 31 de outubro de 2024.
Data fin das ordes de domiciliación para que sexan efectivas no exercizo: 6 de agosto de 2024

-Imposto sobre actividades económicas (IAE).

Data de comenzo do período voluntario: 30 de agosto de 2024.
Data de finalización do período voluntario: 31 de outubro de 2024.
Data de cargo en conta dos recibos domiciliados: 31 de outubro de 2024.
Data fin das ordes de domiciliación para que sexan efectivas no exercizo: 6 de agosto de 2024

✓ **SISTEMA ESPECIAL DE PAGAMENTO DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES:**

Data fin das ordes de domiciliación para que sexan efectivas no primeiro prazo: 8 de maio de 2024.
Data fin das ordes de domiciliación para que sexan efectivas no segundo prazo: 6 de agosto de 2024.

SEGUNDO. Dar conta da presente Resolución á Xunta de Goberno Local.

TERCEIRO. Publicar o calendario do contribuínte no BOP de Pontevedra e no Taboleiro de anuncios do Concello, así como na páxina web municipal.

ACORDO

A Xunta de Goberno local queda informada.

18(43).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DA SUSPENSIÓN PARCIAL DO DESCANSO OBRIGATORIO DOS TAXIS DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 4489/449.

Dáse conta do informe-proposta de data 22/01/2024, asinado pola xefa do Servizo de Transportes e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

Por acordo plenario de data 6 de setembro de 2010 aprobouse a disposición complementaria para a regulación de quendas de descanso no sector do taxi fixándose o descanso de 92 taxis por día de forma rotatoria de luns a domingo de 00:00 a 24:00

horas por un período de proba de tres meses. Dita medida é provocada pola situación de crise e diminución de traballo do sector.

Por acordo plenario de data 31 de xaneiro de 2011 foi aprobada a prorroga do descanso obrigatorio dos taxis da cidade, aprobado inicialmente por un período de tres meses e nas mesmas condicións, acordo que se mantén en vigor até a data.

SOLICITUDES :

Na data 16 de xaneiro de 2024 D. Emilio Mosquera Rodríguez, como Presidente da Xunta Directiva da ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE AUTOPATRONOS DEL TAXI DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (C.I.F. G-36636637), e en representación da mesma, considerando que é responsabilidade do seu colectivo garantir unha adecuada prestación do servizo de taxi en canto a eficiencia e calidade, expón:

“Que en aras a esto y después de analizar la demanda de servicio existente y la oferta actual consideramos que sería positivo levantar el descanso en horario nocturno de forma indefinida.

Por tal motivo, y a fin de solucionar y anticiparnos a que la oferta de servicio sea inferior a la demanda, proponemos que con carácter indefinido se suspenda el descanso obligatorio en el horario comprendido entre las 22:00 y las 08:00 horas.”

Na data 19 de xaneiro de 2024 a Asociación Élite Taxi Vigo (CIF G27844935), representada polo seu Presidente Daniel Matías Gómez, solicita :

“La liberación parcial del turno de descanso con el mismo horario que se ha producido durante las Navidades desde las 10 de la noche hasta las 8 de la mañana y las 24 horas de los domingos y festivos por un período excepcional de 1 año o hasta que el nivel de oferta se ajuste a la demanda.”

INFORME :

Nos últimos anos e dende a pandemia produxéronse importantes variacións en relación coa demanda do servizo de taxis na cidade, pasando dunha escasa demanda durante os anos 2020 e 2021, a un incremento da demanda durante o ano 2022 e sobre todo no ano 2023.

Durante as festas de Nadal 2022 foi suspendida provisionalmente a obrigatoriedade do descanso até o 15 de xaneiro en horario nocturno, sen que se apreciase exceso na oferta.

Durante a celebración do Marisquiño foi suspendida provisionalmente a obrigatoriedade do descanso durante as 24 horas dos días 10, 11,12, e 13 de agosto de 2023, ao obxecto de poder satisfacer o previsible incremento da demanda nas mencionadas datas e a fin de manter a calidade do servizo de taxis.

E, así mesmo foi suspendida provisionalmente a obrigatoriedade do descanso no horario comprendido entre as 22:00 e as 08:00 horas, no período comprendido entre o 1 de xullo e até o 3 de setembro de 2023 incluído, ao obxecto de poder satisfacerse o previsible incremento da demanda existente, e manter a calidade do servizo de taxis. Durante a celebración da feira CONXEMAR foi suspendida provisionalmente a obrigatoriedade do descanso, durante as 24 horas dos días 2 ao 6 de outubro de 2023, solicitada a fin da poder garantir a demanda de servizo derivada da celebración da citada feira.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

Durante a celebración das festas do Nadal 2023, foi suspendida provisionalmente a obrigatoriedade do descanso no horario comprendido entre as 22:00 e as 08:00 horas, até o 14 de xaneiro de 2024 incluído, ao obxecto de poder satisfacer o previsible incremento da demanda existente, e manter a calidade do servizo de taxis.

Durante todos estes períodos de suspensión da obrigatoriedade do descanso, non se aprecia exceso de oferta en ningún caso.

Na actualidade e debido a continuidade do incremento da demanda do servizo, especialmente no horario nocturno, franxa horaria da que se reciben queixas pola falta de taxis o pola demora dos mesmos en acudir ao servizo, o Concello ten a obriga de adoptar as medidas necesarias para manter unha oferta adecuada a demanda

O incremento da demanda actual do servizo de taxis especialmente no horario nocturno, superior a oferta, debido principalmente ao descanso obrigatorio de 92 taxis cada día, implica que non poida satisfacerse a totalidade da demanda, o que dá lugar a queixas por parte dos usuarios do servizo

Ante este incremento da demanda, o Concello ten a obriga de garantir a cantidade e calidade do servizo de taxi, polo que se considera que procede adoptar medidas por parte do servizo de transportes, a fin de garantir que durante as 24 horas do día o servizo sexa suficiente para satisfacer a demanda, e evitar que esta sexa superior á oferta, cos prexuízos que poderían derivarse para os usuarios de transporte público da cidade.

A solicitude da suspensión parcial do descanso obrigatorio en horario nocturno solicitada pola asociacións representativas do sector, e xustificada xa que as queixas en relación co servizo se producen fundamentalmente nese horario, así como tamén a primeira hora da mañá, entre as 8 e 9 horas, e considerando que o cambio da tarifa 1 a tarifa 2 se realiza as 22:00 horas, propónse que sexa a partir desa hora cando se autorice a suspensión e considerando que son moitas as queixas dos usuarios en relación coa ausencia de taxis no horario comprendido entre as 8 e 9 horas, que debe manterse até as 09:00 horas.

En relación coa supresión do descanso as 24 horas dos domingos e festivos, non se ten constancia de falta de servizo nos citados días en horario diúrno, polo que, considérase que con anterioridade a acordar a suspensión do descanso, deberá analizarse o incremento da demanda nos citados días e franxas horarias.

En canto a data de inicio de suspensión, propónse que se inicie a partir do día seguinte da adopción do acordo de suspensión e se manteña en tanto non varíen as circunstancias da demanda actual.

Polo exposto, por parte de este servizo propónse informar favorablemente, ao amparo da regulación legal recollida no artigo 39 da vixente ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo, a solicitude formulada pola Asociación provincial de Autopatronos del taxi da provincia de Pontevedra, na data 16 de xaneiro de 2024, e pola asociación Elite Taxi Vigo na data 19 de xaneiro de 2024, e acordar a suspensión parcial do descanso obrigatorio do servizo de taxi da cidade, no horario nocturno dende as 22:00 até as 9:00 horas dende o día seguinte a data de adopción do acordo de suspensión, a fin de poder satisfacer a demanda actual, e de conformidade coas solicitudes presentadas polas asociacións representativas do sector .

RÉXIME XURÍDICO DE APLICACIÓN :

De conformidade co disposto no artigo 39 da vixente ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo aprobada na data 9 de febreiro de 2015, e modificada nas datas 5 de setembro de 2018 e 30 de marzo de 2022: “Cando concorran situacións excepcionais que impliquen una importante diminución ou incremento da demanda perfectamente xustificada e provisional no tempo, que poida afectar as condicións de prestación do servizo en relación coa rendibilidade do mesmo, e que non se trate dunha proposta que de lugar a unha modificación permanente do sistema de descansos, pode estudarse unha modificación provisional do réxime de descanso. A proposta pode ser á solicitude das asociacións representativas do sector acreditando o apoio a iniciativa, dunha maioría absoluta das licenzas de taxi existentes.

De conformidade co disposto na vixente ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi, no seu artigo 4 apartado b establece que:) a competencia para a aprobación das disposicións complementarias de prestación do servizo corresponde a Xunta de Goberno Local, polo que considerando que o descanso obrigatorio para o sector do taxi, foi aprobado por unha disposición complementaria da ordenanza reguladora do servizo, considerase que no presente caso, por tratarse dunha suspensión parcial e temporal dunha parte do contido da mesma, corresponde adoptar o Acordo ao mesmo órgano que ten a competencia para a súa aprobación .

Polo exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte :

ACORDO

Autorizar a suspensión con carácter parcial, do réxime de descanso obrigatorio dos taxis da cidade aprobado na data 31 de xaneiro de 2011, solicitada pola Asociación provincial de Autopatronos del taxi da la provincia de Pontevedra, na data 16 de xaneiro de 2024, e pola asociación Elite Taxi Vigo na data 19 de xaneiro de 2024, no horario comprendido entre as 22:00 e as 09:00 horas, a partir do día seguinte da data de aprobación e notificación deste acordo ás asociacións representativas do sector, e en tanto se manteñan as circunstancias de demanda actuais, a fin de manter a calidade do servizo de taxis.

Desestimar a solicitude formulada pola asociación Elite Taxi Vigo de suspensión do descanso en horario diúrno os domingos e festivos, en tanto no se analice o incremento da demanda e a falta da oferta para cubrir a citada demanda nos mencionados días, que xustifique a solicitude formulada.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(44).- REVISIÓN DE TARIFAS DO APARCADOIRO DA PRAZA DE PORTUGAL, SOLICITADA POR EMPARK APARCAMIENTOS Y SERVICIOS S.A, PARA O ANO 2024. EXPTE. 4432/449.

Visto o informe xurídico de data 11/01/2024 e o informe de fiscalización de data 17/01/2024, dáse conta do informe-proposta de data 10/01/2024, asinado pola xefa do Servizo de Transportes e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

A) ANTECEDENTES

PRIMEIRO: Na data 23 de febreiro de 2017, a Xunta de Goberno Local acordou a adxudicación a EMPARK APARCAMIENTOS Y SERVICIOS S.A. do procedemento aberto para a contratación da concesión de servizo público do aparcadoiro situado na praza de Portugal.

SEGUNDO: Na data 14 de xuño de 2017 foi asinado o contrato entre o Concello de Vigo e a empresa concesionaria EMPARK APARCAMIENTOS Y SERVICIOS S.A

TERCEIRO: Na data 8 de decembro de 2018 inicio a súa actividade a citado aparcadoiro, trala aprobación e execución do correspondente proxecto de obra e acondicionamento do aparcadoiro.

CUARTO: Na data 6 de febreiro de 2020 por acordo da Xunta de Goberno Local autorizouse a Empark Aparcamientos y Servicios S.A. revisión das tarifas a aplicar no aparcadoiro da praza de Portugal . Expediente nº 2922/449

QUINTO: Na data 25 de marzo de 2022 por acordo da Xunta de Goberno Local autorizouse a Empark Aparcamientos y Servicios S.A. a revisión das tarifas a aplicar no aparcadoiro da praza de Portugal para o ano 2022. Expediente nº 3557/449

SEXTO: Na data 2 de febreiro de 2023 por acordo da Xunta de Goberno Local autorizouse a Empark Aparcamientos y Servicios S.A. a revisión das tarifas a aplicar no aparcadoiro da praza de Portugal para o ano 2023. Expediente nº 4013 /449

B) SOLICITUDE DE REVISIÓN TARIFARÍA

Na data 15 de novembro de 2023, D. Antonio Jimenez Torre actuando mancomunadamente con D. Pedro Luis Salvado Agapito, en representación da empresa EMPARK APARCAMIENTOS Y SERVICIOS S.A. con CIF A-78320736 solicita a revisión de tarifas do aparcadoiro da praza de Portugal, manifestando que de conformidade coa fórmula polinómica contida no prego de condicións administrativas particulares que rexe a concesión, corresponde un incremento de 10,1 % das tarifas iniciais. Non obstante din que a subida a aplicar ao usuario será dun 2,9% xa que en febreiro de 2023 revisáronse as tarifas obténdose un KT 1,0717

Consultado o prego de condicións administrativas particulares aprobado na Xunta de Goberno Local de data 30 de setembro de 2015 e que rexe a concesión (expte. 429/449) comprobouse o seguinte:

Na Cláusula 7ª do prego de prescricións administrativas particulares relativa ao canon concesional, nos nº 3 e 4, se establece:

3.- O canon proposto na oferta do licitador do contrato adxudicado, estará vixente sen revisión dende a data de adxudicación ata o 31 de decembro do ano seguinte ao que se inicie o servizo.

4.- O importe do canon será obxecto de revisión anual a partir do día seguinte á data prevista no apartado anterior, conxuntamente coas tarifas e na mesma porcentaxe, aplicándose a fórmula de revisión prevista na cláusula 8.3 deste prego.

As revisións autorizaranse por acordo da Xunta de Goberno Local.

E na Cláusula 8.3 do citado prego de prescricións administrativas particulares se establece a formula de actualización de tarifas e do canon :

a) A actualización das tarifas ou do canon require a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local. Para a actualización se empregará a seguinte fórmula:

$$\boxed{[(T - t)K_t]^x(1 + y)}$$

T= Tarifa aplicable ao usuario, I.V.E. Incluído.

t= Cota tributaria do IVE.

K_t = Factor de revisión do contrato.

Y= Tipo impositivo aplicable á operación.

Os índices específicos cuxas variacións serán de aplicación as respectivas ponderacións, serán os seguintes:

- Salarios.- Nivel salarial correspondente ao traballador coa categoría "axente de aparcadoiro" recollidos no apartado letra c.2 do artigo 39 do Convenio Colectivo Xeral de Ámbito Nacional para o Sector Aparcamentos e Garaxes (BOE 31/08/2009).
- Enerxía.- Índice oficial do custo da enerxía eléctrica.
- Conservación e mantemento da maquinaria e equipos.- Índice oficial do custo do cobre.
- Mantemento e conservación de edificios.- Índice oficial do custo do cemento.

E o factor de revisión calcularase consonte a seguinte fórmula:

$$K_t = \frac{0,40 \times M_t}{M_0} + \frac{0,04 \times E_t}{E_0} + \frac{0,05 \times C_{ut}}{C_{u0}} + \frac{0,03 \times C_t}{C_0} + 0,48$$

Onde,

K_t= Factor de revisión resultante.

M= Salarios convenio nacional.

E= Índice custo enerxía eléctrica.

Cu= Índice custo cobre.

C= Índice custo cemento.

Os subíndices _t e ₀ correspóndense coa situación do factor no momento da revisión ou execución e no de licitación, respectivamente.

C) CALCULO DA TARIFA SOLICITADA

Para o calculo da tarifa aplícanse os índices correspondentes ao mes de setembro de 2022 últimos publicados no período a ter en conta para a presentación da solicitude de revisión das tarifas:

	outubro 2015	setembro 2022(últimos publicados)
M mano de obra	14007,530	14897,51
E enerxía	78,703	162,964
Cu cobre	85,647	128,691
C. cemento	100,145	125,544



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

$$K_t = \frac{0,40 \times 14897,51}{14007,530_0} + \frac{0,04 \times 162,964}{78,703_0} + \frac{0,05 \times 128,691}{85,647_0} + \frac{0,03 \times 125,544}{100,145_0} + 0,48$$

$$K_t = 1,1010$$

Polo que as tarifas resultantes serian as seguintes :

Concepto	Tarifas oferta	Tarifa sen IVE	KT	Nova tarifa sin IVE	Nova tarifa con IVE
Tarifa minuto máxima en rotación (IVA incl.)	0,0276 €	0,0228 €	1,101	0,0251	0,0304 €
Tarifa minuto máxima en rotación para estancias <60 min. (IVA incl.)	0,0274 €	0,0226 €	1,101	0,0249	0,0301 €
Tarifa minuto máxima en rotación para estancias <15 min. (IVA incl.)	0,0090 €	0,0074 €	1,101	0,0082	0,0099 €
Importe abono diúrno automóbil residente (IVA incl.)	79,26 €	65,5036 €	1,101	72,1180	87,26 €
Importe abono nocturno automóbil residente (IVA incl.)	66,00 €	54,5455 €	1,101	60,0533	72,66 €
Importe abono 24 h. automóbil residente (IVA incl.)	94,92 €	78,4473 €	1,101	86,3686	104,51 €
Importe abono diúrno motocicleta residente (IVA incl.)	2,00 €	1,6529 €	1,101	1,8198	2,20 €
Importe abono nocturno motocicleta residente (IVA incl.)	1,50 €	1,2397 €	1,101	1,3648	1,65 €
Importe abono 24 h. motocicleta residente (IVA incl.)	3,10 €	2,5620 €	1,101	2,8207	3,41 €
Importe abono diúrno automóbil xeral (IVA incl.)	6,00 €	4,9624 €	1,101	5,4635	6,61 €
Importe abono nocturno automóbil xeral (IVA incl.)	5,00 €	4,1322 €	1,101	4,5495	5,50 €
Importe abono 24 h. automóbil xeral (IVA incl.)	7,19 €	5,9430 €	1,101	6,5431	7,92 €
Importe abono diúrno motocicleta xeral (IVA incl.)	2,00 €	1,6529 €	1,101	1,8198	2,20 €
Importe abono nocturno motocicleta xeral (IVA incl.)	1,50 €	1,2397 €	1,101	1,3648	1,65 €
Importe abono 24 h. motocicleta xeral (IVA incl.)	3,10 €	2,5620 €	1,101	2,8207	3,41 €

O incremento das tarifas en relación coas tarifas vixentes suporía un 2, 73%.

Aplicando o mesmo KT ao canon inicial ofertado (118.000 €), de conformidade co disposto na cláusula 7. nº 4 do prego de prescricións administrativas particulares, supón un canon de 129.918 €.

Polo exposto sometese a aprobación da Xunta de Goberno Local, Órgano competente para a aprobación da revisión de tarifas de conformidade co disposto na vixente lexislación en materia contractual, o seguinte :

ACORDO:

PRIMEIRO: Autorizar a EMPARK APARCAMIENTOS Y SERVICIOS S.A. con CIF A-78320736, a revisión das tarifas a aplicar no aparcadoiro da praza de Portugal, como concesionario do mesmo para o ano 2024, sendo as tarifas máximas a aplicar as seguintes:

Concepto	Nova tarifa sin IVE	Nova tarifa con IVE
Tarifa minuto máxima en rotación (IVA incl.)	0,0251	0,0304 €
Tarifa minuto máxima en rotación para estancias <60 min. (IVA incl.)	0,0249	0,0301 €
Tarifa minuto máxima en rotación para estancias <15 min. (IVA incl.)	0,0082	0,0099 €
Importe abono diúrno automóbil residente (IVA incl.)	72,1180	87,26 €
Importe abono nocturno automóbil residente (IVA incl.)	60,0533	72,66 €
Importe abono 24 h. automóbil residente (IVA incl.)	86,3686	104,51 €
Importe abono diúrno motocicleta residente (IVA incl.)	1,8198	2,20 €
Importe abono nocturno motocicleta residente (IVA incl.)	1,3648	1,65 €
Importe abono 24 h. motocicleta residente (IVA incl.)	2,8207	3,41 €
Importe abono diúrno automóbil xeral (IVA incl.)	5,4635	6,61 €
Importe abono nocturno automóbil xeral (IVA incl.)	4,5495	5,50 €
Importe abono 24 h. automóbil xeral (IVA incl.)	6,5431	7,92 €
Importe abono diúrno motocicleta xeral (IVA incl.)	1,8198	2,20 €
Importe abono nocturno motocicleta xeral (IVA incl.)	1,3648	1,65 €
Importe abono 24 h. motocicleta xeral (IVA incl.)	2,8207	3,41 €



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

SEGUNDO: Aprobar a actualización do canon a abonar polo citado concesionario, de conformidade co previsto na cláusula 7, nº 4 e 8 de prego de condicións administrativas particulares, a contía de 129.918 €

TERCEIRO: Notificar o presente Acordo a empresa concesionaria EMPARK APARCAMIENTOS Y SERVICIOS S.A . aos efectos oportunos.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(45).- RECEPCIÓN PARCIAL DA 1ª FASE DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA AOD A-3-10 ESTURÁNS-POLÍGONO II. EXPTE. 5298/401.

Dáse conta do informe-proposta de data 18/01/2024, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Desenvolvemento Urbanístico e conformado polo xerente de Urbanismo e a concelleira da Área de Goberno, sometido ao Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 23/01/2024, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES E FEITOS

Con data do 10.11.2015 o Tribunal Supremo ditou sentenza no recurso de casación num.: 1658/20141, polo que, estimou o recurso contencioso-administrativo interposto pola Asociación Alternativa Veciñal de Vigo e declarou a nulidade da Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte da Xunta de Galicia, de data 16 de maio de 2008, pola que se aproba definitiva e parcialmente o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo e contra a Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, de data 13 de xullo de 2009, pola que se aproba definitivamente o documento de cumprimento da citada Orde en canto as cuestións que na mesma quedaron en suspenso. Como consecuencia de dita anulación e conforme a xurisprudencia e (STS 22.01.2006, STS 2.03.2016 entre outras) a anulación xudicial de todo o plan comportou que recobrou a súa vixencia a ordenación urbanística preexistente (Neste caso o PGOU 1993 aprobado polo Consello da Xunta de Galicia en data 29.04.1993).

Deste xeito o planeamento vixente na actualidade no Concello de Vigo, trátase do PGOU de 1993, que constitúe un documento de adaptación do PGOU de 1988 á Lei 11/1995, do 22 de agosto, de adaptación do solo de Galicia (LASGA), aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29.04.1993 (DOG núm. 87, do 10.05.1993; BOP núm. 133, do 14.07.1993, coas súas modificacións puntuais.

Con data do 24.07.2019 o Pleno do Concello de Vigo, en sesión extraordinaria, prestou aprobación ao Instrumento de ordenación provisional do Concello de Vigo (en diante IOP), elaborado polos servizos técnicos da Xerencia municipal de urbanismo, con data da sinatura de 26.04.2019, (DOG núm. 160 do 26.08.2019; BOP núm. 181 do 20.09.2019) e inscrito no rexistro de planeamento urbanístico de Galicia por Resolución do 11.09.2019 e que tal e como se reflicte na memoria informativa e xustificativa, a súa tramitación responde a finalidade e espírito que recolle a LMFAO (artigo 84); Trátase dunha ferramenta posta a disposición das administracións urbanísticas cuxos plans xerais foran declarados xudicialmente nulos aos efectos, de que ao teor do pautado na LMFAO poidan recuperar a ordenación contida no instrumento declarado nulo en tanto en canto non contén cun novo PXOM definitivamente aprobado.

Neste senso, e no que aquí nos ocupa, o IOP definitivamente aprobado recupera a ordenación detallada do referido PXOM08 en determinadas zonas de solo urbano consolidado, nalgúns sistemas xerais e en dous polígonos de solo urbano non consolidado dado o grao de desenvolvemento acadado neles no seu momento (A-3-37 Tomás Paredes 1 e o polígono 2 do AOD A-3-10 Esturáns), mantendo os terreos restantes as condicións urbanísticas establecidas no PXOU93.

Deste xeito e no que aquí nos ocupa, traemos a colación o disposto no Anexo 3.1 da Memoria informativa e xustificativa do IOP (V.5) adicada a Ordenación detallada da AOD A-3-10 ESTURANS. Polígono II, na que se recolle o seu ámbito e características, as ordenanzas propias da presente ordenación, os criterios seguidos para a implantación dos servizos (anexos: cálculo de demandas), xustificación do cumprimento da Lei 8/1997, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e planimetría, a cuxo íntegro contido nos remitimos, e que se incorpora e forma parte da presente proposta (Anexo I) e na que se reflicte entre outra orde de consideracións que, a presente ordenación detallada, se corresponde coa prevista no interior do polígono núm. 2, no ámbito do solo urbano non consolidado previsto no PXOM de Vigo de 2008, identificado como APR, A-3-10, ESTURANS, cuxa superficie abrangue 11.227 m², dos 17.364 m² que figuraban como ámbito completo.

Dita ordenación provisional soamente inclúe o Polígono 2, coas seguintes características:

POLÍGONOS	SUPERFICIE m ²	SUPERFICIE COMPUTABLE	EDIFICABILIDADE (M ²)	EDIF. PONDERADA	APROV. TIPO
POLÍGONO 2	11.227	10.126	15.428	16.129	1,593

Este polígono desenvólvese polo sistema de concerto, e o seu proxecto de equidistribución, tramitado no expediente núm. 4855/401 acadou a aprobación definitiva mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar con data do 07.12.2012.

A Xunta de goberno local do Concello de Vigo, na sesión ordinaria que tivo lugar con data do 27 de febreiro de 2020, acordou, entre outros pronunciamentos, e no que aquí nos interesa, *Ratificar o acordo adoptado pola Xunta de goberno local, na sesión que tivo lugar o 21.12.2012, polo que se prestou aprobación, con carácter inicial ao "Proxecto de Urbanización da «APR A-3-10 Esturáns», instrumento urbanístico promovido pola entidade "Prazadouro, SL", documento redactado polos enxeñeiros de camiños, canais e portos, D. Juan M. Aneiros Blanco e D. Ignacio Teijeiro Calvo, na súa versión refundida conformada polo proxecto visado polo Colexio de enxeñeiros de camiños, canais e portos de Galicia de día 02.09.2010 e documentación reformada -sen visar- integrada no referido proxecto como "reformado" coa sinatura do enxeñeiro técnico de obras públicas dos Servizos Técnicos en data 23.11.2012 (exp. 4856/401); e no mesmo acto prestar aprobación con carácter inicial a documentación complementaria da anterior, que divide o proxecto en fases, presentada no rexistro xeral desta XMU con data do 16.05.2013 (doc. 130057020) subscrita por EAM – "Enxeñería e análise medioambiental"- en data maio de 2013, coa documentación que o integra, consistente en: Memoria descritiva do proxecto, estudo de seguridade e saúde, planimetría, prego de condicións e orzamento; así como ao documento nomeado "Proyecto de conexión exterior con la red de pluviales complementario del proyecto de urbanización del polígono 2 de la APR- A-3-10 ESTURANS", redactado por "Urbing ingeniería", e asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos D. Julio Roberes de Cominges con data de setembro de 2019.*

Finalmente, con data do 1 de decembro de 2023, a Xunta de goberno local do Concello de Vigo, prestou aprobación con carácter definitivo ao «Proxecto de urbanización modificado do polígono II da AOD ESTURÁNS», documentación técnica inserida no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo con data do 28.08.2023- COD.SOL.: W962562-1174 e Doc. Núm.230279850, redactado pola arquitecta María L. Iglesias Fenánde, en data agosto de 2023, instrumento urbanístico promovido polo propietario único do dito ámbito, ao que se incorpora e forma parte do mesmo, o informe presentado con data do 17.11.2023 - COD. SOL.: W997617-2050 e Doc. Num. 230360130- pola arquitecta redactora e directora das obras, en resposta ao escrito de alegación presentado no preceptivo trámite de información



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

publica, ao que presta a súa conformidade o informe técnico emitido o 20.11.2023 polo enxeñeiro civil da oficina de urbanización e infraestruturas, e que non produce ningunha modificación substancial no documento aprobado inicialmente.

Neste estado da tramitación, con datas do 14.04.2023 (Cod.Sol.:W893663-9265;Doc. Núm.230089654) e 16.05.2023 (Cod.Sol.: W910038-6538;Doc. Núm. 230140224) a arquitecta directora das obras, insería no rexistro electrónico desta XMU un escrito polo que solicita a recepción da Fase I da urbanización do polígono II da AOD A-3-10 Esturáns, xuntado a tales efectos a seguinte documentación: Acta de entrega da Fase I do polígono 2 das obras de urbanización asinada con data do 11.04.2023 pola arquitecta directora das obras, o administrador da entidade mercantil Prazadouro, SL, e o representante da entidade PRACE, SL, certificación de final de obras asinada pola arquitecta directora das obras o 11 de abril de 2023, na que fai constar expresamente e certifica *ter controlado cuantitativa e cualitativamente a construción e a calidade das obras identificadas de acordo có proxecto, a documentación técnica que o desenrola e as normas da boa construción; que as obras realizáronse baixo a miña dirección, de conformidade có proxecto obxecto de autorización e a documentación técnica que o complementa, estando dispostas para a súa axeitada utilización con arranxo ás instrucións de uso e mantemento; e que ditas obras rematáronse completamente con data 31 de MARZO de 2023*, compendio de ensaios de control de calidade, e planos de pavimentación, seccións tipo, e alumeadado público.

Requiridos informes dos correspondentes departamentos municipais con competencias na materia, así como das compañías prestadoras de servizos, obran emitidos no expediente electrónico de razón, os informes que de seguido se relacionan: Servicio municipal de Limpeza, departamento de Seguridade, R cable e telecable telecomunicaciones, Nedgia Galicia SA (gas), UFD Distribución Electricidad SA, Telefónica, e Aqualia.

Elevado o presente expediente ao enxeñeiro técnico de obras públicas da oficina de urbanización e infraestruturas, con data do 09.01.2024 emite informe técnico favorable á presente solicitude de recepción de obras, do seguinte teor literal,

(...) ANTECEDENTES

La junta de Gobierno Local, en sesión ordinaria del 17 de julio de 2020, adoptó el acuerdo de aprobar definitivamente el Proyecto de urbanización de la AOD A-3-10 Esturans Polígono II expediente 5250/401.

El 26/05/2022 se firma el Acta de Comprobación de Replanteo y las obras comienzan al día siguiente El 14/04/2023 la Arquitecto director de las obras, María Luisa Iglesias Fernández solicita la recepción de la Fase 1 de la urbanización de la AOD A-3-10 Esturans Polígono II.

Ante la disconformidad de la disposición de la infraestructura eléctrica de la urbanización, respecto del proyecto aprobado, se interrumpe la tramitación de esta recepción parcial y se tramita la redacción del proyecto modificado que recoja y preste aprobación a estos cambios.

La junta de Gobierno Local, en sesión ordinaria del 1 de diciembre de 2023, adoptó el acuerdo de aprobar definitivamente el Proyecto de urbanización MODIFICADO de la AOD A-3-10 Esturans Polígono II con el mismo número de expediente 5250/401.

En este último documento se han recogido los cambios efectuados respecto del proyecto original, adaptando éste a la realidad física actual y del orden edificatorio de las distintas parcelas, como son entre otros la re-ubicación del centro de transformación y el mantenimiento del viario existente en el camino dos Esturans.

En ambos documentos se contemplaba la ejecución de estas obras de urbanización en dos (2) Fases.

Una vez aprobado el Proyecto de urbanización MODIFICADO de la AOD A-3-10 Esturans Polígono II

INFORME

Para la recepción de esta primera fase de las obras, tal y como indica la Instrucción 1/2015 por la que se modifica la instrucción 2/2012 y se aprueba el protocolo de actuación para el seguimiento y recepción de las obras de urbanización del Ayuntamiento de Vigo. Expte. 255/403, se han recopilado y constan en el expediente las **pruebas y ensayos de control de calidad** realizados durante las obras, doc 230089654 de 14/04/23.

También se han aportado los **planos finales**, (residuales, pluviales, abastecimiento, gas, electricidad, telecomunicaciones, alumbrado, semáforos, jardinería y riego) con la posición exacta de los elementos, registros y servicios de las obras, doc doc 230089654 de 14/04/23.

En ese mismo documento se acompaña **certificado final de las obras** firmado por la directora de las obras, **el acta de entrega de las obras de urbanización** firmada por el contratista, la directora de las obras y el representante de la entidad promotora, y también **el certificado de inscripción registral de las cesiones** del ámbito.

La Fase I de las obras comprende el tramo incluido en el ámbito del "Calexón dos Esturans" y el pequeño viario en fondo de saco situada al oeste de este callejón.

Para la Recepción de estas obras, se han recavado (y constan en el expediente) los siguientes informes municipales y de operadores de servicios:

- Servicio municipal de Limpieza 29/05/23
- R cable y telecable telecomunicaciones SAU 09/05/23
- Nedgia Galicia SA (gas) 24/05/23
- UFD Distribución Electricidad SA 22/12/23
- Telefónica 04/01/23
- Departamento de Seguridad 29/05/23
- Aqualia 8/01/23

No consta en el expediente el informe del departamento municipal de Electromecánicos, la instalación de alumbrado existente está en este momento en funcionamiento y conectada el cuadro de mando a la acometida de suministro eléctrico de la obra, dado que el centro de transformación ejecutado no se puede poner en funcionamiento hasta que sea recibido por UFD, que ya ha informado favorablemente pero que no lo ha puesto en funcionamiento, de todas maneras.

Tal y como indica la instrucción 1/2015: ...O acordo de recepción parcial non habilitará en ningún caso para a disolución da Entidade Urbanística Colaboradora nin para a cancelación da obriga ou carga real das fincas resultantes de asumir a totalidade dos custes derivados da urbanización. A conservación da urbanización recibida será asumida por quen corresponda segundo o PXOM e a lexislación de aplicación e, en todo caso, as obrigas correspondentes ás entidades urbanísticas de conservación serán asumidas pola Xunta de Compensación en tanto aquela non se constitúa....

Por lo tanto. Los consumos del alumbrado público **deberán ser costeados por la promotora** mientras no se produzca la recepción de la totalidad de la urbanización, momento en el cual el departamento de electromecánicos informará sobre la correcta ejecución de la totalidad de la instalación de alumbrado.

No consta en el expediente el informe del departamento municipal de Montes, Parques y Jardines, ya que en la Fase 1 que se recibe, no existen zonas verdes, habiendo únicamente en la misma arbolado viario.

Por lo tanto, y dado que **el arbolado será mantenido por la promotora**, en la recepción de la totalidad de la urbanización, el departamento de Montes, Parques y Jardines informará sobre la correcta ejecución de la totalidad de la instalación de riego, jardinería, arbolado y mobiliario de jardines.

El área urbanizada constituye una unidad funcional directamente utilizable que puede ser entregada al uso público.

Por lo expuesto, desde el punto de vista urbanístico, no existe inconveniente en acceder a la solicitud. (...)".

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Normativa examinada.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

- RD Lex. 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da LSG, e as súas modificacións,
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do sector público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Instrumento de Ordenación provisional do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno do concello de Vigo na sesión extraordinaria do 24.07.2019 (DOG núm. 160 do 26.08.2019; BOP núm. 181 do 20.09.2019).
- Instrución 1/2015 pola que se modifica a Instrución 2/2012 e se aproba o Protocolo de actuación para o seguimento e recepción das obras de urbanización do Concello de Vigo (aprobada pola Xunta de Goberno Local o 22.10.2015, B.O.P nº 223, do 18.11.2015)
- PXOU-93. Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia. A aprobación definitiva de dito PXOU 1993 foi publicada no DOG nº 87 o día 10/05/1993 e a súa normativa foi publicada no B.O.P nº 133, o 14 de xullo de 1993.
- Estatutos da XMU (A.D. versión refundida e consolidada Pleno do Concello de día 06.09.2010, BOP nº. 193, de día 06.10.2010)
- O resto de disposicións que poidan afectar,

II. Recepción parcial das obras de urbanización.

De conformidade co disposto no artigo 96 da LSG, os proxectos de urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executar os servizos e dotacións establecidos no planeamento e non poderán modificar as previsión do planeamento que desenrolan, sen prexuízo de que podan efectuar as adaptacións exixidas pola execución material das obras, respectando, en todo caso, as condicións de accesibilidade.

No mesmo senso, o artigo 7.4, segundo parágrafo, do TRLS, establece que a terminación das actuacións de urbanización producírase cando conclúan as obras urbanizadoras de conformidade cos instrumentos que as lexitiman, téndose cumpridos os deberes e levantado as cargas correspondentes.

No presente caso, as obras urbanizadoras de carácter parcial, correspondentes á 1ª fase da Urbanización do polígono II da AOD A-3-10 ESTURÁNS, foron executadas pola promotora, do xeito e co resultado que se reflicte no relato de feitos, e consonte ao exposto no informe do enxeñeiro de obra civil desta XMU de data 09.01.2024, no que se propón a Recepción Parcial das devanditas obras, ao sinalar, a este respecto, que dende un punto de vista urbanístico, non existe inconveniente en acceder ao peticiónado, dado que a zona constitúe unha área funcional independente susceptible do seu uso público.

A posibilidade de recepción parciais das obras urbanizadoras recoñécese, no artigo 243 da vixente Lei de contratos do sector público -LCSP 09/2017- para aquelas partes de obras susceptibles de ser executadas por fases que podan ser entregadas ao uso público.

Pola súa banda, o punto terceiro, da instrución 1/2015 (exp. 255/403) relativa á modificación da instrución 2/2012 pola que se aproba o Protocolo de actuación para o seguimento e recepción das obras de urbanización de ámbitos de iniciativa privada no Concello de Vigo (exp. 130/403) permite excepcionalmente

a recepción parcial da obra urbanizadora no caso de actuacións en execución, extremo que debe ser informado polos técnicos municipais coa debida dilixencia, dada a excepcionalidade deste tipo de recepcións, con estrita observancia do seguinte:

- Que as obras executadas deben ser susceptibles de ser entregadas ao uso público.
- Que constitúan unha unidade funcional directamente utilizable e se teñan recibido pola entidade urbanística colaboradora. Deberá existir un nivel mínimo de reserva de solo e execución do equipamento, dos servizos urbanísticos mínimos.
- O acordo de recepción parcial non habilitará en ningún caso para a disolución da entidade urbanística colaboradora nin para a cancelación da obra ou carga real das fincas resultantes de asumir a totalidade dos custes derivados da urbanización.
- Tampouco será título para a devolución dos avais presentados nin implicará o inicio do cómputo do prazo de garantía pola execución das obras de urbanización. A conservación e preservación do bo funcionamento da urbanización que se vaia a recibir seguirá sendo responsabilidade da entidade urbanística colaboradora.

Con ocasión da recepción total, comprobarase de novo o estado da parte recibida parcialmente. No caso de que se observen deficiencias na mesma derivadas da execución das obras de urbanización ou polo deficiente estado das mesmas imputable directa ou indirectamente á entidade urbanística colaboradora, requirirase a realización das obras precisas e non se recibirá totalmente a urbanización ata a súa finalización.

Como xa consta en reiterados informes da Oficina de Planeamento – Xestión, a decisión de recibir as obras de urbanización é marcadamente técnica, e no senso exposto, o enxeñeiro técnico de obras públicas propoñente, expón a súa conformidade á recepción parcial desta 1ª Fase mediante informe de data 09.01.2024, transcrito na súa literalidade no relato de feitos; Correspondendo aos servizos técnicos acreditar que consta a execución das obras referidas no proxecto de urbanización e que as obras se atopan en estado de ser recibidas. Téñase en contan, asemade, o disposto no punto terceiro da nomeada Instrución 1/2015.

En todo caso, esta recepción parcial, non será título para a devolución dos avais presentados, en garantía do exacto cumprimento da urbanización completa do dito ámbito.

III. Órgano competente

A competencia para a resolución do presente expediente atribúese á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co disposto no artigo 127.1. d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción conferida pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, en relación co disposto nos Estatutos desta XMU, na súa versión consolidada - AD Pleno do Concello do 06.09.2010-;

Por canto antecedente, e de conformidade co informe técnico que obra no expediente de data 09.01.2024, que se incorpora á presente proposta, e lle serve de motivación, consonte ao establecido no artigo 88.6 da Lei 30/2015, do 1 de outubro, LPACAP, propónse á Xunta de Goberno local, por se o estima procedente, a adopción do seguinte,

ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a recepción parcial da 1ª Fase das obras de urbanización do polígono II da AOD A-3-10 ESTURÁNS, contidas no proxecto de urbanización modificado aprobado definitivamente pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na sesión ordinaria do 1 de decembro de 2023, e executadas pola



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

promotora "PRAZADOURO,SL", en base e de conformidade co informe técnico que obra no expediente de data 09.01.2024.

SEGUNDO: Notificar o contido íntegro do presente acordo, a todos os interesados no presente procedemento, significándolle que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso potestativo de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun (1) mes ou recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses, contados desde o seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo do exercicio doutras accións que considere conveniente. No caso de interpoñer recurso potestativo de reposición, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación por silencio administrativo.

TERCEIRO: Dar traslado do presente acordo aos departamentos municipais de tráfico, patrimonio e contratación, estadística, cultura, parques e xardíns, electromecánicos, Mobilidade, Transporte e Seguridade, Oficina de supervisión de Proxectos e inspección de obras,, Licenza de obras e as empresas subministradoras Aqualia, Unión Fenosa Distribución SA, Telefónica. R Cable e Gas Galicia, Nedgia SA.

Non obstante, a presente proposta non é vinculante e o órgano competente, decidirá co seu superior criterio o que estime conveniente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Prórroga do contrato do servizo de organización e xestión de elementos promocionais que terá como fin a promoción turística do destino Vigo con motivo da celebración da Feira Internacional de Turismo (FITUR). Expte. 8598/104.
- .- Resolución de recursos e alegacións presentadas en vía administrativa ás Bases específicas dos procesos de estabilización do emprego temporal no Concello de Vigo-Sistema selectivo de concurso de méritos. Expte. 41758/220.
- .- Nomeamento como funcionarios en prácticas de 9 policía correspondentes á OEP 2022. Expte. 43506/220.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

21(46).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DE ELEMENTOS PROMOCIONAIS QUE TERÁ COMO FIN A PROMOCIÓN TURÍSTICA DO DESTINO VIGO CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DA FEIRA INTERNACIONAL DE TURISMO (FITUR). Expte. 8598/104.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico e informe de fiscalización do 25/01/2024, dáse conta do informe-proposta da mesma data (con posterior informe de rectificación de erros do 26/01/2024), asinado pola técnica en actividades turísticas e conformado pola concelleira-delegada de Turismo, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN.

- *Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).*
- *Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011.*
- *Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)*
- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) para a contratación do “servizo de organización e xestión de elementos promocionais que terá como fin a promoción turística do destino Vigo con motivo da celebración da Feira Internacional de Turismo (Fitur)”*
- *Prego de prescricións técnicas (PPT) para a contratación do “servizo de organización e xestión de elementos promocionais que terá como fin a promoción turística do destino Vigo con motivo da celebración da Feira Internacional de Turismo (Fitur)”*

1.-Antecedentes



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

a) A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de 15 de decembro de 2024, acordou, entre outros asuntos, adxudicar a **ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U.** con NIF B27786045 o *procedemento aberto aberto para a contratación do servizo de organización e xestión de elementos promocionais que terá como fin a promoción turística do destino Vigo con motivo da celebración da feira internacional de turismo (FITUR) (8494-104) por un prezo de 51.425,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 8.925,00 euros, con 3 prórrogas de dous meses de duración (do 1 de decembro do ano en curso ata o 31 de xaneiro do seguinte)*

b) O contrato asínase polas partes, en data 16 de xaneiro 2024, por mor do cumprimento dos prazos do recurso especial en materia de contratación.

c) Debido á natureza do contrato, a vixencia do contrato finaliza en data 31 de xaneiro de 2024.

d) Prórroga do contrato:

I.- O actual contrato 8494-104 contempla no PCAP, cláusula 7 Prazo, punto 3, as prórrogas segundo se prevé nas FEC apartado 4. c), en dito apartado recóllese, 3 prórrogas de dous meses de duración (do 1 de decembro do ano en curso ata o 31 de xaneiro do seguinte) . Asi mesmo no contrato asinado en data 16 de xaneiro de 2024 recolle na cláusula 4 as 3 prórrogas de dous meses de duración (do 1 de decembro do ano en curso ata o 31 de xaneiro do seguinte).

Na cláusula 7.3 do PCAP recóllese que as prórrogas son obrigatorias para o adxudicatario sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e se lle notifique con dous meses de antelación a finalización do prazo da duración do contrato. Quedando exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.

II.- A actual empresa adxudicataria **ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U** no transcurso do período contractual ven desenvolvendo os traballos de acordo ós criterios marcados no prego de condicións técnicas, de xeito satisfactorio.

III.- A prórroga resulta da necesidade de dar continuidade o servizo de do servizo de organización e xestión de elementos promocionais que terá como fin a promoción turística do destino Vigo con motivo da celebración da Feira Internacional de Turismo (Fitur), servizo de promoción turística da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local art 25,2.h) “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre” e segundo dispón o artigo 80.2.n da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, as actividades e instalacións culturais e deportivas, a ocupación do tempo libre e o turismo.

IV.- Os créditos para financiar a prórroga obtéñense da minoración da partida orzamentaria 4320.2279900 “Organización e loxística de ferias” sendo necesario realizar documentos económicos por importe de **51.425,00 euros**. Coa seguinte distribución de anualidade.

Período	Importe €	Aplicación Orzamentaria
01/12/2024 a 31/12/ 2024	19.320,37€	4320.2279900
01/01/2025 a 31/01/2025	32.104,63€	4320.2279900

V.- A resolución da prórroga ven motivada pola necesidade de de dar continuidade o servizo de do servizo de organización e xestión de elementos promocionais que terá como fin a promoción turística do destino Vigo con motivo da celebración da feira internacional de turismo (Fitur), servizo de promoción turística da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local art 25,2.h) “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre” e segundo dispón o artigo 80.2.n da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, as actividades e instalacións culturais e deportivas, a ocupación do tempo libre e o turismo.

Polo anteriormente exposto e, conforme establece LCSP 9/2017 do 8 de novembro , proponse a Xunta de goberno Local previo informe xurídico e de intervención da seguinte proposta de acordo.

Primeiro: Proponse a tramitación dunha prórroga do contrato de servizo de organización e xestión de elementos promocionais que terá como fin a promoción turística do destino Vigo con motivo da celebración da feira internacional de turismo, Expte 8494-104, *de dous meses de duración (do 1 de decembro do ano en curso ata o 31 de xaneiro do seguinte)*

Segundo: Autorizar o gasto por un importe de 51.425,00 euros necesario para desenvolver as prestacións, con cargo a partida orzamentaria 4320.2279900 “Organización e loxística de ferias”, coa seguinte distribución de anualidades.

Período	Importe €	aplicación orzamentaria
01/12/2024 a 31/12/ 2024	19.320,37€	4320.2279900
01/01/2025 a 31/01/2025	32.104,63€	4320.2279900

Terceiro: A resolución da prórroga ven motivada pola necesidade de dar continuidade o servizo de do servizo de organización e xestión de elementos promocionais que terá como fin a promoción turística do destino Vigo con motivo da celebración da Feira Internacional de Turismo (Fitur), servizo de promoción turística, da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local art 25,2.h) “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre” e segundo dispón o artigo 80.2.n da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, as actividades e instalacións culturais e deportivas, a ocupación do tempo libre e o turismo.

Cuarto: Notificar o acordo de prórroga a empresa ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U. con NIF B27786045, nos termos establecidos no art. 43 da Lei 39/2015, de réxime xurídico das administracións públicas, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición, ante o órgano que a dita, no



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

prazo dun mes ou recurso contencioso administrativo ante a Xurisdición Contencioso Administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte a recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de RXAP e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(47).- RESOLUCIÓN DE RECURSOS E ALEGACIÓNS PRESENTADAS EN VÍA ADMINISTRATIVA ÁS BASES ESPECÍFICAS DOS PROCESOS DE ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL NO CONCELLO DE VIGO-SISTEMA SELECTIVO DE CONCURSO DE MÉRITOS. Expte. 41758/220

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de data 18/01/2024, asinado pola técnica de Administración xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Con data 31/05/2022, a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente adoptou o acordo de aprobación da oferta de emprego público para a estabilización do emprego temporal no Concello de Vigo, expte. 39.998/220 (BOPPO núm. 103 de data 31/05/2022) e posterior rectificación por acordo de XGL de data 09/01/2023 de erro detectado na denominación de 1 praza incluída na oferta de emprego público de estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo expte. 41622/220, (BOPPO núm. 34 de data 17/02/2022).

II. - Con data 15/09/2022, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, adoptou o acordo de aprobación da resolución de alegacións presentadas á oferta de emprego público de estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo (exped. 39.998/220) publicado no BOPPO núm. 183 de data 23/09/2022.

III. - A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de data 23/12/2022 acordou a aprobación da Proposta de criterios xerais, convocatoria e bases reitoras dos procesos selectivos tendentes á execución da oferta de emprego público de estabilización

do emprego temporal do Concello de Vigo (prazas a ofertar polo sistema selectivo de concurso) (expte. 41.378/220), (publicación oficial no BOPPO núm. 249 de data 30/12/2022).

IV.- A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria da de data 19/05/23 acordou a aprobación das Bases Específicas dos procesos selectivos destinados á execución da Oferta de Emprego Público de Estabilización de Emprego Temporal do Concello de Vigo das prazas ofertadas polo sistema selectivo de concurso. (Expte. 41758-220). (Publicación oficial no BOPPO núm. 103 de data 31/05/2023).

V.- Contra o devandito Acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/05/23 constan interpostos as seguintes:

- alegacións da secretaria da Sección Sindical da CIG no Concello de Vigo, en data 01/06/23 (doc. 230154197) en relación co informe do Técnico Responsable Educación Adultos de data 29/05/23 (doc. 230150601).

- recurso interposto por d^a E.M. Magadán Mompó, en data 29/06/23 (doc. 230199306).

- recurso interposto por d. L.A. Riobó Veiga, en data 30/06/23 (doc. 230200276).

-recurso interposto por d^a R. Núñez Hernández, en data 30/06/23 (doc. 230200418).

VI.-. Consta no expediente informe de GALIVALIA CONSUTSGO, S.L. (adxudicataria do contrato administrativo de servizos de consultoría e asistencia técnica especializada para a elaboración da proposta do Plan de Estabilización de Emprego Temporal do Concello de Vigo ,expte. 39602-220), no que se propón a desestimación dos recursos presentados por d. L.A. Riobó Veiga, d^a E.M. Magadán Mompó e d^a R. Núñez Hernández así como *“a estimación das alegacións formuladas por Dona M. Del Castillo Fernández-Pacheco e, en consecuencia, a modificación das bases específicas respecto das prazas de Mestres da EMAO con número 20, 22, 23 e 24, nos seguintes termos:*

- Debe detallarse a especialidade de cada unha das prazas, nos termos expostos no cadro que consta no informe emitido polo técnico responsable de formación de adultos en data 29/05/2023.

- Respecto do apartado de condicións dos/as aspirantes debe exixirse, ademais da titulación que xa consta, coñecementos ou formación específica na especialidade da praza”.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- Con carácter previo resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-xurídico emítese ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito–xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria subscribinte, na súa condición de técnica de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou *argumentum ad iudicium* que, como toda interpretación, resulta



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica a *sensu contrario*.

II.- En canto á lexitimación para interpor o recurso de reposición, dispón o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local que, contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin a vía administrativa, poderán os interesados exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente, podendo non obstante, interpor con carácter previo e potestativo recurso de reposición. No mesmo sentido o artigo 112 da Lei 39/2015 determina que conta as resolucións e os actos de trámite cualificados poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición.

Debe a priori recoñecerse aos recorrentes a necesaria lexitimación para impugnar os actos obxecto de recurso, dado que son posibles interesados ao poder presentarse ao proceso selectivo que deriva da convocatoria do proceso de estabilización ou titular de dereitos e intereses lexítimos, persoais e directos afectados polo acto.

O prazo de impugnación é de un mes (artigo 124 da lei 39/2015) dende a notificación ou publicación do acto ou acordo impugnado, constanding presentados en tempo e forma todos os recursos enumerados nos antecedentes toda vez que o acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/05/23, de aprobación das Bases Específicas dos procesos selectivos destinados á execución da Oferta de Emprego Público de Estabilización de Emprego Temporal do Concello de Vigo das prazas ofertadas polo sistema selectivo de concurso. (Expte. 41758-220) foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 103 de data 31/05/23.

III.- RECURSOS PRESENTADOS E VALORACIÓN DAS ALEGACIÓNS.- Constan presentados recursos por por; por d. L.A. Riobó Veiga, en data 30/06/23 (doc. 230200276); d^a E.M. Magadán Mompó, en data 29/06/23 (doc. 230199306) e por d^a R. Núñez Hernández, en data 30/06/23 (doc. 230200418) e alegacións pola secretaria da Sección Sindical da CIG en data 01/06/23 (doc. 230154197) en relación co informe do Técnico Responsable Educación Adultos de data 29/05/23 (doc. 230150601).

En canto ao fondo do asunto, se reproduce o informe de GALIVALIA anexado ao expediente, trámites 87 e 88 e que se incorpora á presente proposta.

I “SOBRE O RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POR DON L. A. RIOBÓ VEIGA.

Visto o citado recurso de reposición, cabe realizar as seguintes consideracións:

O recorrente solicita, en relación coa praza de Licenciado/a en Dereito, que para o seu acceso só se esixa a titulación de “Licenciado en Dereito” en vez de “Grao en dereito ou titulación equivalente que habilite para o acceso á praza convocada segundo o disposto na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo”.

En primeiro lugar, cómpre sinalar que non se debe identificar a concreta denominación da

praza coa titulación requirida para o seu acceso. Neste senso, cabe aclarar que a referida praza foi incluída no proceso de estabilización de emprego temporal do Concello de Vigo ao cumprir cos requisitos previstos na Lei 20/2021, do 28 de decembro. Deste xeito, a referida praza contéplase neste proceso de estabilización coa denominación de “Licenciado en dereito” xa que esta é a denominación ou nomenclatura da praza que, estando dotada, veu sendo ocupada de forma temporal e ininterrompida dende antes do 1 de xaneiro de 2016; pero isto non determina que a titulación de acceso teña que ser, única e exclusivamente, a licenciatura en dereito.

O Tribunal Supremo, na sentenza de 7 de abril de 2010, lembra que a Administración, no exercicio da súa potestade autoorganizativa, está facultada para determinar, no que respecta á titulación necesaria, cal ou cales das que capacitan para as funcións do mesmo, deben posuír quen os ocupen.

Así, na vixente RPT do Concello de Vigo, á vista do contido funcional do posto de traballo, contéplase como titulación requirida para ocupar o mesmo a de “Grao en dereito ou equivalente”.

A este respecto, cabe indicar que o recorrente tamén formulou, polo mesmo motivo, un recurso de reposición contra a configuración do posto de traballo contemplado na RPT, sendo dito recurso desestimado mediante Acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de setembro de 2023, polos seguintes motivos que cabe reiterar:

“Por último o interesado, solicita que se requira a licenciatura en dereito como titulación oficial necesaria para desempeñar o posto previsto, fundamentando a súa pretensión no Real decreto 1027/2011, de 15 de xullo polo que se establece o Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior (MECES); o artigo 24 do hoxe derogado Real Decreto 967/2014, de 21 de novembro e o artigo que hoxe o substitúe, artigo 25 do “Real Decreto 889/2022, de 18 de outubro, por el que se establecen las condiciones y los procedimientos de homologación, de declaración de equivalencia y de convalidación de enseñanzas universitarias de sistemas educativos extranjeros y por el que se regula el procedimiento para establecer la correspondencia al nivel del Marco Español de Cualificaciones para la Educación Superior de los títulos universitarios oficiales pertenecientes a ordenaciones académicas anteriores.

Pois ben, en referencia ao alegado, cómpre lembrar que, o propio Real Decreto 967/2014, de 21 de novembro, hoxe derogado, citado polo recorrente, xa recollía na súa Disposición adicional octava. “Titulación para el ingreso en las Administraciones Públicas”, o seguinte: “Lo previsto en este real decreto no resulta de aplicación al régimen de titulaciones exigible para el ingreso en las Administraciones Públicas, que se regirá, en todo caso, por lo previsto en la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público, y el resto de su normativa específica que resulte de aplicación.”

E do mesmo xeito, hoxe en día o Real Decreto 889/2022, que substitúe ao anterior, establece na súa Disposición adicional cuarta que: “El régimen de titulaciones exigible para el ingreso en las administraciones públicas se regirá, en todo caso, por lo previsto en el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público, aprobado por el Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de octubre (TREBEP), y el resto de su normativa específica que resulte de aplicación”.

E precisamente acudindo a esta remisión ao TREBEP, o seu artigo 76, regula



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

“Grupos de clasificación profesional del personal funcionario de carrera.”

“Los cuerpos y escalas se clasifican, de acuerdo con la titulación exigida para el acceso a los mismos, en los siguientes grupos:

Grupo A: Dividido en dos Subgrupos, A1 y A2.

Para el acceso a los cuerpos o escalas de este Grupo se exigirá estar en posesión del título universitario de Grado. En aquellos supuestos en los que la ley exija otro título universitario será éste el que se tenga en cuenta.

La clasificación de los cuerpos y escalas en cada Subgrupo estará en función del nivel de responsabilidad de las funciones a desempeñar y de las características de las pruebas de acceso.”

E sen prexuízo de que para o exercicio de certas profesións reguladas concretas, se poida requirir unha titulación que non se corresponde co grao (como pode ser no caso de enxeñeiros superiores) STS 221/2019, de 21 de febrero de 2019, STS 1241/2019, de 25 de setembro de 2019.

Por todo o exposto, procede desestimar o recurso presentado.”

Ao anteriormente exposto hai que engadir que, en idénticos termos ao previsto no artigo 76 do TREBEP, o artigo 42 da Lei 2/2015, do 29 de Abril, do Emprego Público de Galicia, establece:

“Os corpos e as escalas do persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia clasifícanse nos seguintes grupos e subgrupos, consonte a titulación exigida para o acceso a eles:

a) Grupo A. Para o acceso a este grupo é necesario estar en posesión do título universitario oficial de grao, agás nos supostos en que unha norma con rango de lei exixa outro título universitario oficial.”

Por último, cabe considerar que non permitir o acceso ao proceso selectivo da referida praza aos aspirantes que posúan o Grao en Dereito podería supoñer unha vulneración do principio de libre concorrencia, principio de acceso ao emprego público que tamén debe presidir nos procesos de estabilización de emprego temporal, de conformidade co disposto polo artigo 2.4 da Lei 20/2021, do 28 de decembro.

En definitiva, á vista das consideracións que se veñen de realizar, cómpre considerar axustado a dereito o requisito de titulación previsto nas bases para o acceso á referida praza. Polo tanto, **procede propoñer a desestimación do recurso de reposición formulado por Don L. A. Riobó Veiga.**

II- SOBRE O RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POR DONA E. M. MAGADÁN MONPÓ.

Visto o citado recurso de reposición, cabe realizar as seguintes consideracións:

A recorrente solicita, en relación coa praza de Licenciado/a en Ciencias do Traballo, que para o seu acceso só se esixa a titulación de “Licenciado en Ciencias do Traballo ou

equivalente” en vez de “Grao ou titulación equivalente que habilite para o acceso á praza convocada segundo o disposto na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo”.

En primeiro lugar, cómpre sinalar que non se debe identificar a concreta denominación da praza coa titulación requirida para o seu acceso. Neste senso, cabe aclarar que a referida praza foi incluída no proceso de estabilización de emprego temporal do Concello de Vigo ao cumprir cos requisitos previstos na Lei 20/2021, do 28 de decembro. Deste xeito, a referida praza contéplase neste proceso de estabilización coa denominación de “Licenciado en Ciencias do Traballo” xa que esta é a denominación ou nomenclatura da praza que, estando dotada, veu sendo ocupada de forma temporal e ininterrompida dende antes do 1 de xaneiro de 2016; pero isto non determina que a titulación de acceso teña que ser, única e exclusivamente, a licenciatura en ciencias do traballo.

O Tribunal Supremo, na sentenza de 7 de abril de 2010, lembra que a Administración, no exercicio da súa potestade autoorganizativa, está facultada para determinar, no que respecta á titulación necesaria, cal ou cales das que capacitan para as funcións do mesmo, deben posuír quen os ocupen.

Así, na vixente RPT do Concello de Vigo, á vista do contido funcional do posto de traballo, contéplase como titulación requirida para ocupar o mesmo a de “Grao ou equivalente”.

A este respecto, cabe indicar que a recorrente tamén formulou, polo mesmo motivo, un recurso de reposición contra a configuración do posto de traballo contemplado na RPT, sendo dito recurso desestimado mediante Acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de setembro de 2023, polos seguintes motivos que cabe reiterar:

“Solicita, por último a recorrente, que se especifique ou modifique no seu caso, a titulación requirida para o posto, establecendo a vinculada á propia denominación, Licenciado/a en Ciencias do Traballo ou equivalente.

Dado que non se trata dunha profesión que conte con unha regulación especial e concreta, a titulación requirida en función do posto, axústase ao disposto no artigo 76 do TREBEP, que regula os requisitos de titulación para o ingreso como persoal ao servizo das administracións públicas:

“Los cuerpos y escalas se clasifican, de acuerdo con la titulación exigida para el acceso a los mismos, en los siguientes grupos:

Grupo A: Dividido en dos Subgrupos, A1 y A2.

Para el acceso a los cuerpos o escalas de este Grupo se exigirá estar en posesión del título universitario de Grado. En aquellos supuestos en los que la ley exija otro título universitario será éste el que se tenga en cuenta.

La clasificación de los cuerpos y escalas en cada Subgrupo estará en función del nivel de responsabilidad de las funciones a desempeñar y de las características de las pruebas de acceso.”

Polo exposto, procede desestimar o recurso presentado.”

Ao anteriormente exposto hai engadir que, en idénticos termos ao previsto no artigo 76 do TREBEP, o artigo 42 da Lei 2/2015, do 29 de Abril, do Emprego Público de Galicia, establece:

“Os corpos e as escalas do persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

Autónoma de Galicia clasifícanse nos seguintes grupos e subgrupos, consonte a titulación exixida para o acceso a eles:

a) Grupo A. Para o acceso a este grupo é necesario estar en posesión do título universitario oficial de grao, agás nos supostos en que unha norma con rango de lei exixa outro título universitario oficial."

Por outra parte, respecto das titulacións habilitantes para o desempeño dun concreto posto de traballo, a sentenza do Tribunal Supremo de 15 de abril de 2011 (RC 2273/2009), con cita da de 10 de abril de 2006, declara que sobre o principio de exclusividade e monopolo competencial prevalece o principio de liberdade de acceso con idoneidade, argumentando que a xurisprudencia foxe de consagrar monopolios profesionais en razón exclusiva do título ostentado, e mantén a necesidade de deixar aberta a entrada a todo título facultativo oficial que ampare un nivel de coñecementos técnicos suficiente. A propia sentenza menciona outras anteriores nas que se segue a mesma tendencia, sendo estas as de 13 de novembro de 2006, 2 de febreiro de 2007 e de 22 de abril de 2009.

Desta última sentenza de 22 de abril de 2009, extraemos o seguinte parágrafo: "(...) *con carácter xeral a xurisprudencia desta Sala vén mantendo que non pode partirse do principio dunha rigorosa exclusividade á mantenta da competencia dos profesionais técnicos, nin se poden reservar por principio ámbitos excluíntes a unha profesión, e aínda cando cabe a posibilidade de que una actividade concreta poida atribuírse, pola súa especificidade, aos profesionais directamente concernidos, esta posibilidade debe ser valorada restrictivamente, tendo en conta que **a regra xeral segue sendo a de rexeitamento desa exclusividade, pois, como se recolle naquela sentenza, a xurisprudencia declarou con reiteración que fronte ao principio de exclusividade debe prevalecer o de liberdade con idoneidade, xa que, ao existir una base de ensinos comúns entre algunhas ramas de ensinos técnicos, estas dotan aos seus titulados superiores dun fondo igual de coñecementos técnicos que, con independencia das distintas especialidades, permiten o desempeño de postos de traballo nos que non sexan necesarios uns determinados coñecementos senón una capacidade técnica común e xenérica que non resulta da situación específica obtida senón do conxunto dos estudos que se seguiron.***"

Por último, cabe considerar que permitir unicamente o acceso ao proceso selectivo da referida praza aos aspirantes que posúan a licenciatura de ciencias do traballo podería supoñer unha vulneración do principio de libre concorrencia, principio de acceso ao emprego público que tamén debe presidir nos procesos de estabilización de emprego temporal, de conformidade co disposto polo artigo 2.4 da Lei 20/2021, do 28 de decembro.

En definitiva, á vista das consideracións que se veñen de realizar, cómpre considerar axustado a dereito o requisito de titulación previsto nas bases para o acceso á referida praza. Polo tanto, **procede propoñer a desestimación do recurso de reposición formulado por Dona E. M. Magadán Monpó.**

III SOBRE O RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POR DONA R. NÚÑEZ HERNÁNDEZ.

Visto o citado recurso de reposición, cabe realizar as seguintes consideracións:

A recorrente solicita, en relación coa praza de Técnico/a Medio-Diplomado/a Educación Social, que para o seu acceso só se esixa a titulación de “Diplomado en Educación Social” en vez de “Grao rama ciencias sociais e xurídicas ou titulación equivalente que habilite para o acceso á praza convocada segundo o disposto na vixente Relación de Postos de Trballo do Concello de Vigo”.

En primeiro lugar, cómpre sinalar que non se debe identificar a concreta denominación da praza coa titulación requirida para o seu acceso. Neste senso, cabe aclarar que a referida praza foi incluída no proceso de estabilización de emprego temporal do Concello de Vigo ao cumprir cos requisitos previstos na Lei 20/2021, do 28 de decembro. Deste xeito, a referida praza contéplase neste proceso de estabilización coa denominación de “Técnico/a Medio-Diplomado/a Educación Social” xa que esta é a denominación ou nomenclatura da praza que, estando dotada, veu sendo ocupada de forma temporal e ininterrompida dende antes do 1 de xaneiro de 2016; pero isto non determina que a titulación de acceso teña que ser, única e exclusivamente, a diplomatura en educación social.

O Tribunal Supremo, na sentenza de 7 de abril de 2010, lembra que a Administración, no exercicio da súa potestade autoorganizativa, está facultada para determinar, no que respecta á titulación necesaria, cal ou cales das que capacitan para as funcións do mesmo, deben posuír quen os ocupen.

Así, na vixente RPT do Concello de Vigo, á vista do contido funcional do posto de traballo, contéplase como titulación requirida para ocupar o mesmo a de “Grao Rama Ciencias Sociais e Xurídicas ou equivalente”.

A este respecto, cabe indicar que a recorrente tamén formulou, polo mesmo motivo, un recurso de reposición contra a configuración do posto de traballo contemplado na RPT, sendo dito recurso desestimado mediante Acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de setembro de 2023, polos seguintes motivos que cabe reiterar:

“En segundo lugar, alega que existe na RPT unha mal configuración do posto de “educadora social”, con código 3010208 da área de Benestar Social, en canto á titulación exixida para desempeñar o posto, que vén recollida coa titulación expresada co código 102 correspondente co Grao Rama Ciencias Sociais e Xurídicas ou equivalente.

En canto a titulación exixida, D R. Núñez Hernández, presentou alegacións ás bases específicas dos Procesos selectivos destinados á execución da oferta de emprego Público de estabilización de emprego temporal do concello de Vigo (Expte 41758/220), no concreto particular de que se recolla como titulación de acceso a la praza ofertada unicamente a de Educador/a Social conforme ao expresado no escrito (doc 230200418).

Pois ben, ante a ausencia dun marco laboral definido no marco socioeducativo, as competencias académicas necesarias para o desempeño das funcións do titular do posto previsto de “Educador/a Social, atópanse no Grao en educación Social, mais tamén abrangue unha esfera máis ampla de titulacións en campos relacionados coas funcións atribuídas, como a Psicoloxía, Pedagogía Social, Psicopedagogía, Socioloxía, Antropoloxía, Traballador Social e outros grados da rama de Ciencias Sociais e Xurídicas, perfectamente compatibles co posto a desenvolver.

E dado que non se trata dunha profesión que conte con unha regulación especial e concreta, a titulación requirida en función do posto, axústase ao disposto no artigo



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

76 do TREBEP, que regula os requisitos de titulación para o ingreso como persoal ao servizo das administracións públicas:

“Los cuerpos y escalas se clasifican, de acuerdo con la titulación exigida para el acceso a los mismos, en los siguientes grupos:

Grupo A: Dividido en dos Subgrupos, A1 y A2.

Para el acceso a los cuerpos o escalas de este Grupo se exigirá estar en posesión del título universitario de Grado. En aquellos supuestos en los que la ley exija otro título universitario será éste el que se tenga en cuenta.

Polo exposto, procede desestimar o recurso presentado.”

Ao anteriormente exposto hai engadir que, en idénticos termos ao previsto no artigo 76 do TREBEP, o artigo 42 da Lei 2/2015, do 29 de Abril, do Emprego Público de Galicia (LEPG), establece:

“Os corpos e as escalas do persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia clasifícanse nos seguintes grupos e subgrupos, consonte a titulación exigida para o acceso a eles:

a) Grupo A. Para o acceso a este grupo é necesario estar en posesión do título universitario oficial de grao, agás nos supostos en que unha norma con rango de lei exixa outro título universitario oficial.”

Así mesmo, e a efectos ilustrativos, cómpre sinalar que na DA 9ª da LEPG, respecto do corpo medio da especialidade de Educador Social, se contempla o seguinte abanico de titulacións: *“Mestre ou graduado nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de mestre en Educación Primaria ou diplomado en Educación Social, ou primeiro ciclo da titulación de licenciado en Pedagogía, da titulación de licenciado en Psicología ou da titulación de licenciado en Psicopedagogía, ou graduado nunha titulación da rama de ciencias sociais e xurídicas ou da rama de ciencias da saúde equivalente a calquera das anteriores.”*

Por outra parte, respecto das titulacións habilitantes para o desempeño dun concreto posto de traballo, a sentenza do Tribunal Supremo de 15 de abril de 2011 (RC 2273/2009), con cita da de 10 de abril de 2006, declara que sobre o principio de exclusividade e monopolio competencial prevalece o principio de liberdade de acceso con idoneidade, argumentando que a xurisprudencia foxe de consagrar monopolios profesionais en razón exclusiva do título ostentado, e mantén a necesidade de deixar aberta a entrada a todo título facultativo oficial que ampare un nivel de coñecementos técnicos suficiente. A propia sentenza menciona outras anteriores nas que se segue a mesma tendencia, sendo estas as de 13 de novembro de 2006, 2 de febreiro de 2007 e de 22 de abril de 2009.

Desta última sentenza de 22 de abril de 2009, extraemos o seguinte parágrafo: *“(…) con carácter xeral a xurisprudencia desta Sala vén mantendo que non pode partirse do principio dunha rigorosa exclusividade á mantenta da competencia dos profesionais técnicos, nin se poden reservar por principio ámbitos excluíntes a unha profesión, e aínda cando cabe a posibilidade de que una actividade concreta poida atribuírse, pola súa especificidad, aos profesionais directamente concernidos, esta posibilidade debe ser valorada restrictivamente, tendo en conta que **a regra xeral segue sendo a de rexeitamento desa exclusividade**, pois, como se recolle naquela sentenza, a xurisprudencia declarou con reiteración que*

fronte ao principio de exclusividade debe prevalecer o de liberdade con idoneidade, xa que, ao existir una base de ensinos comúns entre algunhas ramas de ensinos técnicos, estas dotan aos seus titulados superiores dun fondo igual de coñecementos técnicos que, con independencia das distintas especialidades, permiten o desempeño de postos de traballo nos que non sexan necesarios uns determinados coñecementos senón una capacidade técnica común e xenérica que non resulta da situación específica obtida senón do conxunto dos estudos que se seguiron.

Por último, cabe considerar que permitir unicamente o acceso ao proceso selectivo da referida praza aos aspirantes que posúan a diplomatura en educación social podería supoñer unha vulneración do principio de libre concorrència, principio de acceso ao emprego público que tamén debe presidir nos procesos de estabilización de emprego temporal, de conformidade co disposto polo artigo 2.4 da Lei 20/2021, do 28 de decembro.

En definitiva, á vista das consideracións que se veñen de realizar, cómpre considerar axustado a dereito o requisito de titulación previsto nas bases para o acceso á referida praza. Polo tanto, **procede propoñer a desestimación do recurso de reposición formulado por Dona R. Núñez Hernández.**

IV SOBRE O ESCRITO DE ALEGACIÓNS PRESENTADO POR DONA M. DEL CASTILLO FERNÁNDEZ-PACHECO NA SÚA CONDICIÓ DE SECRETARIA DA SECCIÓN SINDICAL DA CIG NO CONCELLO DE VIGO.

Visto o citado escrito de alegacións, cabe realizar as seguintes consideracións:

En relación coas prazas de Mestre da Escola Municipal de Artes e Oficios (en adiante EMAO) solicita que se contemple, ademais da titulación que xa consta, a esixencia de coñecementos ou formación específica na propia especialidade da materia que teñen que impartir.

Neste senso, sinala que *“Ao solicitarse só unha titulación xenérica, sen coñecemento da materia a impartir, podería darse o caso que consiga a praza un/unha candidato/a que cumpre coa condición de titulación pero non teña coñecementos da materia que logo tería que impartir no centro.”*

Así mesmo, a este respecto, se traslada a esta parte informe emitido polo técnico responsable de formación de adultos en data 29/05/2023, no que se indica que:

“A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 19/05/2023, aprobou as “Bases específicas dos procesos selectivos destinados á execución da oferta de emprego público de estabilización de emprego temporal do Concello de Vigo, das prazas ofertadas polo sistema selectivo de concurso. Expte. 41758/220”.

En relación a este acordo, indícase que nas Bases non se concretan os postos de profesorado da EMAO por especialidades, polo que a súa resolución pode impedir o desenvolvemento normal da actividade formativa posterior na escola.”

Así mesmo, no citado informe detalla a concreción da especialidade que debería facerse a cada unha das prazas da EMAO nas bases específicas.

A este respecto, cómpre sinalar que, de conformidade co disposto polo artigo 55.2.e) do TREBEP, debe existir unha adecuación entre o contido das bases e as funcións ou tarefas a



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

desenvolver. Polo tanto, no presente suposto, resulta preciso concretar a especialidade de cada praza dos mestres da EMAO, xa que, de non facelo así, pode resultar aprobado un aspirante que non teña ningún coñecemento sobre a materia respecto da cal debe impartir formación, imposibilitando así o normal funcionamento da EMAO.

Polo tanto, á vista das consideracións que se veñen de realizar, **procede propoñer a estimación das alegacións formuladas por Dona M. Del Castillo Fernández-Pacheco e, en consecuencia**, a modificación das bases específicas respecto das prazas de Mestres da EMAO con número 20, 22, 23 e 24, nos seguintes termos:

-Debe detallarse a especialidade de cada unha das prazas, nos termos expostos no cadro que consta no informe emitido polo técnico responsable de formación de adultos en data 29/05/2023.

- Respecto do apartado de condicións dos/as aspirantes debe exixirse, ademais da titulación que xa consta, coñecementos ou formación específica na especialidade da praza.

É o que se informa, sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito”.

En atención a todo o exposto, visto os Recursos interpostos e as alegacións presentadas e de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Común das Administracións Públicas, e vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- De conformidade co Informe-Proposta que antecede, os informes emitidos e incorporados ao expediente 41758-220 e en base á motivación legal exposta, procede desestimar integramente en todas as súas peticións, os recursos interpostos por ; por d. L.A. Riobó Veiga, en data 30/06/23 (doc. 230200276); d^a E.M. Magadán Mompó, en data 29/06/23 (doc.230199306) e por d^a R. Núñez Hernández, en data 30/06/23 (doc 230200418); contra o acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado en sesión ordinaria de data 19/05/23, polo que se aprobaron as Bases Específicas dos Procesos selectivos destinados á execución da Oferta de Emprego Público de Estabilización de Emprego Temporal do Concello de Vigo, das prazas ofertadas polo sistema selectivo de Concurso (expte. 41758-220), (BOPPO nº 103, de data 31/05/23).

Segundo.- De conformidade con Informe-Proposta que antecede, os informes emitidos e incorporados ao expediente 41758-220 e en base á motivación legal exposta, procede estimar as alegacións formuladas por d^a. M. Del Castillo Fernández Pacheco na súa cualidade de Secretaria da Sección Sindical da CIG no Concello de Vigo, e en consecuencia modificar as bases específicas aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de data 19/05/23, (expte. 41758-220), (BOPPO nº 103, de data 31/05/23); respecto das prazas de Mestres de EMAO con número 20, 22, 23 e 24 nos seguintes termos *“Debe detallarse a especialidade de cada unha das prazas, nos termos expostos no cadro que consta no informe emitido polo técnico responsable de formación de adultos de data 29/05/23; e respecto do apartado de condicións dos aspirantes debe esixirse, ademais da titulación que xa consta, coñecementos ou formación específica na especialidade da praza.*

Terceiro.- Modificar en consecuencia, en base ao informe que antecede, o acordo de Xunta de Goberno Local de data 19/05/23, polo que se aprobaron as Bases Específicas dos Procesos selectivos destinados á execución da Oferta de Emprego Público de Estabilización de Emprego Temporal do Concello de Vigo, das prazas ofertadas polo sistema selectivo de Concurso (expte. 41758-220), (BOPPO nº 103, de data 31/05/23) nos seguintes puntos:

-Na relación de prazas, na **praza número 20.- Mestre/a Oficios EMAO** deberá detallarse a especialidade, pasando a denominarse **Mestre Oficios EMAO (Especialidade Construción Artesanal de Instrumentos Musicais)** e engadíndose que respecto do apartado de condicións dos aspirantes debe esixirse, ademais da titulación que xa consta, coñecementos ou formación específica na especialidade da praza, quedando redactado da seguinte forma:

20. MESTRE/A OFICIOS EMAO (Especialidade Construción Artesanal de Instrumentos Musicais)

I.- NÚMERO DE PRAZAS: 1.

II.- CARACTERÍSTICAS DA/S PRAZA/S: En réxime laboral, equiparada ao subgrupo A2 para os efectos de titulación. Estará dotada coas retribucións básicas correspondentes ao subgrupo A2 e as complementarias propias do posto de traballo ao que se adscriba as praza.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

III.- CONDICIÓN DAS E DOS ASPIRANTES: Ademais das que figuran na base 4ª das xerais, as/os aspirantes deberán estar en posesión do título de enxeñeiro/a técnico/a, diplomado/a universitario/a, arquitecto/a-técnico/a, F.P. 3 ou titulación equivalente que habiliten para o acceso á praza convocada segundo o disposto na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo ou estar en condicións de obtelo á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, así como coñecementos ou formación específica na especialidade da praza.

-Na relación de prazas, na **praza número 22.- Mestre/a Formación EMAO** deberá detallarse a especialidade, dividíndose a devandita praza 22 e renumerándose do número 22 ao 25, pasando a denominarse: **22. Mestre/a Formación EMAO (Especialidade Debuxo Artístico); 23. Mestre/a Formación EMAO (Especialidade Serigrafía Artística); 24. Mestre/a Formación EMAO (Especialidade Ourivaría); 25. Mestre/a Formación EMAO (Especialidade Moda e Confección);** e engadíndose que respecto do apartado de condicións dos aspirantes debe esixirse, ademais da titulación que xa consta, coñecementos ou formación específica nas especialidades da praza, e quedando redactado da seguinte forma:

22. MESTRE/A FORMACION EMAO (Especialidade Debuxo Artístico)

I.- NÚMERO DE PRAZAS: **1**

II.- CARACTERÍSTICAS DA/S PRAZA/S: En réxime funcional, enmarcadas no Grupo C, subgrupo C1; Escala, Administración especial; subescala cometidos especiais. Estarán dotada coas retribucións básicas correspondentes ao subgrupo C1 e as complementarias propias do posto de traballo ao que se adscriba as praza.

III.- CONDICIÓN DAS E DOS ASPIRANTES: Ademais das que figuran na base 4ª das xerais, as/os aspirantes deberán estar en posesión do título de título de bacharelato superior, F.P II ou titulación equivalente que habiliten para o acceso á praza convocada segundo o disposto na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo ou estar en condicións de obtelo á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, así como coñecementos ou formación específica na especialidade da praza.

23. MESTRE/A FORMACION EMAO (Especialidade Serigrafía Artística)

I.- NÚMERO DE PRAZAS: **1**

II.- CARACTERÍSTICAS DA/S PRAZA/S: En réxime funcional, enmarcadas no Grupo C, subgrupo C1; Escala, Administración especial; subescala cometidos especiais. Estarán dotada coas retribucións básicas correspondentes ao subgrupo C1 e as complementarias propias do posto de traballo ao que se adscriba as praza.

III.- CONDICIÓN DAS E DOS ASPIRANTES: Ademais das que figuran na base 4ª das xerais, as/os aspirantes deberán estar en posesión do título de título de bacharelato superior, F.P II ou titulación equivalente que habiliten para o acceso á praza convocada segundo o disposto na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo ou estar en condicións de obtelo á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, así como coñecementos ou formación específica na especialidade da praza.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

24. MESTRE/A FORMACION EMAO (Especialidade Ourivaría)

I.- NÚMERO DE PRAZAS: **1**

II.- CARACTERÍSTICAS DA/S PRAZA/S: En réxime funcionarial, enmarcadas no Grupo C, subgrupo C1; Escala, Administración especial; subescala cometidos especiais. Estarán dotada coas retribucións básicas correspondentes ao subgrupo C1 e as complementarias propias do posto de traballo ao que se adscriba as praza.

III.- CONDICIÓN DAS E DOS ASPIRANTES: Ademais das que figuran na base 4ª das xerais, as/os aspirantes deberán estar en posesión do título de bacharelato superior, F.P II ou titulación equivalente que habiliten para o acceso á praza convocada segundo o disposto na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo ou estar en condicións de obtelo á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, así como coñecementos ou formación específica na especialidade da praza.

25. MESTRE/A FORMACION EMAO (Especialidade Moda e Confección)

I.- NÚMERO DE PRAZAS: **1**

II.- CARACTERÍSTICAS DA/S PRAZA/S: En réxime funcionarial, enmarcadas no Grupo C, subgrupo C1; Escala, Administración especial; subescala cometidos especiais. Estarán dotada coas retribucións básicas correspondentes ao subgrupo C1 e as complementarias propias do posto de traballo ao que se adscriba as praza.

III.- CONDICIÓN DAS E DOS ASPIRANTES: Ademais das que figuran na base 4ª das xerais, as/os aspirantes deberán estar en posesión do título de bacharelato superior, F.P II ou titulación equivalente que habiliten para o acceso á praza convocada segundo o disposto na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo ou estar en condicións de obtelo á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, así como coñecementos ou formación específica na especialidade da praza.

_Na relación de prazas, na **praza número 23.- Mestre/a Formación EMAO** deberá detallarse a especialidade, dividíndose a devandita praza 23 e renumerándose do número 26 ao 28 pasando a denominarse 26. **Mestre/a Formación EMAO (Especialidade Escultura e Talla en Madeira); 27. Mestre/a Formación EMAO (Especialidade Deseño e Encaixe de Palillos); 28. Mestre/a Formación EMAO (Especialidade Cerámica Artística)** ; engadíndose que respecto do apartado de condicións dos aspirantes debe esixirse, ademais da titulación que xa consta, coñecementos ou formación específica nas especialidades da praza, e quedando redactado da seguinte forma:

26. MESTRE/A FORMACION EMAO (Especialidade Escultura e Talla en Madeira)

I.- NÚMERO DE PRAZAS: **1**

II.- CARACTERÍSTICAS DA/S PRAZA/S: En réxime laboral, equiparada ao subgrupo C1 para os efectos de titulación. Estará dotada coas retribucións básicas correspondentes ao

subgrupo C1 e as complementarias propias do posto de traballo ao que se adscriba as praza.

III.- CONDICIÓN DAS E DOS ASPIRANTES: Ademais das que figuran na base 4ª das xerais, as/os aspirantes deberán estar en posesión do título de bacharelato superior, F.P II ou titulación equivalente que habiliten para o acceso á praza convocada segundo o disposto na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo ou estar en condicións de obtelo á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, así como coñecementos ou formación específica na especialidade da praza.

27. MESTRE/A FORMACION EMAO (Especialidade Deseño e Encaixe de Palillos)

I.- NÚMERO DE PRAZAS: 1

II.- CARACTERÍSTICAS DA/S PRAZA/S: En réxime laboral, equiparada ao subgrupo C1 para os efectos de titulación. Estará dotada coas retribucións básicas correspondentes ao subgrupo C1 e as complementarias propias do posto de traballo ao que se adscriba as praza.

III.- CONDICIÓN DAS E DOS ASPIRANTES: Ademais das que figuran na base 4ª das xerais, as/os aspirantes deberán estar en posesión do título de bacharelato superior, F.P II ou titulación equivalente que habiliten para o acceso á praza convocada segundo o disposto na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo ou estar en condicións de obtelo á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, así como coñecementos ou formación específica na especialidade da praza.

28. MESTRE/A FORMACION EMAO (Especialidade Cerámica Artística)

I.- NÚMERO DE PRAZAS: 1

II.- CARACTERÍSTICAS DA/S PRAZA/S: En réxime laboral, equiparada ao subgrupo C1 para os efectos de titulación. Estará dotada coas retribucións básicas correspondentes ao subgrupo C1 e as complementarias propias do posto de traballo ao que se adscriba as praza.

III.- CONDICIÓN DAS E DOS ASPIRANTES: Ademais das que figuran na base 4ª das xerais, as/os aspirantes deberán estar en posesión do título de bacharelato superior, F.P II ou titulación equivalente que habiliten para o acceso á praza convocada segundo o disposto na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo ou estar en condicións de obtelo á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, así como coñecementos ou formación específica na especialidade da praza.

-Na relación de prazas na **praza número 24.- Mestre/a Formación EMAO** deberá detallarse a especialidade, pasando a denominarse **29. Mestre/a Formación EMAO (Especialidade Artesanía en Coiro)** renumerándose a devandita praza 24 ao número 29; e engadíndose que respecto do apartado de condicións dos aspirantes debe esixirse, ademais da titulación que xa consta, coñecementos ou formación específica nas especialidades da praza, e quedando redactado da seguinte forma:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

29. MESTRE/A FORMACION EMAO (Especialidade Artesanía en Coiro)

I.- NÚMERO DE PRAZAS: 1.

II.- CARACTERÍSTICAS DA/S PRAZA/S: En réxime laboral, equiparada ao subgrupo C1 para os efectos de titulación. Estará dotada coas retribucións básicas correspondentes ao subgrupo C1 e as complementarias propias do posto de traballo ao que se adscriba as praza.

III.- CONDICIÓN DAS E DOS ASPIRANTES: Ademais das que figuran na base 4ª das xerais, as/os aspirantes deberán estar en posesión do título de bacharelato superior, F.P II ou titulación equivalente que habiliten para o acceso á praza convocada segundo o disposto na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo ou estar en condicións de obtelo á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, así como coñecementos ou formación específica na especialidade da praza.

Cuarto.- Ordenar a publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e diarios oficiais que correspondan, aos efectos da preceptiva publicidade.

Quinto.- Notificar o presente acordo aos recorrentes, significándolles que contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(48).- NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS EN PRÁCTICAS, CON CARGO A 9 PRAZAS VACANTES POR QUENDA E OPOSICION LIBRE DE POLICIA LOCAL. Expte. 43506/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 26/01/2024, dáse conta do informe-proposta de data 25/01/2024, asinado pola técnica media de Relacións Laborais, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- En data 30 de maio de 2022 asínase convenio entre o Concello de Vigo e a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo da Xunta de Galicia para asunción polo Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de policía local, e ás praza de auxiliares de policía local ou vixiantes municipais, polo que as ditas prazas pasarán a tramitarse na súa totalidade pola Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP).

II.- Con data 29/12/2022, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, adoptou o acordo de aprobación da Oferta de Emprego Público 2022 -exped. 39061/220- (publicacións oficiais no BOP núm. 249 de data 30/12/2022 e DOG núm. 24 de 03/02/2023).

III.- Con data 05 de maio de 2023 publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG núm. 86) a orde pola que se convocaba o proceso selectivo de acceso por oposición libre nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de policía. Esta convocatoria incluía 13 (9 pola quenda libre e 4 por mobilidade horizontal) prazas de Concello de Vigo e se inclúen as bases que rexerán o proceso selectivo unitario convocado para o acceso e ingreso nos corpos da Policía Local de Galicia.

IV.- Con data de 24 de xaneiro de 2023, a Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), remitiu ao Concello de Vigo "Proposta de nomeamento como funcionarios en prácticas do Concello de Vigo, categoría de policía, proceso de acceso por oposición libre nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de policía." Na referida proposta consta que: "*Con data 20/01/2024 o Tribunal designado para cualificar o proceso selectivo antes citado, remitiu á Academia Galega de Seguridade, a relación de persoas aprobadas no proceso de acceso por oposición libre na categoría de policía e unha listaxe de reserva no que figuran aquelas persoas que, aínda que superaron as probas do proceso selectivo, non resultaron aprobadas por obteren unha puntuación inferior á da última persoa que obtivo praza.*"

De acordo co establecido nas bases da convocatoria, con data 20 de xaneiro de 2024 o director Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública convocou ás persoas aspirantes do proceso de acceso por oposición libre que figuran no Anexo da dita resolución ao acto de elección de praza. O dito acto tivo lugar o 23 de xaneiro de 2024 na sede da Agasp.

Como resultado deste acto, a proposta das persoas designadas para ocupar as prazas vacantes do proceso de acceso por oposición libre no seu concello é a seguinte:

NOME E APELIDOS	DNI
Alvarez Ruzo, G.	***7643**
Otero Ferreiro, C.M.	***8969**
Barreiro de la Campa, M.S.	***8409**
Ruibal Pereiras, A.	***6042**
López Pérez, M.	***9322**



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

Cobelas Codias, J.	***5972**
Gomez Silva, A.	***7572**
Bea Cacabelos, R.	***2969**
Piñeiro Graña, S.	***1930**

V.- Consta informe da AGASP de cumprimento dos requisitos esixidos para o nomeamento como persoal funcionario en prácticas, escala básica, categoría de policía dos Corpos das policía locais de Galicia cido na Lei 4/2007, do 20 de abril de coordinación de policía locais e normativa que a desenvolve.

VI.- Consta informe de verificación administrativa segundo o cal: *“Consta no expediente administrativo a documentación achegada polos aspirantes: Alvarez Ruzo, G., con DNI ***7643**, Otero Ferreiro, C.M., con DNI ***8969**, Barreiro de la Campa, M.S., con DNI **8409, Ruibal Pereiras, A., con DNI ***6042**, López Pérez, M., con DNI ***9322**, Cobelas Codias, J., con DNI ***5972**, Gomez Silva, A., con DNI ***7572**, Bea Cacabelos, R., con DNI ***2969** e Piñeiro Graña, S., con DNI ***1930**, que foi debidamente revisada e contrastada, sendo a mesma a necesaria para o correcto acceso ao emprego público dos dítos aspirantes.”.*

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- Normativa de aplicación

A) -Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”

- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión*

entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución."

B) No ámbito da **Policía local** a Constitución española recolle no título VIII, artigo 148.1º.22, como unha das competencias que poderán asumir as comunidades autónomas, a coordinación e demais facultades relacionadas cas policía locais, nos términos que estableza unha ley orgánica. Neste marco, a Lei orgánica 2/1986, de 13 de marzo, regula no seu artigo 39 as competencias das comunidades autónomas.

De conformidade coas mencionadas disposicións, e no ámbito das competencias asumidas pola Comunidad Autónoma de Galicia, se promulgou a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais. Ase mesmo é de aplicación o Decreto 15/2023, de 12 de xaneiro de desarrollo di dita Lei de coordinación



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

A base 8.3 da Orde de data 19 de abril de 2023 publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG núm. 86) pola que se convocaba o proceso selectivo de acceso por oposición libre nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de policía dispón que:

“Unha vez acreditada a posesión dos requisitos exixidos, e inmediatamente antes do comezo do curso selectivo de formación, as persoas aspirantes serán nomeadas persoal funcionario en prácticas mediante resolución da correspondente alcaldía, que se publicará no Boletín Oficial da provincia (BOP).

As persoas así nomeadas permanecerán na dita situación dende o comezo do curso selectivo ata que se produza o seu nomeamento como persoa funcionaria de carreira ou a súa exclusión do proceso.

O curso selectivo de formación será convocado a través de resolución da Dirección Xeral da Agasp en que se indicará a data de inicio ...”

O apartado 8.4. relativo ao curso selectivo de formación: *“As persoas aspirantes aprobadas deberán superar un curso selectivo de formación teórico-práctico na Agasp como requisito indispensable para acceder á condición de persoal funcionario de carreira na categoría de policía, escala básica, de conformidade co disposto no artigo 36 da Lei 4/2007, do 20 de abril e nos artigos 51 a 55 del Decreto 15/2023, de 12 de xaneiro.*

Só estarán dispensadas de realizar o devandito curso aquelas persoas que xa o superasen con anterioridade na Agasp. En tal caso, serán nomeadas directamente persoal funcionario de carreira na categoría de policía.

No caso da non incorporación ao curso ou de abandono deste sen rematalo, salvo por causas excepcionais, considerarase que a persoa aspirante non superou o proceso.

O alumnado que non supere o curso teórico-práctico na Agasp, incluídas as probas de carácter extraordinario, perderá todos os dereitos alcanzados no proceso....”

II.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.
- c) La intervención material del pago.
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

III.- Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023, acordo da Xunta de Goberno Local de 22/06/23.

V.- PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO.- Nomear como persoal funcionario en prácticas aos aspirantes contidos na proposta remitida pola AGASP: “Proposta de nomeamento como funcionarios en prácticas do Concello de Vigo, categoría de policía, proceso de acceso por oposición libre” correspondentes a OEP 2022, comunicada ao Concello de Vigo o 24 de xaneiro de 2023:

• NOME E APELIDOS	• DNI
• Alvarez Ruzo, G.	• ***7643**
• Otero Ferreiro, C.M.	• ***8969**
• Barreiro de la Campa, M.S.	• ***8409**
• Ruibal Pereiras, A.	• ***6042**
• López Pérez, M.	• ***9322**
• Cobelas Codias, J.	• ***5972**
• Gomez Silva, A.	• ***7572**
• Bea Cacabelos, R.	• ***2969**
• Piñeiro Graña, S.	• ***1930**

SEGUNDO.- Dispoñer que as persoas nomeadas deberán superar o curso selectivo de formación teórico-práctico previsto na base 8.4 da convocatoria (Orde de 19 de abril de 2023-DOG núm. 86) como requisito indispensable para acceder á condición de persoal funcionario de carreira na categoría de policía, escala básica. No caso da non incorporación ao curso ou de abandono deste sen rematalo, salvo por causas excepcionais, considerarase que a persoa aspirante non superou o proceso perdendo todos os dereitos alcanzados.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1619/1102

TERCEIRO.- Proceder a publicación na BOPPO e notificar o presente acordo ás persoas interesadas, á Intervención Xeral Municipal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

CUARTO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(49).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez